

## NOTAS SOBRE O LÉXICO DE JOSÉ CRECENTE VEGA EN *CODESEIRA*

*Xosé María Carballeira Anllo*

IESP de Ourense

### 0. UNHA BREVE NOTA INTRODUTORIA

Trátase como xa indica o título do relatorio dunha análise da lingua empregada por José Crecente Vega en *Codeseira* basicamente desde o plano léxico-semántico e desde a perspectiva da lingua na actualidade. Queda para outra ocasión un estudio polo miúdo dos aspectos máis estrictamente gramaticais do texto.

O non dispoñer da primeira edición da obra<sup>1</sup> fixo imposible unha análise comparativa especialmente no que se refire a un estudio das posibles modificacións e/ou correccións e, sobre todo, ó tratamento dalgunhas formas ou solucións.

Desa lectura e análise do léxico pódense adiantar algúns trazos que resaltan xa a primeira vista e dos que de seguido vou dar conta de xeito máis detallado.

- Tendo en conta a extensión da obra –relativamente breve– o léxico empregado é variado e rico.
- A maior parte del (88%) é un léxico común que se pode cualificar sen grandes problemas como estándar, mesmo atendendo ó concepto actual deste termo.
- A presenza de voces estrañas ó galego é absolutamente minoritaria: os castelanismos aproxímanse ó 3,5% e os hipergaleguismos andan ó redor do 0,5%.
- Non chega tampouco ó dez por cento (7,95%) a porcentaxe de voces de procedencia claramente dialectal ou alteradas por algún fenómeno de tipo fonético.
- Iso significa que aproximadamente o 96% do léxico é plenamente galego.

<sup>1</sup> A feita na Imprenta do Seminario Conciliar de Santiago de Compostela en 1933.

## 1. ¿SUPRADIALECTALISMO OU ESTÁNDAR?

No léxico de *Codeseira* obsérvanse elementos que pertencen inequivocamente á zona lingüística do autor –a Chaira luguesa<sup>2</sup>–: *alboio* ‘alpendre’, *carroula* ‘xoguete infantil’, *furado* ‘burato’, *coda* ‘códea’, *marelo* ‘amarelo’, *raño*, *teipa* ‘toupa’, a carón de outros que son absolutamente estraños para esa zona, uns de carácter léxico: *eira*, *eido*, *eito*, *fento*, *milllo*, *ninguén*, *pór*; e outros de tipo morfosintáctico:

- *ti*, como forma tónica de suxeito do pronome de 2ª persoa,
- *vós*, como forma tónica de suxeito do pronome de 5ª persoa,
- a solución *-án* en voces como *gran*<sup>3</sup>, *irmán*, *vrân*,
- a existencia, de forma esporádica, de seseo prenuclear: *avesiña* (Coma o teu repinicar/ aquela azul avesiña / foise perdendo no âr. 64.2); ou posnuclear: *rapás*<sup>4</sup>, *tisnar*, *paspallar*, *parés*.

Esta mestura de elementos pertencentes a áreas lingüísticas diferentes, froito probablemente do seu coñecemento directo<sup>5</sup> ou das súas lecturas, pode explicarse como unha certa tendencia á elaboración ou emprego dun galego común literario que transcenda a situación dialectal e, en certa forma, anormativa, propia da lingua da época. Intento común a outros escritores desta e anteriores épocas, probablemente alimentado polas lecturas do autor.

## 2. CASTELANISMOS

A presenza de formas caracterizables como castelanismos é escasa. A penas un 3,5% dos termos empregados polo autor responden a esa cualificación. Dentro deles hai que distinguir varias formas:

### Castelanismos de orixe gramatical

- modificación do xénero: a forma *cortinaxe*<sup>6</sup> en ...que estás sèmpre acariniando / co-as tuas frescas mauñas / as paredes do silencio / e os cortinaxes da brisa (79.14); \**o arbore* por a árbore (...entre os arbres barulleiros. 77.3).

<sup>2</sup> José Crecente Vega naceu en Santa María de Outeiro, concello de Castro de Rei (Lugo) en plena Terra Chá o ano 1896 e morreu en Segovia en 1948.

<sup>3</sup> En contraste tamén aparece a forma *grao*, aínda que sexa máis frecuente *gran*:...roi o grao louro e duro (26.12).

<sup>4</sup> Sen embargo ofrece noutro contexto *rapaza*: As rapazas do lugar / van-o mantendo de esmòla (70.11).

<sup>5</sup> Polos seus estudos e pola súa condición de sacerdote tivo que estar en contacto con falantes de diferentes zonas de Galicia: Xubia, Narón, Santiago de Compostela, Mondoñedo foron algúns dos lugares nos que se desenvolveu a súa actividade e nos que probablemente adquiriu algúns destes termos ós que se alude.

<sup>6</sup> Non é unha solución sistemática como demostra a forma *pelaxe*: (*hei-te pôr de boa pelaxe*...14.11).

- emprego como reflexivas de formas verbais non reflexivas en galego: *pandear*: (Cando o seu dono a acariña / pandéase, e tan queda / se queda coma unha pèdra. 13.11); *durmir*: (Detrás dos curros, no fondal da veiga, / a carballeira dórmese. 37.2).
- emprego da perífrase ir+ inf. coa preposición a como nexo (...xa amosan cando a man vai a collel-as. 55.6).

Tratamento á parte merece a construción dos posesivos que, moi frecuentemente, presenta unha estrutura *posesivo* + *substantivo* sen o artigo inicial preceptivo no galego común. Sendo unha fórmula tan propia do galego resulta estraño que esta norma sexa transgredida en tantas ocasións. Despois dunha análise pormenorizada desas construcións e os seus contextos vese que, do total, un 30% corresponde á estrutura *posesivo* + *substantivo*, e o 70% á de *artigo* + *posesivo* + *substantivo*.

Dese 30% hai que excluí-las que corresponden a estruturas que no estándar galego se constrúen sen artigo: exclamacións (¡Bendita Nosa Señora!), con nomes de parentesco (meus irmáns, sua nai,...). O resto hai que explicalo por razóns métricas: a presenza do artigo en tódolos casos suporía unha sílaba máis, innecesaria para a métrica do verso.

### Castelanismos ortográficos

Só se detecta un caso: *\*barrer* por *varrer* (Xa barre o forno o basallo / de loureiro. 23.7). Tamén se podería incluír neste apartado a tendencia sistemática a colocar til nos ditongos decrecentes finais.

En calquera caso é preciso ter en conta que a análise está partindo da perspectiva da existencia dun estándar no galego actual, no que, por outra parte, algúns dos desvíos comentados son solucións relativamente novas.

### Castelanismos léxicos

Atópanse en escaso número e presentan diferentes formas:

#### *Termos adaptados á estrutura lingüística do galego*

- **fonética**: *\*lexos* por lonxe; con emprego máis frecuente da forma castellanizada: (¿pra onde vou, preguntades? / -Là pra lexos, moi lexos. 82.10); *\*parexa* por parella (E parexas de lèdos paxariños / agrúchanse , piando / na quéntura dos pinos. 35.6). *\*sabandixa* por píntega (...co cantar das sabandixas. 78.14).
- **léxico-fonética**: *\*parpadexar* por palpebrexar (Bendito o parpadexar da lampariña devóta... 75.1); ou *\*lampariña* por lampadiña.

#### *Formas híbridas, as que presentan unha mestura das dúas linguas*

*\*arrededor*<sup>7</sup> por arredor (...e rinse e falan / arredor do remòl. 23.13); *\*siñal* por sinal (Xa hai siñales de fartura. 24.6).

<sup>7</sup> Noutros contextos, sen embargo, figura a forma correcta galega *arredor*. (...das silvas que medraban arredor. 49.7).

### Formas plenamente castelás

\**Batir* por bater (Vèntiño das azas longas, / sèmpre a batir, a batir. 66.2) \**campana*<sup>8</sup> por campá (Toca às Avemarias a campana da aldea... 36.4); \**hasta*, \**hastra* por ata; \**romería* por romaría (Ti viñas da romería, 94.3); \**salir* por saír (O sol que sale da furada. 59.3); \**solo* por só (...entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sòlo. 11.3); e \**vereda* por vereia (a auga de trebón limpa a vereda. 92.12).

Como se pode comprobar, trátase en case tódolos casos de formas que aínda na actualidade seguen formando parte da fala propia de rexistros coloquiais.

### 3. POPULARISMOS

Emprego aquí este termo para designar formas que presentan algunha alteración fonética na súa estrutura e que adoitan ser catalogadas tamén como vulgarismos.

Son formas afectadas por fenómenos de adición ou supresión de sílabas. Entre os de adición pódense sinalar:

- **Prótese:** adición dunha sílaba no inicio da palabra; neste caso sempre é a vocal a- : \**amacicar* por macicar (...e cando oièu amacicar no toxo... 30.5); \**amostrar*<sup>9</sup> por mostrar (...amostras a quèn te mira... 77.4); \**apodrecer* por podrecer (Bendita cruz xa vèlla / que ô vènto, â auga, ô sol, / non apodreçe nunca. 85.19); \**apousar* por pousar (...hastra que atòpa unha flor / nunca se quèr apousar. 96.12).
- **Epéntese:** inclusión dunha vocal antihiática; sempre se trata do -i- entre dúas vocais que están en situación de hiato: \**ceio* por ceo (O sol ardía no cèio. 87.2); \**oièu* por oeu=oiú (...e cando oièu amacicar no toxo... 30.5); \**ideia* por idea (...a sombra dunha idea na mirada... 30.2).

Entre os fenómenos de supresión recóllense os seguintes:

- **Aférese:** perda da sílaba inicial da palabra: \**garimoso* por agarimoso (...un garimoso roular. 70.2); \**ña* por miña (Mais... ñas ansias de poeta / ti non-as rimas, fontaña. 78.21); \**là* por alá (...là vai pensando sin pensar en nada. 30.4).
- **Síncope:** perda dun fonema ou unha sílaba no interior da palabra. É o fenómeno deste tipo máis frecuente no poemario. Rexístrase nas formas: \**arbore* por árbore (...entre os arbres barulleiros. 77.3); \**croar* por coroar (...todas croadas de espiñas. 78.16); \**dreito*<sup>10</sup> por dereito (os pelos drei-

<sup>8</sup> Obsérvase, sen embargo, a presenza da forma *campaña* nun contexto moi próximo (...lámben-se duas vacas tocando as campañas. 36.6).

<sup>9</sup> Probable resultado do cruzamento entre *amosar* e *mostrar*.

<sup>10</sup> Tamén se rexistra a forma plena *dereito* (...de frèba moi limpa, dereita, sin nós. 15.6).

tos co frío. 9.4); \**espranza* por esperanza (E unha espranza no peito. 83.1); \**parcer*<sup>11</sup> por parecer (...veciños que, ô parcer, bèn se querían... 47.3); \**pro*<sup>12</sup> por pero (Pro no-é pol-o bèn que canto... 10.7). Finalmente a forma sincopada da preposición pra.

- **Apócope:** afecta a formas que perden a súa sílaba final -de: \**claridá* por claridade (...a claridá dos teus òllos. 77.5); \**escuridá* por escuridade (o lume do vagalume que aluma na escuridá. 74.18); \**señardá* por señardade no título dun dos poemas.

Máis infrecuente resulta o apócope que se rexistra en formas como \**follax*<sup>13</sup> por follaxe (verde e espeso o follax-leito das pegas. 37.7) ou \**tranquil* por tranquilo (...pace tranquil no curro e todo o raña. 29.2), con perda da vocal final. É un fenómeno pouco habitual, pero non estraño no nivel vulgar e no rexistro coloquial da lingua.

Dentro deste epígrafe denominado xenericamente popularismos habería que dar razón tamén dalgúns fenómenos de alteración vocálica e consonántica.

Rexístrase algún caso de **harmonización vocálica**: \**pequiniño* por pequeniño (Mentras súa nai non-o beixa / o pequeniño non anda. 69.4); \**pirguiceiro* por preguiceiro tamén con metátese do *r* (Os sapos pirguiceiros... 35.1); \**repinicar* por repenicar (Coma o teu repinicar / aquela azul avesiña / foise perdendo no ár. 64.1); \**surrir* por sorrir (E surrriu, e rezou. 84.20) e de **metátese**: o xa comentado de \**pirguiceiro* por preguiceiro e \**pròbe* por pobre (Por ti de pròbe hei salir... 14.1).

Como sinalaba máis arriba moitas de estas formas son de uso frecuente nos rexistros coloquiais da nosa fala.

#### 4. HIPERGALEGISMOS

Son moi pouco abundantes respecto do total do léxico e corresponden sempre a termos con forma semellante no castelán, polo que poderían explicarse claramente como efectos do diferencialismo.

Así \**brilar* por brillar (Dixo o mèrlo: -¡Cómo brila!. 87.3); \**cristaiño* por cristalino (...eu ben sei que ti consonas / esas notas critaiñas... 78.8); \**chouza* por choza (Da chouza nun escuro corrulliño... 43.1); \**inmobre* por inmóbil (¿Qué fai sin xenegarse, sèmpre inmobre?. 40.1); \**montesiño,-a* por montesío (¿Quién me dera respirar teus arumes montesiños... 10.3); \**prantar* por plantar (E prantou a floriña ventureira... 50.6);

<sup>11</sup> Recóllese tamén a forma *parés* (parés un gran xigante que caui ferido...39.5) con apócope e seseo posnuclear, pero sen síncope.

<sup>12</sup> Tamén se rexistra a forma plena *pero* (...pèro dará-me o sol. 44.8).

<sup>13</sup> Aparece tamén a forma plena *follaxe* (...entre o follaxe espeso das silvas e loureiros. 35.8).

\**segredo*<sup>14</sup>, -a por secreto, -a (A forza segreda. 81); \**supricante* por suplicante (Bota unha mirada ô ceio / supricante e reverente... 20.7); *tépido*<sup>15</sup> por tépedo (Mañán tépida de outono... 19.1).

## 5. OS SEMICULTISMOS

Dentro da tónica xeral de emprego dun galego moi próximo a un estándar, cómpre de-terse aínda que sexa brevemente, polo pouco usual que resulta nos escritores da época, no correcto uso que fai o autor dos semicultismos. Así, agás algún hipergaleguismo xa comentado anteriormente, rexístranse maioritariamente formas semicultas tratadas con absoluta corrección normativa: *branco* (Ceibe a tua boca grande / branca nève miudiña. 27.6); *brando* (Xa está no tendal a masa / en brandos pas repartida. 23.4); *fraco* (E an-que hoxe é unha pataca / e coma os caínzos fraca... 13.6); *frauta* (Os sapos pirguiceiros... salen a tocar a frauta âs veiras dos camiños... 35.3); *nobre* (¿Quizais se lembra dun pasado nobre?. 40.2); *pracer* (A min prácen-me as follíñas... 53.1), (¿con qué pra-cer te aloumiño... 14.5); ou *sopro* (O teu sopro voandeiro,... 27.13).

## 6. PLANO LÉXICO-SEMÁNTICO

Hai un trazo léxico-semántico que merece unha pouca de atención. Trátase da presenza de parellas de palabras de significa afin ou idéntico e que coas que se pode establecer distintos grupos a partir das súas semellanzas:

### Formas lexicamente próximas e semanticamente idénticas

*Alumar/alumear* (e *alumeador*) (Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que aluma na escuridá. 74.18) / (...un nõvo sol alumea; 19.2); *despertar/espertar* (Todo de-spèrta do sono / tranquil da noite serea... 19.3) / (O monte pol-a ría está encantado / e deitado a soñar, no-espèrta nunca. 40.6); *amarelo/marelo*: (Flores de toxo, floriñas, / pe-quiníñas, amarèlas. 55.3). / (Fèntiño prisioneiro, / que esvaído e triste / e marèliño, o pròbe, coma a cera... 43.5); *gran/grao*: (Hoxe foi dia de malla / e hai grandes pilas de gran / ben cubèrtiño de palla. 22.3) / (...roi o grao louro e duro. 26.12).

Trátase en xeral de escollas condicionadas polo contexto métrico ou por unha razón puramente estilística. En tódolos casos a diferenca entre as dúas formas da parella é diatópica: entre a forma propia da lingua da zona do autor (*alumar*, *despertar*, *marelo*, *grao*) e outras doutra zona (*alumear*, *espertar*, *amarelo*, *gran*).

<sup>14</sup> Rexistra tamén a forma correcta do substantivo *segredo* (Si no-atòpo compañia / lèvo a dos meus segredos. 83.21).

<sup>15</sup> Podería tamén clasificarse como lusismo.

### Formas lexicamente diferenciadas e semanticamente idénticas

*Beizo/labio* (Eu sei que o gado, alangreando, / cando o ceibo da cortiña / pilla o camiño da fonte, / mète os beizos na túa pía... 80.4) (Teño os labios degresados... 80.9); *beixar* (e *beixo*)/*bicar* (Méntras sua nai non-o beixa / o pequiniño non anda. 69.3); *maínzo/millo* (Tèrras onde coller, si axuda a sòrte, / o maínzo a fartar, trigo e patacas; 17.6), (...hei'te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha... 14.2); *pinga* (e *pingota*)/*gota* (Que inda teño / unhas gotas de sangue / rebulindo e fervendo. 82.18) / (bendita a pinga de orballo / que trème na hèrbiña verde... 74.13).

Agás a parella *beizo/labio* na que se observa unha evidente intención diferenciadora produto dunha situación diglósica, xa que *beizo*, termo propio galego correspondente co castelán 'belfo', alude ó do animal (Eu sei que o gado, alangreando, / cando o ceibo da cortiña / pilla o camiño da fonte, / mète os beizos na túa pía... 80.4), mentres que *labio*, forma coincidente coa castelá, refírese ó da persoa (Teño os labios degresados... 80.9).

No resto dos casos a utilización dunha ou doutra forma obedece a razóns de escolla estilística do autor entre termos claramente sinónimos, ou, por mellor dicir, homosémi-cos producidos por variante diatópica<sup>16</sup>.

### Confluencia de formas pertencentes a niveis ou sistemas diferentes

Trátase, nestes casos, de parellas de formas nas que se opón: ben unha forma galega a un castelanismo: *\*arrededor/arredor* (...e rinse, e falan / arredor do remòl, 23.13. / (cinta branda d'arredor da tua cintura; 26.18); *lonxe*/\**lexos*: (Quén queira chegar bèn lonxe / ¡cántas vòltas ten que ir dando!. 96.15) / (¡pra ónde vou, preguntades? / -Là, pra lèxos, moi lèxos... 82.10); ou ben unha forma estándar a un popularismo: *de-reito*/\**dreito*: (Quèro unha aguillada (...) de freba moi limpa, de reita sin nós. 15.6) / (tél-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío. 9.4); *ninguén*/\**naide*: (Pro ningún pensa que medróu bastante... 48.5) / (E a min porque chòran, chòran, / sin que seipa nada naide. 53.4).

Probablemente a falta de uniformidade que denotan estes últimos casos se deba á carencia dunha lectura correctora por parte do autor ou á diferente intención que puido presidi-la elaboración do poemario ó longo de diferentes épocas.

## 7. ALGÚN CASO DE INCONSECUENCIA SEMÁNTICA

Obsérvanse dous casos, ligados entre si, dunha clara incoherencia semántica. Trátase de *arume*, empregado polo autor co significado de 'recendo', 'olor' (dan-lle seu arume as flores, / sombra e caricia as hèrbas, 68.3) ou de 'aire' 'atmosfera' (quèn me dèra respirar

<sup>16</sup> Vidal Lamiquiz: *Lengua Española*. Ariel, Barcelona, 1987, p. 218.

/ teus arumes montesiños / na limpeza do teu âr, 10.3). É máis que probable que se trate dun cruzamento entre *arume* e *aroma* na súa acepción de ‘recendo agradable’ou, seguramente, produto dunha mala comprensión na lectura do poema de Pondal. En calquera caso queda moi lonxe do significado propio ‘folla do piñeiro’.

Outro caso, como dicía, ligado ó anterior é o da forma derivada *arumante*, de probable invención do autor. Emprégao co significado de ‘recendente’ ‘aromante’ (a pròbe flor tristeira / di-lle, toda arumante e mimosiña... 50.17).

Un cruzamento ortográfico-léxico-semántico debe ser tamén o que se produce na palabra *avenza* = avinza que o autor emprega co significado de ‘gando miúdo’ no canto de *habenza* < lat. HABENTIA.

En fin, poden ser todos eles casos de transferencia semántica por proximidade dos lexemas, aínda que os sentidos cos que os emprega o autor sexan totalmente diferentes. En calquera caso, parecen ‘inconsecuencias’ dificilmente xustificables nunha persoa, como é o caso do noso autor, á que se lle supón unha profunda formación latinista.

## 8. UNHA NOTA SOBRE AS CONVENCIONS ORTOGRÁFICAS QUE EMPREGA O AUTOR

Cómpre indicar antes de nada que a intención que parece guiar ó autor no emprego dunha ortografía determinada é a de lograr unha representación da lingua da forma máis fonética posible, marcando aqueles trazos fonéticos que el considera relevantes (timbre vocálico, encontros de vocais, etc.) con algún tipo de marca gráfica.

Representa de forma case sistemática o timbre aberto dos fonemas vocálicos medios anterior e posterior /e/ /o/ co acento grave (è, ò), e o correspondente pechado, sen ningún tipo de sinal (e, o) tanto en posición tónica como pretónica: (cansado de vivir chòra que chóra, / o pròbe do fèntiño atopóu na parede un furadiño, 43.9). Lembranza esta da ortografía de Aquilino Iglesia Alvariño como tamén sinala Carballo Calero<sup>17</sup>.

As vocais que el supón resultado dunha contracción, ben espontánea ou ben consolidada na lingua quedan marcadas co acento circunflexo (^): *pôr* (Déixa-me pôr á túa veira..78.19); *râs* (escóitan-se nas regas os grau-grau barulleiros / das rês. 35.5); *âr* (quèn me dèra respirar / teus arumes montesiños / na limpeza do teu âr. 10.4); *remôs* por remoes (Becerríña que remôs, / ti has-me de dar puchos bos. 13.7); *\*trâs* por traes (A que três, como é tan grande, /lèva dunha vez abondo. 95.3).

Esta mesma marca aparece noutros casos en que a situación non responde en ningún caso a unha contracción: *\*quêr* apócope de quere: (Ti no aleitar has de ser unha fonte, si Dios quêr 13.2); *\*quêrs* por queres (quêrs-me tornal-o vènto... 92.2); *vrân*: (Na eira arrecénde a vrân. 22.1).

<sup>17</sup> R. Carballo Calero: *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia. Vigo, 1981<sup>3</sup>, p. 561.



Por veces mesmo o uso non é totalmente coherente. Así sinala con circunflexo a contracción da preposición *a* co artigo *o* (*ô*), pero non fai o mesmo coa resultante da preposición *a* co artigo feminino *a*, á que unhas veces marca con acento agudo (*á*): e outras, con circunflexo (*âs*): (salen a tocar a frauta âs veiras dos camiños. 35.3), (Bendita cruz xa vèlla que, ô vènto, â auga, ô sol... 85.18).

Outro signo gráfico que aparece é o guión curto coa función de marca-la relación fónica de dous sons contiguos establecida por fonética sintáctica. Pode se-la de:

- alomorfo do artigo ou do pronome co verbo: (que tel-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío. 9.3).
- o alomorfo do artigo coa preposición por: (Pro no-é pol-o bèn que canto;... 10.7).
- o alomorfo da conxunción copulativa e seguido dunha vocal: (que tel-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío. 9.3).
- nasal alveolar final + pronome: (Non ten gracia / ben-o sei. 10.6).
- negación apocopada + vocal (Pro no-é polo bèn que canto... 10.7).
- contracción da preposición en co demostrativo e co pronome persoal de 3ª persoa (Maxinando n-isto eu,... 11.8); (...zoupa que zoupa sèmpre n-él. 59.5).
- asimilacións espontáneas do tipo: (Diòl-a arrequènte... 20.4).
- posición do pronome átono enclítico: (...roxóu-se o forno bèn roxo. 23.2), (estortillóu-no a róda... 32.12).

O apóstrofo aparece tamén nalgunha ocasión cunha función similar á do guión: sinala-la relación fónica entre dous sons contiguos:

- unha contracción de preposición + artigo<sup>18</sup>: milagre d'El Señor. 48.12
- negación + pronome átono: ¡Cántas cousas che contara / si n'as foras a contar! 65.8
- preposición + pronome: Preguntei cal d'elas era... 93.11
- pronome + pronome: Pro se un vèntiño m'as lèva / outro vèntiño m'as trai. 95.7.

Esta situación pode responder, como xa se apuntaba máis arriba: ben á carencia dunha lectura correctora, ou á xestación máis ou menos longa no tempo do propio poemario<sup>19</sup>. En todo caso son deficiencias explicables considerando o estado da lingua na época do autor. A inexistencia dunha norma é razón suficiente para comprender e mesmo xustifica-las que podíamos considerar pequenas inconsecuencias dentro dun texto que globalmente se pode considerar coherente desde o punto de vista lingüístico.

<sup>18</sup> Pero en: As rapazas do lugar / coidan dél con moita ansia (70.14) non hai ningunha marca de contracción.

<sup>19</sup> A primeira edición é de 1933 e a segunda de 1965, 17 anos despois da morte do autor. Dentro delas non tódolos poemas teñen data, pero algún sinala a de 1928, curiosamente ano da publicación de *Como falan os brañegos* de Noriega Varela, (é párroco de Xubia) e noutro figura a de 1933 (está en Santiago de Compostela).

## 9. CONCLUSIÓNS

Para rematar esta análise do léxico de Crecente Vega, velaí algunhas conclusións que xorden de xeito claro.

A primeira é que resulta sorprendente nun escritor desa época o emprego dun galego globalmente tan libre de elementos espurios e, ó tempo, tan próximo ó estándar actual.

A segunda conclusión, derivada da anterior, é a confirmación de que o estándar da lingua galega que empezou a fixarse con criterio normativo hai relativamente poucos anos non é o resultado dunha escolla caprichosa nin un invento do ILG. A través deste e doutros textos pódese comprobar como estándar actual é basicamente o mesmo có destes escritores enriquecido e aumentado polas achegas –anteriores e posteriores– dos usuarios da lingua.

## BIBLIOGRAFÍA

- Ares Vázquez, C. et alii, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais, 1993<sup>4</sup>.  
Carballo Calero, R., *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981<sup>3</sup>.  
Crecente Vega, J., *Codeseira. Poemas*, Lugo, Talleres Tipográficos “Celta”, 1965<sup>2</sup>.  
Franco Grande, X. L., *Diccionario Galego-Castelán*, Vigo, Galaxia, 1972<sup>2</sup>.  
Noriega Varela, A., *Como falan os brañegos*, A Coruña, Nós, 1928.

## Anexo

### O léxico

#### NOTAS INTRODUCTORIAS Ó LÉXICO

Hai tres tipos de entradas:

- as que figuran en letra **VERSAL** son as que se corresponden co galego estándar
- as que figuran en **negra redonda** son formas do galego popular ou dialectal
- as que aparecen en **negra cursiva** son as consideradas como non galegas: castelanismos, hipergaleguimos...

As entradas que figuran entre corchetes ou parénteses cadrados [ARRECENDER] corresponden a formas do paradigma reconstruídas, que non aparecen así no texto pero que se poden refacer a partir das existentes no mesmo.

En cada entrada dáse, ademais da categoría gramatical, a correspondencia no estándar actual, aínda que sexa idéntica. Se é o caso, ofrécese numeradas correlativamente as diferentes acepcións que presenta esa entrada ó longo de todo o poemario. Sempre van acompañadas dun exemplo explicativo. Os números que figuran ó final de cada exemplo remiten á páxina e ó verso na que se pode atopar<sup>20</sup>.

Nas formas da entrada non se conservan as convencións tipográficas empregadas polo autor que son obxecto dun comentario específico máis arriba. Sen embargo nos exemplos aducidos mantense a ortografía propia do autor.

<sup>20</sup> Esta localización é válida para a edición empregada que ten a seguinte notación: J. Crecente Vega, *Codeseira. Poemas*. Talleres Tipográficos Celta, Lugo, 1965 (2º edición).

A<sup>1</sup> art.f. A (*Non é moi grande a becerra, ... 12.13*) (*Mèrca unha puchicha, diaño, / anque seña como un año, / pra empezal-a nosa vida. 12.8*) (*...os ósos ispidiños / coma as pedras dos camiños, ... 12.19*).

A<sup>2</sup> pr. pers. Forma átona oblicua do pronome persoal de 3ª persoa feminino (*...vendo-a vivir tan probe e tan cativa... 50.2*) (*De vólta pol-a veira do camiño, / atopéin-as a cêntos. 92.8*).

A<sup>3</sup> contrac. da preposición *a* e o artigo feminino *a* (*...â conta dos meus xornás / merquéi õntes na Barqueira. 12.11*) (*...salen tocar a frouta âs veiras dos camiños, ... 35.3*).

**ABAIXO** adv. Abaixo, en dirección descendente (*Prôbe do que andar non pode costa abaixo e costa arriba; 97,8*).

**ABANAR** v.t. Mover con suavidade; abanear (*E a min [práceme] porque cai amodo / sin abanar as hèrbiñas; 53,8*).

**ABONDAR** v.i. Abondar, bastar, ser suficiente (*Non che abondou con me deixares cêgo... ; 92, 3*) (*Outra n'aloumiñaréi; / sabendo que é mula, abonda; 96, 8*).

**ABONDO** adv. En cantidade suficiente, abondo (*[a terra] tiña sustanza abondo/ para viviren os dous acomodados*) (*a [sella] que trás, como é ta grande, / lèva dunha vez abondo; 95, 4*).

**ABRIGO** s.m. Abrigo; protección, refuxio (*Se chòve, hai un abrigo; 83, 18*).

**ABRIR** v.t. 1. Abrir, provoca-lo funcionamento de algo (*...un recendo a cocedura / que abre as ganas de comer; 24, 8*). 2. Abrir; deixar franco o paso ou acceso a un sitio (*Chegou á porta. Abríronlle para a corte; ... 30, 4*).

**ACARIÑAR** v.t. 1. Acariñar, facer caricias ou aloumiños (*E logo hasta é tan mansiña... ! / Cando o seu dono a acariña, pandéase... ; 13, 10*); (*[Fontiña] que estás sêmpre acariñando / coas tuas frescas mauñas/ as paredes do silêncio... ; 79, 11*); (*O vento ten mans ruínas: acariña as follas verdes / e as secas arremuiña-as; 98, 2*). 2. Acariñar, rozar ou tocar suavemente unha cousa (*-E a min [práceme o ventinho] porque as [follas] acariña... ; 54, 3*).

**ACEIRO** s.m. Aceiro (*E bèn enferrada [unha aguillada] con ferrón de aceiro, ... 16, 1*).

**ACESO,-A** adv. Aceso, que está en todo o seu esplendor (*[Eu sei] que o traballador sedênto / cando o sol, aceso, pica, / a ti corre [fontiña]; 79, 20*).

**acios** s.m. pl. Folgos, ánimos, forzas (*[Deixádeme ir] Que inda teño algúns acios/ para andar; 82, 15*).

**ACOCHAR** v.t. Acochar, estar oculto (*Os sapos pirguiceiros / cansados baixo as pedras de estar acochadiños, ... 35, 2*); (*E cando iba salindo, un sapo vèllo, / acochado entre as pedras da parede, ... 44, 2*).

**ACOMODADO,-A** adv. Acomodado, en boa situación económica (*[a terra] tiña sustanza abondo / para viviren os dous acomodados; 48, 4*).

**ACHAR** v.p. Acharse; atoparse de certa maneira (*Á noite hachóuse farto [o cabalo], e, o rabo ergueito / e a quina ô âr, botou unha carreira; 29, 7*).

**ACHEGAR** v.p. Achegarse, aproximarse (*Non ganará quèn non se achega nada / nin quèn moito se achega; 91.1/2*).

**ADENTAR** v.t. Adentar; darlle unha dentada a algo (*Adentéi unha mazá / por ver como sabía.; 95.13*).

**ADIANTE** adv. Adiante, en dirección á fronte (*E aquí cai, e*

*alí se èrgue, / camiño adiante foi.; 85, 4*).

**ADICAR** v.t. Dedicar; ofrecer algo como mostra de cariño ou admiración (*Hoxe adicoche o meu canto; 10, 5*).

**ADIVIÑANZA** s.f. Adiviñanza, adiviña; frase que contén un enigma que hai que descifrar (*Adiviñanzas; 59*).

**ADOECCER** v.i. Adoeecer; te-la enfermidade da rabia; rebear (*[Nada me pôn medo]. Nin os cás adoeccidos... ; 93, 10*).

**AFEITO,-A** adv. Afeito; que ten un costume ou hábito adquirido (*Pacendo toda a tarde, bèn afeito, / chegou dendes do fondo á cabeceira.; 29, 5*).

**AFINCADO,-A** part. de afincar. Establecido, arraigado (*A terra en onde estaban afincados...; 48, 1*).

**AFOGAR** v.t. Afogar; matar a alguén somerxéndo no auga; (*Din miñas penas ô vento / para que as afôge no mar; 95, 5*).

**AFORRAR** v.t. Aforrar; non gastar e gardar parte do diñeiro que se posúe ou se gana (*E aforra que aforrarás; hoxe un can, mañán dous cas, ... ; 12, 9*).

**AGACHADO,-A** adv. Agachado; oculto, anasado (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrta namoradiña; 57, 3*).

**AGORA** adv. Agora, a partir deste momento; (*Agora, santo bendito, / cando queirèdes, levái-me; 97, 15*).

**AGOSTO** s.m. Agosto, mes de agos (*..está disposto / para facla a sementeira / do que ha de recoller no agosto; 20, 4*).

**AGRO** s.m. Leira, terra cultivada (*Diól-o arrequente no forno e nos agros; 24, 14*).

**agruchar** v.p. Engruñarse; estar ou poñerse engruñado (*E parexas de lèdos paxariños / agrúchanse, piando, na quentura dos niños; 35, 7*) (*Flores de toxo, floriñas, / agruchadas entre espiñas... ; 56, 2*).

**AGUILLADA** s.f. Aguillada (*A miña aguillada; 14, 1*) (*Quero unha aguillada que seña un tesouro; 15, 2*).

**AGURGULLAR** v.i. Agurgullar; formar burbullas (*Bendito o agurgullar / da fonte... ; 74, 7*).

**AGUZAR** Aguzar, afiar (*Estab sêmpre espeta que te espeta / na tènra violeta / as suas fêras espiñas aguzadas*).

**ahí** adv. Aí, nese lugar (*Dêixa-te estar ahí, que estás millor; 48, 10*).

**AI** interx. Ai, como expresión de dor ou pena (*Ventiño, si vas para alá, / ¡ai!, lèva-me canda a ti; 66, 8*).

**AÍNDA** adv. Aínda, inda (*Preguntéi cal d'elas era; / disque non se sabe aínda; 93, 12*).

**ALÁ** adv. 1. Alá, naquel lugar (*Alá no chan de Outeiro; 47, 1*). Alá (*O paso fôrte / e a sombra dunha ideaia na mirada, / lá vai pensando sin pensar en nada; 30, 4*) (*¿De onde veño, decides? / -Lá, de lexos, moi lexos; 82, 6*) (*¿Para onde vòu, preguntades? / -Lá para lexos, moi lexos; 82, 10*) 2. Alén, no outro lado de (*Pro inda teño demèntes / de pasar, tarde ou cedo, para alá de Montemôr; 84, 17*).

**ALANGREAR** v.i. Alangrear; estar sen forzas ou vigor por causa da fame (*Eu sei que o gado, alangreando / cando o ceibo da cortiña / pilla o camiño da fonte; 80, 1*).

**alboio** s.m. Alboio; construción que se emprega para garda-los aveños de labranza; alpendre (*Co seu hórreo na eira, e seu alboio... ; 18, 5*).

**alcontrar** v.t. Encontrar, atopar; dar con algo que se busca (*...a ti corre i-en ti alcontra / nõva forza de vida. 79.21*).

**ALDEA** *s.f.* Aldea; lugar de pouca poboación (*hei facer dela unha vaca / coma as millores da aldeia*; 13, 8); (*Co-a sua risada colorada / fai rebulir a aldeia enteira*; 59, 2).

**ALDEÁN,-ANA** *adx.* Aldeán; propia da aldeia (*xuntos en paz vivía / sua vida aldeán*; 47, 5) (*Letanía aldeán*; 73, 1).

**ALEGRÍA** *s.f.* Alegría; sentimento de gozo (*cinta branda / d'arredor da tua cintura; é alegría y-é contento*; 26, 19).

**ALEITAR** *v.t.* Aleitar, dar leite (*Ti no aleitar has de ser / unha fonte, si Dios quèr*; 13, 21).

**ALENTO** *s.m.* 1. Alento, bafo; aire que se expulsa ó respirar (*O dono do meu querer / ha de ser tanto do xeito / que seipa ulir unha flor / sin-a murchar co alento*; 96,4). 2.

Alento, aire necesario para respirar (*Para o que tén falla de alento / unha rachiña de vento*; 104.7). 3. Alento, ánimo (*E unha forza segreda / que me dá moito alento*; 83.5). 4. Alento, empregado metaforicamente como 'o po da fariña' (*Teu alento / polvorènto; branco e puro; / teu alento, flor de escanda, néboa virxen*; 26, 13.15).

**ALGÚN; -UNHA** *indef.* Algún (*E por si algún dia chega unha ocasión*; 16.5).

**ALÍ** *adv.* Alí, naquel lugar (*tocando aquí e alí sua tocata sin fin*; 3.5) (*E aquí cai, e alí se èrgue*; 85.3).

**ALINDAR** *v.t.* Alindar; coidar do gando cando paze (*erma e triste codeseira / ónde eu alindei meu gado*; 9.8).

**ALMA** *s.f.* Alma, espírito (*E unha risa na alma*; 82.20).

**ALOUMIÑAR** *v.t.* Aloumiñar, acariciar; facer unha caricia rozando suavemente coa man (*¡Con qué pracer te aloumiño, / miña pucha, meu cariño, ...*; 14.5) (*Aloumiñei unha mula / por saber se era traidora...*; 96.5).

**ALTAR** *s.m.* Altar (*Bendito o parpadexar / da lampariña devota / que alumia diante do altar*; 75.3).

**ALUMADOR,-ORA** *adx.* Que alumia, que dá luz (*Deu-lle El Señor o seu lumiño, / seu branco lume alumador*; 60.5).

**ALUMAR** *v.t.* Alumar; proxectar un obxecto luminoso a súa luz sobre algo; alumear (*Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que alumia na escuridá*; 74.18).

**ALUMEAR** *v.t.* Alumear; alumar; proxectar un obxecto luminoso a súa luz sobre algo (*Mañán tépida de outono / un novo sol alumea*; 19.2).

**alleu,-a** *adx.* Alleo; que non é propio dun (*Ben ditoso é o labrègo que se pòda / valer en sí, sin traballar no alléu*; 17.2).

**amacicar** *v.t.* Macicar; bater en algo cun macico (...e cando oiéu amacizar no toxo / mioqueiro rinchóu, pedindo un goxo. 30.5).

**AMAIAR** *v.i.* Amaiar; quedar sen forzas (*Foi nas horas caídas / dunha tarde amaída*; 31.2).

**AMARELO,-A** *adx.* Amarelo (*Flores de toxo, floriñas, / pequiniñas, amarèlas*; 55.3).

**AMÉN** *interx.* Amén (75.7).

**AMENEIRO** *s.m.* Ameneiro (...naceron dous ramallos: un de espiño / e outro de ameneiro; 45.4) (...murchóu-se o ramalho de ameneiro; 46.3).

**AMIGO,-A** *s.m.* 1. Amigo, persoa coa que se ten unha relación de afecto e confianza (*teño sede, miña amiga*; 80.12). 2. Termo para facer referencia á concorrencia, ó lector (*Mirade, meus amigos, / mirade cómo veño!*; 81.1); (*Deixáde-me ir, amigos...*; 82.8/11).

**AMO** *s.m.* Amo; patrón, persoa que ten outras a soldo (*Meu amo botóu-me fóra / non tivemos que berrar*; 94.5).

**AMOR** *s.m.* 1. Amor, sentimento de afecto e cariño dunha persoa cara a outra (*Dá-lles a todas seus beixos / de amor branco de neniño*; 70.20); (*Señor, / pol-o teu amor*; 103.2). 2. Amor, sentimento abstracto (*Bendita a Vida e o Amor*; 75.4). 3. Amor, sentimento amoroso (*Puxen o amor nunhas bágoas / de profundo sentimento*; 95.9).

**AMOSAR** *v.t.* 1. Amosar, poñer algo á vista (*Non hai outras como ellas, / que xa amosan as espiñas / cando a man vai a collel-as*; 55.5). 2. Presentar, poñer diante (*Para o pròbe que amosa a man / un bocadiño de pan*; 103.4).

**amostrar** *v.t.* Mostrar; amosar; poñer algo de manifesto (...amostras a quèn te mira / a claridá dos teus óllos... 77.4).

**ANADA** *s.f.* Colleita, esp. a de cereais (*Xa témol-a anada enteira / na eira*; 21.1).

**ANCHO,-A** *adx.* Ancho (*Ancho o curral*; 18.5).

**ANDAR** *v.i.* 1. Andar, ir dun lado a outro (*Si no-hai lume nas casas(...) quèro seguir andando*; 84.5). 2. Andar, funcionar un mecanismo (*Mentras súa nai non-o beixa / o pequiniño non anda*; 69.4). (*Bendita a auga do río / que fai verdegar o prado / e fai andar o muiño*; 74.6). 3. Andar, circular vagar (*e unha congoxa lonxana / que anda pol-o ár perdida*; 79.8). 4. Andar; segui-lo seu curso unha cousa (*Volta aquí e volta alá, / vai o río andando, andando*; 96.13). 5. Andar; ter capacidade de movemento (*pròbe do que andar non pòde / còsta abaixo e còsta arriba*; 97.8). 6. Andar; vivir dunha determinada maneira ou nun determinado estado (*ten òso e armadura / para botar boa figura / o día que ande bèn chea*; 13.4).

**ANIMAL** *s.m.* Animal; ser non humano (*¿Qué é tolamia? Non é tal / que anque seña un animal / tamèn co cariño mèdra*; 13.15).

**ANO** *s.m.* Ano, período de tempo indeterminado; tempo (*Ha de ser ano de hinchènte / que está moi cargada a espiga*; 21.5).

**ANOITECER** *v.i.* Anoitecer; cae-la noite (*Anoitecer*; 35.1).

**anque** *conx.* Aínda que; anque (*E anque é hoxe unha pataca / e coma os caínzos fraca, ...*; 13.5). (*Non quèro compañeiro riseiriño / que non seipa reñer anque lle reñan*; 92.10).

**ANSIA** *s.f.* 1. Ansia, atención extrema que se pon nunha cousa (*As rapazas do lugar / coidan dèl con moita ansia*; 70.14). 2. Ansia, padecemento espiritual moi forte; angustia (*Mais... [mi]ñas ansias de poeta / ti nos as rimas, fontaña!*; 78.21).

**ANUBRAR** *v.t. fig.* Obnubilar (*ti serás meu bèn de Diòs, / para que a fame non me anubre*. 13.20).

**AÑO** *s.m.* Año; cordeiro novo (*Mèrca unha puchiña, diaño, / anque seña coma un año...*12.7).

**apodrecer** *v.i.* Podrecer; apodrentar (*Bendita cruz xa vèlla / que ò vento, à auga, ò sol, / non apodrece nunca...* 85.19).

**apousar** *v.t. e v.i.* Pousar; deterse (*O pensar da volainiña / é moi bonito pensar: / hastra que atòpa unha flor / nunca se quèr apousar*. 96.12).

**AQUEL,-ELA** *dem.* Aquel (*ledo o fentiño aquel*; 44.10); (*á triste flor aquela*; 49.10).

**AQUÍ** *adv.* Aquí (*tocando aquí e ali / súa tocata sin fin; 33.5*) (*Deixáde-me ir, amigos / que inda aquí non me quedo; 82.8*).

**ÂR** *s.m.* 1. Aire; ar; atmosfera (*quén me dera respirar / teus arumes montesiños / na limpeza do teu ár; 10.4*). 2. Aire, ar; vento (*rabo ergueito/ e a quina ó ár, botou unha caireira; 29.8*).

**ARADO** *s.m.* Arado (*[a aguillada]nin limpa un arado nin fênde un terrón; 16.4*).

**arbre** *s.m.* Árbore (fem.) (*A min prácen-me as follañas / por que lles dan bèn ós arbres. 53.2*). (...entre os arbres barulleiros...; 77.3).

**ARDER** *v.i.* 1. Arder, estar algo moi quente ou abrasándose (*Teño os labios degresados / teño a boca toda ardida; 80.10*). 2. Arder, producir moita calor (*O sol ardía no ceio; 87.2*).

**ARGALLEIRO,-A** *adx.* Argalleiro, que argalla, que xoga (*o teu sopra voandeiro, / viravóltas argalleiro; 27.14*).

**ARMADURA** *s.f.* Armadura, estrutura de corpo (*Vèn de pasar fame pura; / prò ten òso e armadura / para botar boa figura, 13.2*).

**ARRECENDER** *v.i.* Arrecender, recender; desprender bo olor unha cousa (*Na eira arrecênde a vran; 22.1*).

**arrededor (de)** *loc. prep.* Arredor de (...e rinse, e falan / arredor do remól.; 23.13).

**ARREDOR** *adv.* Arredor (*sufrindo as espiñadas feridoras / das silvas que medraban arredor; 49.7*). **Arredor de** *loc. prep.* Arredor de (*cinta branda / d'arredor da tua cintura; 26.18*).

**ARREMUIÑAR** *v.t.* Arremuiñar; amontoa-lo vento algo (*fo vólacariña as follas verdes / e as secas arremuiña-as; 98.3*).

**ARREQUENTAR** *v.t.* Arrequentar; aumenta-lo volume ou cantidade de algo reunido anteriormente (*¡Diól-a arre-quênte...!; 20.14; 21.8; 22.6*).

**ARRIBA** *adv.* Arriba (*Pròbe do que andar non pòde / còsta abaixo e còsta arriba; 97.8*). (*¿Qué hai alá por arriba, meu señor? / Por arriba, meu home, o que hai é vento. 48.8/9*).

**ARRINCAR** *v.t.* Arrincar; sacar de raíz algo que está plantado (*Unha man compasiva (...) / arrincóu a violeta; 50.4*).

**ARROLADOR,-ORA** *adx.* Arrolador, que arrola ou adormece cun son agradable (*Vèntiño, vènto lixeiro, / fresquiño e arrolador. 65.2*).

**ARROLAR** *v.t.* Arrolar; cantar suavemente a un neno para que durma (*Se no muíño se escoita / un garimoso roular / non é que roule o muíño / é que o arróla sua nai; 70.4*).

**arumante** *adx.* Recendente; aromante (*a pròbe flor tristeira / di-lle, toda arumante e miñosiña, ... 50.17*).

**ARUME** *s.m.* 1. Aire, atmosfera (*quén me dera respirar / teus arumes montesiños / na limpeza do teu ár; 10.3*). 2. Recendo, olor agradable (...dan-lle seu arume as flores, / sombra e caricias as hêrbas; 68.3) (*Bendito o arume das flores / que recênde pol-o chan; 74.12*).

**ASÍ** *adv.* Así, desta maneira (*Mirando un día para o señor xigante / así pregunta, cobizoso, o fênto; 48.7*).

**ATERECER** *v.i.* Aterecer, quedar teso por causa do frío (*Para o que aterêce de frío / unha raióla o desfío; 104.4*).

**atervar**] Buscar algo que non se ve (*O mèrlo atervóu onde / súa noiva estaba; 57.5*).

**ATOPAR** *v.t.* 1. Atopar, dar con algo por azar (*Cansado de vivir, chòra que chòra, / o pròbe do fèntiño / atopóu na parrede un furadiño; 43.9*). (*Algún tèmpo despóis / atoparon un mòrto / là riba en Montemòr; 85.7*) 2. Atopar, dar con algo que se busca (*Si no-atòpo compañía, / lèvo a dos meus segredos; 83.20*) (*o pensar da volaiña / é moi bonito pensar: / hastra que atòpa unha flor /nunca se quèr apousar; 96.11*).

**ATRÁS** *adv.* Atrás (*A de atrás paróuse un pouco, / a de diante deu a volta; 94.11*).

**AUGA** *s.f.* Auga (*O muíño é un neno branco nado da auga no inverno; 71.2*) (*Bendita a auga do río / que fai verdegar o prado / e fai andar o muíño; 74.4*) (*Bendito o agurgullar / da fonte que sempre tèn / auguiña fresca que dar. 74.9*).

**AUGUIÑA** *v. auga*

**AUMENTAR** *v.t.* Aumentar; incrementa-lo volume ou cantidade algo que se posúe (*Diól-o aumente. 24.10*).

**AVE** *s.f.* Ave (...atoparon un mòrto / là riba en Montemòr / xa comesto das aves/ ...; 85.9).

**AVEMARÍA** *s.f.* Avemaría, oración dedicada á Virxe (*Toca ás avemarias a campana da aldeia... 36.4*).

**avenza** *s.f.* Habenza; gando miúdo (...henchendo as corre-doiras vèn a avenza pra á casa. 36.2).

**avesiña** *s.f.* Ave pequena (*Coma o teu repenicar / aquela azul avesiña / foise perdendo no ár...; 64.2*).

**AXIÑA** *adv.* Axiña, con rapidez (*Roula, foula, bule axiña / que o teu pilo de fariña / pouco a pouco mèdra, mèdra; 27.7*).

**AXUDAR** *v.t.* Axudar; contribuír a que ocorra algo ou que salga ben (*Tèrras onde coller, si axuda a sorte, / o maínzo a fartar, trigo e patacas; ... 17.5*).

**AZA** *s.f.* Á; cada unha das extremidades que teñen algúns animais e que lles serven para voar (*Vèntiño das azas longas / sèmpre a voar, a voar; 65.5*).

**AZUL** *adx.* 1. Azul (*aquela azul avesiña / foi-se perdendo no ár; 64.2*) (*Despóis que se lavou vèu-se mirar/ no espello azul do mar; 61.6*). // *s.m.* 2. O ceo (*Soltando-as van, mèntras de frío / trèmen no azul as estreliñas; 60.8*).

**BABALLA** *s.f.* Baballa; restos de comida que quedan pegados ó redor da boca (*Dan-lle de comer na cunca, / despóis límpan-lle as baballas; 70.16*).

**BÁGOA** *s.f.* Bágua, lágrima (...bèn sei que ti consonas / esas nòtas cristiñas / -às veces laiós e bágoas, / às veces beixos e risas-; 78.9) (*Puxen o amor nunhas bágoas / de profundo sentimento; 95.9*).

**BAIXAR** *v.t.* 1. Baixar, rebaixar (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira; 12. 15*). 2. Baixar, descender dun lugar ou nivel a outro máis baixo (*Na veira do carrreiro / en onde baixa o escairo pra o camiño; 45.2*) (...e todo o que pasaba, / pra baixar ó camiño, / botaba as mans ó humilde ramalliño; 45.7).

**BAIXIÑO** *adv.* Baixiño; en voz moi baixa (*Anxela dime baixiño: / ¿Sabes en qué penso homiño?; 12.1*).

**BAIXO** *prep.* Baixo, debaixo de (...Os sapos pìrguceiros / cansados baixo as pedras de estar acochadiños; 35.2) (...repousan os pantasma todos xuntos / deitados baixo a sombra dos carballos; 38.5).

**barrer** v.t. Varrer; pasa-la vasoira (*Xa barre o forno o basallo / de loureiro*. 23.7).

**BARULLEIRO,-A** adx. Barulleiro, que produce un barullo agradable (...e escóitan-se nas regas os “grau-grau” barulleiros; 35.4) (...entre os arbres barulleiros (amostras a quen te mira / a claridá dos teus ollos; 77.3).

**basallo** s.m. Vascullo; vasoira feita de ramallos (*Xa barre o forno o basallo / de loureiro*. 23.7).

**BASTANTE** adv. 1. Bastante, en cantidade ou extensión suficiente (*Pro ninguén pensa que medróu bastante*; 48.5). // s.m. 2. O bastante, o suficiente (*A muller de Antón de Bante / prènde un pouquiño na fala / pèro non prènde o bastante*; 98.12).

**batir** v.t. Bater; mover (*Ventiño das azas longas, / sèmpre a batir, a batir*; 66.2).

**BEBER** v.t. Beber, inxerir líquido (*Bebe auga fría / que si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras*; 25.4) (*Eu quèro beber, beber; / fartar-me de esa auga fría*; 80.7).

**BECCERÑA.** V. **BECCERRO.**

**BECCERRO,-A** s. Becerro; vaca nova (*Non é moi grande a becerra*; 12.13) (*Beceriña que remòs, / ti has-me de dar puchos bos*; 13.17).

**beira]**. V. **VEIRA.**

**BEIXAR** v.t. Beixar, bicar, darlle bicos a alguén (*Mèntras sua nai non-o beixa / o pequiñiño non anda*. 69.3) (*Sua nai, a esconsolada, / como non tèn que lle dar / chéga-se onde a él e béixa-o...* 70.7).

**BEIXO** s.m. Beixo, bico, rozamento cos labios con intención afectiva (*Dá-lles a todas seus beixos / de amor branco de neniño*. 70.17). (*Eu sei que as pradèlas mórta os teus beixos resucitan*; 79.18).

**BEIZO** s.m. Beizo; labio do animal (*Eu sei que o gado, alangreando, / cando o ceibo da cortiña / pilla o camiño da fonte, / mète os beizos na tua pia...* 80.4).

**BELO,-A** adx. Belo, fermoso (*Sodes as máis bèlas flores*. 56.5).

**BEN** adv. 1. Ben, con valor modal (*Non tèn gracia; ben o sei*. 10.6). 2. Ben, moi, con valor cuantitativo (*Pacendo toda a tarde, bèn afeito, / chegou dendes do fondo á cabeceira*; 29.5) (*Quèn queira chegar bèn lonxe...* 96.15).

**benedicir]** v.t. Bendicir (*Diòl-a bendiga*; 21.7); (*Bendito seña o calor do ovo...*; *Bendita seña a raxeira...* 73/74). (...inocènte fontaña / que estás sèmpre bendecendo / co-a tua auga bendita...; 79.3).

**BERRAR** v.i. Berrar, reñer, discutir (*Meu amo botóu-me fôra / non tivèmos que berrar*; 94.8).

**BICAR]** v.t. Bicar, beixar; dar bicos (...que ó marmulo se quedou dormido / do río de Xubia, que lle bica os pés; 39.8).

**BOCA** s.f. 1. Boca; abertura que dá acceso a un lugar (*¡Ouh, qué guapo é o boliño / que está na boca do forno!*; 24.4). 2. Boca; burato de entrada ó aparato dixestivo situado na parte inferior da cara (*Teño os labios degresados; / teño a boca toda ardida*; 80.10).

**BOCADIÑO.** V. **BOCADO.**

**BOCADO]** s.m. Bocado, anaco de comida que se introduce na boca de cada vez (*Para o pròbe que amos a man / un bocadiño de pan*; 103.4).

**BOLO** s.m. Bolo, peza de pan (*O teu sopra voandeiro, / vra-vòlta argalleiro, / será bolo no meu forno...* 27.15) (*¡Ouh, qué guapo é o boliño / que está na boca do forno!*; 24.3).

**BON]**,**-OA** adx. 1. Bo, proveitoso; que deu beneficio (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira*; 12.16). 2. Bo, fermoso, de formas equilibradas (*prò ten òso e armadura / pra botar boa figura*; 13.3). 3. Bo, de calidade (*Beceriña que remòs, / ti has-me de dar puchos bos, ...* 13.18).

**BONITO,-A** adx. Bonito, fermoso (*¡Qué bonito neboeiro / teu lixeiro / zarzallar!*; 27.1) (*O pensar da volaniña / é moi bonito pensar*; 96.9).

**BOQUEADA** s.f. Boqueada; acción de abri-la boca, esp. as que corresponden coa agonía (*E naquél intre, disque / dixo, dando as boqueadas*: 32.15).

**BORRACHO,-A]** adx. Borracho, bèbedo (*Debecido, borrachón, / que das vòlta nun pé sòlo / coma un tolo*; 25.1).

**BORRACHÓN.** V. **BORRACHO,-A.**

**BOTAR** v.t. 1. Botar; producir un ser algo que nace del (*prò ten òso e armadura / pra botar boa figura*; 13.3). 2. Botar, dirixir algo cara a algún lugar (*Botóu unha mirada ó cèio / supricante e reverènte*; 20.6). 3. Botar, realizar algo (...botóu unha carreira. 29.8). 4. Botar, facer que algunha cousa vaia parar a algún sitio (...botaba as mans ó humilde ramalliño; 45.8). 5. Botar, lanzar algo con forza ou violencia (*Non che abondóu con me deixares cègo / e inda me quèrs botar terra nos òllos*. 92.4). 6. Botar, despedir a alguén dun sitio ou traballo (*Meu amo botóu-me fôra / non tivèmos que berrar*. 94.8). // v.p. 7. Botarse, lanzarse a (*botóu-se á corredoira / e marchou de viaxada*; 32.4). 8. Botarse, extenderse algo (*Pròbe do coxo en camiño: bótase-lle a noite encima*; 97.6).

**BRANCO,-A** adx. Branco, desa cor (*Teu alènto / polvorènto, / branco e puro*; 26.15) (*Ceibe a tua boca grande / branca nève miudiña*. 27.6) (*Qué bonita a risa branca / na tua cara de pedra*; 27.10) (*O O muíño é un neno branco / nado da auga do invèrno*. 71.1).

**BRANDO,-A** adx. Brando, mol, que é facilmente deformable (*Xa está no tendal a masa / en brandos pas repartida*. 23.4).

**BRANDOEIRO** s.m. Brandoeiro; cercado de táboas que rodea a moa do muíño, e onde cae a fariña (...cousiña tola, / como rebola / na dura pedra do brandoeiro. 25.3).

**BRAVÍO** s.m. Bravío; cheiro a natureza salvaxe (*Codeseira de codesos / que recèndes a bravío*; 9.2).

**BRAVO,-A** adx. Bravo; referido ás árbores, nacidas espontaneamente (...ja vara nacèu; / feita dun caxòto dun carballo bravo; 16.11).

**BRAZO]** s.m. fig. Póla, ramallo (*Codeseira de codesos / que recèndes a bravío; / que tèl-os braziños tesos...* 9.3).

**brilar]** v.i. Brillar, lucir con moito resplandor (*O sol ardía no cèio. / Dixo o mèrlo: ¡Còmo brila!*; 87.3).

**BRISA** s.f. Brisa, vento suave (...que estás sèmpre acarinhando / co-as tuas frescas manías / as paredes do silencio / e os cortinaxas da brisa; 79.14).

**BRUXA** s.f. Bruxa; muller que practica a bruxería por un pauto co demo (*E un deles é mourao, e desenmeiga / os nenos enmeigados pol-as bruxas*. 37.5).

**BULIR** v.i. Bulir; moverse apuradamente (*Roula, foula, bule axiña, ...* 27.7).

**CABALO** s.m. Cabalo, animal equino (*Por onde pasa o dente do cabalo / é como si pasase unha gadaña; 29.3*).

**CABECEIRA** s.f. Cabeceira; cada un dos extremos dun terreo (*Pacendo toda a tarde, bèn afeito, / chegou dendes do fondo á cabeceira. 29.6*).

**CABER** v.i. Caber, ser capaz de acoller unha cousa a outra dentro de si (*E unha casaña, en pedra pedrexada; / grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipa ó rente do remól. 18.3*).

**CABO** s.m. Cabo, extremo dunha cousa (*Quero unha agui-lada que seña un tesouro, / que non teña falta dende a punta ó cabo, 15.2*).

**CACAREXAR** v.i. Cacarexar; canta-la galiña ou galo estridentemente e, por ext., calquera ave (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrta namoradiña. 57.4*).

**CADA** indef. Cada (*O pan noso de cada dia... ; 19.1*).

**CAER** v.i. 1. Caer; vir abaixo un corpo por efecto do seu propio peso (*-eito a eito, / como nun fecundo leite / vai caendo espaxada / a semènte... 20.12*) (*E a min porque cai amodo / sin abanar as hèrbiñas; 53.7*). 2. Caer, perde-lo equilibrio un corpo (*...parés / un gran xigante que caíu ferido... 39.6*).

**CAÍDO,-A** adx. fig. Caido, último (*Foi nas horas caídas / dunha tarde amaiada; 31.1*).

**CAÍNZO** s.m. Caínzo; armazón tecido de canas ou varas (*E anque é hoxe unha pataca / e coma os caínzos fraca... 13.6*).

**caír** V. CAER.

**CAIXA** s.f. Caixa, ataúde (*...coma se foran caixas de difuntos. 38.6*).

**CAL** interrog. Cal (*Preguntei cal d'elas era; 93.11*) 2. comp. Cal, como (*cal xigantón inmenso... 47.6*).

**CALAR** v.i. Calar, manterse en silencio (*...e os nenos, que nunca calan... 23.10*).

**CALMA** s.f. Calma; actitude tranquila e sosegada (*E indo de camiño / co-a sua santa calma, ... 32.7*).

**CALOR** s.m. Calor (fem.); temperatura superior á normal (*Bendito seña o calor / que do ovo fai salir / o pitiño piador. 73.1*) (*“¡Ouh, qué morno calorinho / ouh, qué calorinho morno. 24-2*).

**CALVARIO** s.m. Calvario; sufrimento, conxunto de traballos que pasa un (*...o meu calvario / subindo vou co-a miña cruz pesada. 92.13*).

**CAMA** s.f. 1. Cama, leite (*Cavilando coma un tolo, / entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sólo ... 11.3*). 2. p. ext. Cama, lugar de descanso (*Bendita seña a raxeira / que saca o verme da cama / e o grilo da grileira. 73.5*).

**CAMBIAR** v.t. Cambiar, substituír unha cousa por outra (*Nin que te peines á moda, / nin que cambié-o vestido. 93.12*).

**CAMIÑANTE** s. Camiñante (*Hoxe unha cruz de pau / no sitio onde ficou / amostra ós camiñantes... 85.13*).

**CAMIÑAR** v.i. Camiñar, andar, viaxar (*Pra o que ás escuras camiña / o claror dunha estrelleña. 104.5*).

**CAMIÑO** s.m. 1. Camiño; dirección ou actividade vital (*¿Sabes en qué penso homiño? / En pillar outro camiño. 12.3*). 2. Camiño, espacio de terreo polo que se transita (*Na veira*

*do carreiro / en onde baixa o escairo pra o camiño... 45.2*). 3. Camiño, dirección (*Eu sei que o gando, alangreando, / cando o ceibo da cortiña / pillu o camiño da fonte, ... 80.3*). 4. Camiño, viaxe (*Seguir camiño quero. 83.15*) **Ir de camiño**; andar, dirixirse a un lugar (*E indo de camiño / coá sua santa calma... 32.6*). **En camiño**, no medio da viaxe (*Próbe do coxo en camiño. 97.5*).

**CAMPAINA** s.f. Choca, campaiñaque se pendura do pescozo dalgúns animais (*...lámben-se duas vacas tocando as campaiñas. 36.6*).

**campana** s.f. Campá (*Toca ás Avemarias a campana da aldeia... 36.4*).

**CAMPEIRO** s.m. Campeiro, prado (*No medio dun campeiro / alá no chan de Outeiro... 47.1*).

**campiá** s.f. Campiña, campo (*Amin práce-me a rósada / porque refresca a campiá. 52.6*).

**CAN<sup>1</sup>** s.m. Can, animal da familia dos cánidos (*Tès sede fera / fame de can... 26.5*) (*...nada me põn medo. (...) / Nin os cás adoecidos. 83.10*).

**CAN<sup>2</sup>** s.m. Can, denominación antiga das moedas de cinco ou dez céntimos e, p. ext., moeda de pouco valor (*E aforra que aforrarás, / hoxe un can, mañán dous cas... 12.10*).

**CANDA** prep. Canda, con (*...léva-me canda a ti... 66.8*).

**CANDO** conx. Cando (*E logo hasta é tan mansiña... ! / Cando o seu dono a acarriña / pandéase... 13.10*).

**CANSADO,-A** adx. Cansado, canso, enfatiado (*Vai o sol na furada. Os sapos pinguiceiros / cansados baixo as pedras de estar acochadiños... 35.2*) (*...cansado de estar sólo... 31.5*) (*...cansado de vivir... 43.7*).

**CANSAR** v.i. Cansar, fatigarse (*Se canso, hai un valado / pra me servir de leite. 83.16*).

**CANTAR** v.i. 1. Cantar, emitir sons harmoniosos coa voz (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei. 10.7*). 2. p. ext. Emitir sons agradables unha cousa (*A min práce-me o ventinho / porque ás follas fai cantar. 54.2*). 3. Cantar; chirria-lo carro (*Faigo coma o carriño cantareiro / que canto máis cargado millor canta. 92.16*). // v.t. 4. Emitir harmoniosamente unha melodía (*Cantando o teu larán-larán / larpando vas canto che dan. 26.8*). // s.m. 5. Cantar, canto (*...co cantar das sabandixas; ... 78.14*).

**CANTAREIRO,-A** adx. Cantareiro, que canta ou que lle gusta moito cantar (*Faigo coma o carriño cantareiro / que canto máis cargado millor canta. 92.15*).

**CANTARUXAR** v.i. Cantaruxar; cantar a media voz (*Nos ramos do loureiro / cantaruxaba o mèrlo namorisqueiro ; 57.2*).

**CANTÉ** interx. Canté; oxalá (*“Ter vacas miñas ¡Canté! 11.5*).

**CANTO** s.m. Canto, cantar, canción (*O paspallar é poeta, / o seu canto “paspallar”. 67.2*).

**CANTO,-A** indef. Canto (*Cantando o teu larán-larán / larpando vas canto che dan. 26.9*) (*Faigo coma o carriño cantareiro / que canto máis cargado millor canta. 92.16*) (*Cántas cousas che dixera / si non foras falador! 65.3*).

**CARA** prep. Cara a, en dirección a (*...atopóu na parede un furadiño, / e por él se meteu de cara a fóra. 43.10*).

**CARA** s.f. Cara, rostro (*¡Qué bonita a risa branca / na tua cara de pedra! 27.11*). (*...o paso incerto, a cara ergueita, a vista mórtá... 33.4*).



- CARBALLEIRA** *s.f.* Carballeira; bosque de carballos (*Detrás dos curros, non fondal da veiga, / a carballeira dórme-se. ... 37.2*).
- CARBALLO** *s.m.* Carballo carqueiro (*Quercus robur*) (...*feita dun caxoto de carballo mouro; 15.3*) (*É a cèrna dos seus carballos coma o ferro, etèrna. 37.3*).
- CARGADO,-A** *adx.* 1. Cargado, que leva moita carga (*Faigo coma o carriño cantareiro / que canto máis cargado millor canta. 92.16*). 2. Cargado, cheo (*Ha ser ano de hinchète / que está moi cargada a espiga. 21.6*).
- CARICIA** *s.f.* Caricia, aloumiño; demostración de afecto (*dan-lle seu arume as flores, / sombra e caricias as hèrbas. 68.4*).
- CARIÑO** *s.m.* 1. Amor, sentimento amoroso que se ten con alguén (*Doncela dos meus cariños, 10.1*). 2. Cariño; sentimento de afecto (...*que anque seña un animal / tamén co cariño mèdra. 13.16*).
- CARREIRA** *s.f.* Carreira; acción de correr (*Á noite hachóu-se farto, e, o rabo ergueito / e a quina ô ár, botóu unha carreira. 29.8*).
- CARREIRO** *s.m.* Carreiro, camiño estreito para unha soa persoa (*Na veira do carreiro... 45.1*) (*o carreiro esbaraba, ... 45.5*).
- CARRO** *s.m.* Carro (*jestortillóu-no a ròda / dun carro que pasaba! 32.13. (Faigo coma o carriño cantareiro / que canto mais cargado millor canta. 92.15)*).
- carroula** *s.f.* Xoguetes infantil formado por unha roda sostida por un pao que se fai xirar polo chan: Neste caso, dedbe te-lo sentido simplemente de 'roda' para referirse á do muíño (*Roula, roula; roula, roula. / Dalle voltas a carroula; 26.11*).
- CAS (DE)** *prep.* En casa de (*Hoxe hai festa en cas Farruco; 93.5*).
- CASA** *s.f.* 1. Casa, vivenda (*Sòlo miral-a convida / i-hènche de fartura a casa. 23.6*). 2. Casa, edificio destinado a vivenda (*É unha casiña, en pedra pedrexada; 18.1*). 3. Casa, lugar onde vive un animal (*O sapo máis romántico / dos sapos da comarca, / cansado de estar sòlo / no escuro da sua casa; ... 31.6*).
- CASAMENTO** *s.m.* Casamento; voda (*Eu casar, casar caséi; / ben ou mal, eso non digo, / que neste de casamentos/ disque no-hai nada sabido. 93.3*).
- CASAR** *v.t. e v.i.* Casar, contraer matrimonio (*Eu casar, casar caséi; / ben ou mal, eso non digo, / que neste de casamentos/ disque no-hai nada sabido. 93.1*).
- CASCABEL** *s.m.* Cascabel, axóuxere (*Pasa tocando os seus lixeiros / cascabeliños de cristal. 60.11*).
- CASCABELEIRO,-A** *adx.* Cascabeleiro; que soa coma un cascabel (*Tua risa cascabeleira, / gaita, gaitiña riseira, / dá-me ganas de chorar. 61.5*).
- cáseque** *adv.* Case (...*tan inflado / que cáseque estou-paba... 32.11*).
- casualmente** *adv.* Casualmente; por casualidade (*Da chouza nun escuro corruilliño, / vèu nacer, casualmentes, un fentiño. 43.2*).
- CATIVEIRO,-A** *adx.* Cativo, de pouca calidade (...*vivía unha violeta ... / tan pròbe e cativoira... 49.4*).
- CATIVO,-A** *adx.* Pequeno, de escaso tamaño e calidade (*Unha man compasiva / -vendo-a vivir tan pròbe e tan cativa... 50.2*).
- CAVILAR** *v.t. e v.i.* Cavilar, pensar profundamente nun asunto (*Cavilando coma un tolo, / entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sòlo... 11.1*).
- CAXIGO** *s.m.* Caxigo; carballo novo que aínda non alcanzou todo o seu desenvolvemento (*[A carballeira] Tèn caxigos para cestos e talègas; 37.6*).
- CAXOTO** *s.m.* Caxato, póla delgada e dura pola que ruben as plantas (*[a aguillada] feita dun caxoto de carballo mouro... 15.3*).
- CEDO** *adv.* Cedo, pronto, canto antes (*Pro inda teño demèntes / de pasar, tarde ou cedo, / para alá de Montemór... 84.16*).
- CEGO,-A** *adx. e s.* Cego, sen vista (...*vai o cego tocando / o violín. 33. 6*) (*Non che abondóu con me deixares cègo... 92.3*).
- CEIBAR** *v.t. e v.p.* 1. Ceibar, deixar libre a un animal (*Era hora e ceibóuse. 30.1*) (*Eu sei que o gado, alangreando, / cando o ceibo da cortiña... 80.2*). 2. *v.t.* Ceibar, soltar, lanzar (*Ceibe a tua boca grande / branca nève miudiña. 27.5*).
- ceio** *s.m.* 1. Ceo, bóveda celeste (*O sol ardía no ceio. 87.2*). 2. Ceo, morada de Deus (*Bota unha mirada ô ceio / supricante e reverète. 20.5*).
- CENTO** *s.m.* Cen; en pl. expresa moita cantidade (*De vòlta, pol-a veira do camiño, / atopéin-as a cèntos. 92.8*).
- CERA** *s.f.* Cera (...*e marèliño, o pròbe, coma a cera... 43.5*).
- CERCA (DE)** *loc. prep.* Perto de, cerca de (*Quèro estar cerca do ceio!... 97.11*).
- CERNA** *s.f.* Cerna, parte interior máis dura do interior do tronco dalgunhas árobres (...*É a cerna / dos seus carballos coma o ferro, eterna. 37.2*).
- CERTO** *adv.* Certamente, de certo (*Bebe auga fría / que si beberas / mouro ribeiro / certo xaceras. 25.8*).
- CESTO** *s.m.* Cesto; cesta pequena xeralmente cunha asa de lado a lado (*Tèn de gran un cesto cheio; 20.5*) (*Tèn caxigos pra cestos e talègas; 37.6*).
- cinlleiro,-a** *adx.* Senlleiro; único na súa especie (...*vendín vaca cinlleira, / merquei maronda. 99.7*).
- CINTA** *s.f.* Cinta; tira de tecido estreita e longa para atar ou cinguir (...*cinta branda / d'arredor da tua cintura; ... 26.17*).
- CINTURA** *s.f.* Cintura, parte máis estreita do corpo humano entre o tórax e as cadeiras (...*cinta branda / d'arredor da tua cintura; ... 26.18*).
- CLARIDÁ[DE]** *s.f.* Claridade, calidade do que é limpo, transparente (...*amostras a quèn te mira / a claridá dos teus ollos... 77.5*).
- CLARO,-A** *adx.* Claro, limpo, transparente (*Fontiña serea e clara, 77.1*).
- claror** *s.m.* Resplandor, luz (*Pra o que ás escuras camiña / o claror dunha estreliña. 104.6*).
- CO, COA** *Co, coa*; resultado do encontro da preposición co artigo masculino o e co artigo feminino a, respectivamente. Presenta como plurais *cos* e *coas*.
- COBIZOSO,-A** *adx.* Cobizoso, cheo de envexa (*Mirando un día pra o señor xigante / así pregunta, cobizoso, o fènto... 48.7*).

- COCEDURA** *s.f.* Cocedura; acción de cocer pan (*Xa hai siñales de fartura: / un recendo a cocedura / que abre as ganas de comer.* 24.7).
- COCER** *v.t.* Cocer (*Xa queda o pan a cocer;* 24.5).
- CODA** *s.f.* Coda, códea; parte externa endurecida do pan (*[Ben ditoso o labrego] ... que tèn pra dar ós fillos unha coda;* 17.3).
- CODESEIRA** *s.f.* Codeseira, lugar poboado de codesos ou no que abundan moito (*Codeseira de codesos / que recêndes a bravío;* 9.1).
- CODESO** *s.m.* Codeso; arbusto ramoso de flores brancas (*Codeeira de codesos / que recêndes a bravío;* 9.1).
- COIDAR** *v.t.* Coidar, prestar coidados e atencións a unha persoa (*As rapazas do lugar / coidan del con moita ansia.* 70.14).
- COIRO** *s.m.* Coiro; pel, membrana exterior que cobre o corpo do home e dos animais (*...as pèrniñas tremendo, / e rasguñado o coiro / e de chagas cubèrto.* 82.3).
- COLOR** *s.m.* Color (fem.), tonalidade que ofrece a pel humana ou as plantas e animais cando están cheas de vida (*...vivía unha violeta... / tan pròbe e cativreira / que xa se iba quedando sin color...* 49.5).
- COLORADO,-A** *adx.* 1. Colorado, cheo de color (*Co-a sua risa colorada / fai rebulir a aldea enteira.* 59.1). 2. Colorado, ruborizado (*Púxeches-te colorada / ó pasar por onde a min.* 98.13).
- COLLER** *v.t.* 1. Coller, colleitar un produto da terra (*Tèrras onde coller, si axuda a sorte, / o mainzo a fartar, trigo e patacas;* 17.6). 2. Coller, recoller algo (*Collin auga nun cribo, / collin que non collera.* 99.3). 3. Coller, agarrar algo coa man (*Non hai outras como elas, / que xa amosan as espiñas / cando a man vai a collel-as.* 55.6).
- COMA** *conx.* Coma (*Cavilando coma un tolo/ ...* 11.1). (*É a cèrna / dos seus carballos coma o ferro, eterna.* 37.3).
- COMADRE** *s.f.* Comadre; muller chismosa e murmuradora (*As comadres do lugar / foron lavar todas xuntas. / Non houbo de quèn falar.* 98.4).
- COMARCA** *s.f.* Comarca, bisbarra, redonda (*O sapo máis romántico / dos sapos da comarca,* 31.4).
- COMENZO** *s.m.* Comezo, inicio; punto ou elemento desde o que se inicia algo (*En ti vexo o meu porvir, / o empèzo do meu vivir, / o comenzo do meu gado.* 14.4).
- COMER** *v.t. e v.i.* Comer, tomar alimentos (*Dan-lle de comer na cunca, / despóis limpan-lle as baballas.* 70.15).
- COMESTO,-A** *part.* de comer; comido, comesto (*...atoparon un mórto / (...) / xa comèsto das aves /...* 85.9).
- COMO** *conx.* 1. Como, con valor modal (*...pensaba na cama eu sólo / como pôr-me en gado meu.* 11.4). 2. Como, con valor interrogativo (*¿Ti cómo farás, José... ?;* 11.7). 3. Como, con valor exclamativo (*Dixo o mèrlo: ¡Cómo brila!* 87.3).
- COMPAÑA** *s.f.* Compañía, acompañamento, compañía (*Si no-atopo compañía, / lèvo a dos meus segredos.* 83.20).
- COMPAÑEIRO,-A** *s.* 1. Compañeiro, que está ó lado, que acompaña (*E mirando pra a sua compañeira / a pròbe flor tristeira... 50.15).* (*Non quèro compañeiro riseiriño / que non seipa reñer anque lle reñan.* 92.9). // *adx.* 2. Compañeira, que dá compañía (*Veu que tiña tisanadas as meixèlas / e que se riasn tolas as estrelas / da tolamia da noiva com-*
- pañeira.* 62.4).
- COMPASIVO,-A** *adx.* Compasivo; cheo de compaixón (*Unha man compasiva... 50.1).*
- CON** *prep.* Con (*Con què pracer te aloumiño,... 14.5).*
- CONGOXA** *s.f.* Congoxa, tristeza e aflicción grande (*...e unha congoxa lonxana / que anda polo ár perdida;* 79.7).
- CONSELLO** *s.m.* Consello, recomendación que se lle fai a alguèn (*...a modo de consello, / dixolle hinchando o jòl.* 44.3).
- CONSOLO** *s.m.* Consolo, alivio da pena ou da fatiga (*A min práce-me a fontaña / porque a sua auga é un consòlo.* 54.6).
- CONSONAR** *v.t.* Consoar; harmonizar, facer soar conxuntamente (*...que eu bèn sei que ti consonas / esas notas cristaiñas (...)/ co ruxe-ruxe das follas;* 78.7).
- CONTA** *s.f.* Conta. **Á conta** *de;* con cargo a , gracias a (*á conta dos meus xornás / merquèi onte na Barqueira.* 12.11).
- CONTAR** *v.t.* Contar, narrar (*Moito en segredo m'ò contou un fado:* 40.4). (*Cántas cousas che contara / si n'as foras a contar;* 65.7).
- CONTENTO** *s.m.* Contento, alegría desbordante (*...é alegría i-é contento / i-é fartura / no forgar.* 26.19).
- CONTINUO,-A** *adx.* Continuo, constante (*...quèro oír os teus vèrsos, / a tua música continua;* 78.7).
- CONVIDAR** *v.t.* Convidar, incitar, esperta-lo apetito (*Sòlo miral-a convida / i-hènche de fartura a casa.* 23.5).
- CORREDOIRA** *s.f.* 1. Corredoira, camiño (*...botóu-se á corredoira / e marchou de viaxada.* 32.4). 2. Corredoira, camiño de carro (*enchendo as corredoiras vèn a avenza pra á casa;* 36.2).
- CORRER** *v.i.* 1. Correr, moverse con velocidade (*Vèntiño que vas tan lèdo, / corre, corre, ri que ri.* 66.6). 2. Acorrer, acudir en busca de axuda ou amparo (*...que o traballador sedènto, / cando o sol, aceso, pica, / a ti corre i-en ti al-contra / nõva forza de vida;* 79.21). 3. Correr, estenderse (*Deixa que corra a tua auga / pol-a pradèla sin vida,... 80.13).*
- CORRULLO** *s.m.* Curruncho, recanto (*Da chouza nun escuro corrullíño, /vèu nacer, casualmentes, un fèntiño.* 43.1).
- CORTE** *s.f.* Corte, dependencia onde se gardan os animais (*Chegòu á pòrta. Abrironlle pra a corte;* 30.4) (*Eu sei que o gado, alangreando, / cando o ceibo da cortiña... 80.2).*
- CORTINAXE** *s.m.* Cortinaxe (fem.) (*...os cortinaxes da brisa;... 79.14).*
- COSTA** *s.f.* 1. Costa, terreo en pendente, encosta (*...pròbe do que andar non pòde / còsta abaixo e còsta arriba.* 97.8). // *s.f.pl.* 2. As costas, parte posterior do corpo humano; lombo (*...quèro unha aguillada que me sirva entón / pra medirlle as còstas a algún pillabán.* 16.8).
- COUSA** *s.f.* 1. Cousa, calquera obxecto animado ou inanimado (*...soñara moitas cousas.* 31.7). 2. Cousa, ser non humano (*Cando as cousas falaban.* 41). 3. Termo afectivo, cariño, queridiño (*Bebe auga fría / que si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras, cousiña tola, / como rebola / na dura pèdra do brandoeiro.* 26.1).
- COXO,-A** *adx. e s.* Coxo (*pròbe do coxo en camiño,... 97.5).*
- CRAVUÑAR** *v.t.* Cravuñar, endereza-lo fio da gadaña (*Cra-*

vuñáron-se as gadañas. / chamáron-se os gadañeiros. 68.5).

**CRER**] v.t. Crer, confiar (*E crido no consello do veciño...* 48.11).

**CRIZAR**] v.t. 1. Criar, alimentar (*A mazá criara o verme / deu-me que cuspir pra un día;* 95.15.) // v.p. 2. Criarse, medrar (...*feita dun caxoto de carballo mouro / criado entre silvas nun terreo escravo.* 15.4) (*murchouse o ramallíño de ameneiro / e criouse o de espiño rexo e forte.* 46.4).

**CRIBO** s.m. Cribro, utensilio de malla para limpa-lo gran (*Collín auga nun cribro, / collín que non collera.* 99.3).

**cristaño,-a** adx. Cristalino; límpido, claro (...*eu bèn sei que ti consonas / esas notótas cristaiñas...* 78.8).

**CRISTAL** s.m. Cristal, vidro (*Pasa tocando os seus lixeiros / cascabelíños de cristal;* 60.11).

**croar**] v.t. Coroar; rematar (...*todas croadas de espiñas;* 78.16).

**CRUZ** s.f. 1. Cruz, símbolo formado por daus cruzados perpendicularmente (*Hoxe unha cruz de pau / no sitio onde ficóu / amostra ós camiñantes...* 85.11). 2. Cruz; peso carga, traballo (...*o meu calvario / subindo vou co-a miña cruz pesada.* 92.14).

**CUBERTO,-A** part. de cubrir; cheo, ategado (...*e rasguñado o coiro / e de chagas cuberto...* 82.4. // adx. 2. Cuberto, tapado (*Hoxe foi día de malla, / e hai grandes pilas de gran / bèn cubertiño de palla...* 22.4).

**CUME** s.m. Cume; parte máis alta dun monte (*Por tras do cume do monte / erguéuse a lua a mirar.* 94.1).

**CUN, CUNHA** Resultado do encontro da preposición *cone* o indefinido *un/unha* (...*unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea;* 36.1). (*Cunha sola palabriña / canta o que quere cantar,* 68.11).

**CUNCA** s.f. Cunca, recipiente cónico para comer ou beber (*Dan-lle de comer na cunca, / despois limpan-lle as baballas.* 70.15).

**CURRAL** s.m. Curral; recinto cercado situado diante ou ó carón da casa labrega no que se recolle o gando,... (*Ancho o curral. Ventás de cara ó sol...* 18.5).

**CURRO** s.m. Curro; espacío cercado de terreo onde se deixan ceibos os animais (*Sin medo á espora nin da tralla ó estalo, / pace tranquilo no curro e todo o raña.* 29.2) (*Detrás dos curros, no fondal da veiga;* 37.1).

**CURUXA** s.f. Curuxa, ave de rapina de costumes nocturnos (...*carballos ócos -casas das curuxas-* 37.8).

**CUSPIR** v.t. Cuspir, lanzar con forza desde a boca cuspe (*A mazá criara o verme / deu-me que cuspir pra un día.* 95.15).

**CHAGA** s.f. Chaga, ferida aberta (...*rasguñado o coiro / e de chagas cuberto...* 82.4).

**CHAMAR**] v.t. Chamar, convocar (*Cravuíñáron-se as gadañas, / chamáron-se os gadañeiros.* 68.6).

**CHAN** s.m. 1. Chan, lugar liso e sen elevacións; chaira (*No medio dun campeiro / alá no chan de Outeiro...* 47.2) (*Bendito o arume das flores / que recende pol-o chan.* 74.12).

**CHE** Forma átona do *pr. pers.* de 2ª persoa (*Hoxe adicoche o meu canto.* 10.5) (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei.* 10.8).

**CHEGAR** v.i. 1. Chegar; ir ou vir parar a algún sitio (...*Chegou á porta.* 30.3). 2. Chegar, aparecer, presentarse (*E por si algún día chega unha ocasión...* 16.5). // v.p. 3. Achegarse; aproximarse (*Súa nai, chégase onde a él e béixa-o;* 70, 7).

**cheio,-a** adx. 1. Cheo; repleto (*Tèn de gran un cesto cheio.* 20.5). 2. Cheo, que reborda (...*Cheio de maxestá, parés / un gran xigante que caíu ferido...* 39.5).

**CHOIO** s.m. Choio, traballo (*Quèn esto tèn ¿para que quèr máis chòio?.* 18.6).

**CHOIVA** s.f. Choiva, chuvia (*Unha noite de choiva, / nos seus tempos de noiva...* 61.1).

**CHORAR** v.i. Chorar (...*E a min porque chòran, chòran, / sin que seipa nada naide.* 53.3) (*Tua risa cascabeleira, / gaitiña, gaita riseira, dá-me ganas de chorar.* 63.8).

**CHORIMA** s.f. Chorima, flor do toxo (*Chorimas,* 55).

**chouza** s.f. Casopa; choupana (*Da chouza nun escuro corru-liño...* 43.1).

**CHOVER**] v.i. Chover (*Se chòve hai un abrigo.* 83.18).

**DAR** v.t. 1. Dar; conceder (*¿quèn me dera respirar / teus arumes montesiños...* 10.2). 2. Dar, proporcionar (*Bece-rrriña que remós, / ti has-me de dar puchos bos,* 13.18) (*Diòl-o arrequènte no forno e nos agros / e dia gozo d'él á vivos e finados...* 24.15). 3. Dar, producir, crear (...*Quèro unha aguillada / das millor feitiñas que puido dar Diòs.* 15.8).. 4. Doar, ceder gratuitamente (*Cantanto o teu larán-larán / larpando vas canto che dan.* 26.9). 5. Dar, estar á mercede de algo esp. un fenómeno climático (*Fòra dará-lle o frío e mail-o vento.* 44.6). 6. Dar, sentar, caer ben ou mal unha cousa (*A min prácen-me as follíñas / porque lles dan bèn ós arbres.* 53.2). 7. Dar, entregar (*Din miñas penas ó vento...* 95.5). **Dar voltas**, dar voltas, xirar (*Debe-cido, borrachón, / que das vóltras nun pè sòlo / coma un tolo.* 25.2) **Da-la volta**; volver cara onde un viña (*A de atrás paróuse un pouco, / a de diante deu a volta;* 94.12). **Da-las boqueadas**, agonizar (*E naquèl intre, disque / dixó, dando as boqueadas: ...* 32.15). **Dar que + inf.**; obrigar (*A mazá criara o verme / deu-me que cuspir pra un día.* 95.16).

**DE** prep. De (*codeseira de codesos...* 9.1) (*¿Ou non val Pépe d'Hermida / mais que pra tirar dun raño?.* 12.4).

**debecido,-a** adx. Devecido, que manifesta unha ansia incontrolada (*Debecido, borrachón, / que das vóltras nun pè sòlo...* 25.1).

**degorido,-a** adx. Degoirado (*Degorido, borrachón, / que das vóltras nun pè sòlo...* 27.17).

**DEGRESAR**] v.t. Degresar, agretar por efecto do frío (*teño os labios degresados,* 80.9).

**DEITAR**] v.t. Deitar, estar tumbado (...*repousan os pantasma todos xuntos, / deitados baixo a sombra dos carballos...* 38.5).

**DEIXAR**] v.t. 1. Deixar, permitir, consentir (*O que é se Diòs te me deixa / de teu dono n'as tèt queixa.* 14..13). 2. Deixar, desentenderse de algo ou de algún (*Deixái-no, que vai tolo - / a xènte marulóu.* 85.1). 3. Deixar, producir un determinado efecto (*Non che abondóu con me deixares cègo...* 92.3). **Deixarse estar**, non reaccionar, non actuar (*Deixa-te estar ahí, que estás millor.* 48.10).

**DEL, DELA** Resultado do encontro da preposición *de* cos

pronomes *el, ela*. O sue plural é *deles, delas*.

**delor**. V. **DOR**.

**DEMO** *s.m.* Demo (*¡Nin o demo do inferno!* 83.13).

**DENDE** *prep.* Dende, desde (*Quèro unha aguillada... / que non teña falta dende a punta ó cabo, ...* 15.2).

**dendes (de)** *prep.* Dende, desde (*Pacendo toda a tarde, bèn afeito, / chegôu dendes do fondo á cabeceira*. 29.6).

**DENTE** *s.m.* 1. Dente, peza ósea da boca (*Por onde pasa o dente do cabalo / é como si pasase unha gadaña*. 29.3). 2. Dente, púa dun angazo ou outra ferramenta (*...tèn ... ..o pelo repuluxado / coma os dentes dun restrelo*. 12.21).

**deporondar** *v.t.* Dependurar, estar unha cousa colgada de algo (*A roseira orgullosa / de ver-se tan pomposa / co-as súas rósas a rir, deporondadas*, 50.11).

**DEREITO,-A** *adx.* 1. Dereito, teso, recto (*...tél-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío*. 9.4). 2. Dereito, recto, sen desviacións (*Quèro unha aguillada (...)* de freba moi limpa, dereita, sin nós. 15.6).

**DERRADEIRO,-A** *adx.* Derradeiro, último, definitivo (*...amostra ôs camiñantes (...)* / o leito derradeiro / do tolo de Ribóns. 85.15).

**DESCOLORIDO,-A** *adx.* Descolorido, esvaído; sen a color que lle é natural (*O sol desque vèn o invèrno / sèmpre está descolorido*. 93.16).

**desemparado,-a** *adx.* Desamparado, abandonado (*Xèmes triste da Folqueira / no ermo desemparado, ...* 9.6).

**DESENMEIGAR** *v.t.* Desenmeigar, librar dun meigallo ou feitizo (*E un deles é mourao, e desenmeiga / os nenos emmeigados pol-as bruxas*. 37.4).

**DESFACER** *v.p.* Degoirar, consumirse (*Súa nai, a esconsolada, / como non tèn que lle dar / chéga-se onda a él e bèixa-o, / logo desfái-se a chorar*. 70.8).

**desfío** *s.m.* Acción de desfiar; desfiamento (*Pra o que aterèce de frío / dunha raiôla o desfío*. 104.4).

**DESPERTAR** *v.i.* Despertar, espertar, deixar de durmir (*Todo despèrta do sono / tranqul da noite serea*. 19.3).

**DESPOIS** *adv.* 1. Despois, con posterioridade (*Dan-lle de comer na cunca, / despóis limpan-lle as baballas*. 70.16) (*dimpôis sobre a terra quènte / i espelida, / (...)* vai caendo esparexida a semènte... 20.8). 2. Con valor adxectivo, despois, posterior (*Algún tèmpo despóis/ atoparon un môrto...* 85.6). // 3. *conx.* Despois (de) que (*Despóis que se lavou, vèuse a mirar / no espello azul do mar*. 61.5).

**DESQUE** *conx.* Desque, desde que (*...e desque bèbe, rebrinca*. 80.6).

**DEST(E),-A** Resultado do encontro da preposición *de* do demostrativo *este, esta* (*Deixa que corra a tua auga / (...) pol-o ermo resequido / desta secura infinita...* 80.16).

**DETRÁS (DE)** *loc.prep.* Detrás de (*Detrás dos curros, no fonda da veiga, ...* 37.1).

**DEVOTO,-A** *adx.* Devoto, que manifesta devoción (*Bendito o parpadexar / da lampariña devôta / que alumina diante do altar*. 75.2).

**DÍA** *s.m.* 1. Día, xornada (*Hoxe foi día de malla, ...* 22.3). 2. Día, tempo, momento impreciso (*E por si algún día chega unha ocasión...* 16.5). 3. Día, tempo que dura a claridade do sol (*E inda bèn non mirara a luz do día, / lèdo o fèntiño aquel, medraba e ría...* 44.9). 4. Día, período de vinteacato

horas (*A mazá criara o vèrme / deu-me que cuspir pra un día*. 95.16).

**DIANTE** *adv.* Diante, enfronte (*“Ei marèlo pra diante*. 36.3). // **Diante de**, diante, enfronte de (*Bendito o parpadexar / da lampariña devôta / que alumina diante do altar*. 75.3).

**DIAÑO** *s.m.* Diaño, espírito familiar de carácter burlón (*Mèrca unha puchiña, diaño, / anque seña como un año, ...* 12.6).

**DICIR** *v.t.* 1. Dicir, expresar algo con palabras (*Aanxela dime baixiño*. 12.1). 2. Dicir, expresar, manifestar; contar (*¡Cántas cousas che dixèra / si non foras falador!* . 65.3).

**DIFERENTE** *adx.* Diferente, distinto (*E foi así moi diferente a sôrte / dos ramallos da veira do carreiro*: 46.1).

**difunto,-a** *s.* Defunto (*...coma se foran caixas de difuntos*. 38.6).

**dimpôis**. V. **DESPOIS**.

**Dios** *s.m.* Deus, ser supremo (*Ti no aleitar has de ser / unha fonte, si Dios quèr, ...* 13.22) (*Diô-la bendiga*, 21.7). // *s.m.pl.* Deuses pagáns (*A mèsma noite xème en seus ramallos; / e nela, dioses mouros da negrura*. 38.3).

**disgracia** *s.f.* Desgracia, acontecemento adverso (*Foi tanta a pena da disgracia sua, / qwuè ni-unha noite dende entón durmèu*. 62.6).

**DISPOR** *v.t.* Dispor, dispoñer, preparar (*Do eido na cabeceira / o labrègo está disôto / pra facel-a sementeira / do que ha de recoller no agosto*. 20.2).

**DISQUE** *adv.* Disque, seica (*E naquèl intre, disque / dixo, dando as boqueadas*: 32.14) (*Disque non se quèr casar / unha das fillas da Rita*. 93.9).

**DITOSO,-A** *adx.* Ditoso; que posúe felicidade (*Ben ditoso é o labrègo que se pôda / valer en sí, ...* 17.1).

**DO,DA** Resultado do encontro da preposición *dee* os artigos *o, a, os, as*.

**DON** *s.m.* Don, tratamento de cortésia. Aparece soamente nas dedicatorias dalgúns poemas).

**DONA** *s.f.* Dona, muller, esposa (*Amiña dona rica / saléu-me macuqueira*. 99.1).

**DONCELA** *s.f.* Doncela, rapaza. Neste caso é un uso metafórico para referirse á codeseira (*Doncéla dos meus cariños, ...* 10.1).

**DONO,-A** *s.* Dono, amo, persoa á que pertence algo material ou inmaterial (*Cando seu dono a acariña, / pandéase, ...* 13.10) (*O dono do meu querer...* 96.1).

**DOR** *s.f.* Dor, dolor; pesar do espírito (*...arrincôu a violèta / murchiña co-a delor*. 50.5). (*Flores de toxo, floriñas, / agruchadas emtre espíñas / coma as flores, xa murchiñas, / das miñas profundas dôres...* 56.4).

**DOURADO,-A** *adx.* Dourado, da cor do ouro; amarelo (*Xa están os trigos dourados / recolleitos e medados*. 21.3).

**DOUS, DUAS** *num.* Dous, dúas (*E aforra que aforrarás, / hoxe un can, mañán dous cás, ...* 12.10). (*E no curral seus rezos marmullan duas veciñas* ... 36.5).

**DOUTRO,-A** Resultado do encontro da preposición *de* co indefinido *outro,-a* (*Eu vin ir dúas volainas / voa, voa, unha tras d-outra*. 94.10).

**dreito,-a**. V. **DEREITO,-A**.

**DUN, DUNHA** Resultado do encontro da preposición *de* e o indefinido *un, unha*. (*¡Ou non val Pèpe d’Hermida / máis*

que pra tirar dun raño? 12.5). (*O paso fôrte / e a sombra dunha idea de na mirada, ...* 30.2).

**DURADEIRO,-A** *adx.* Duradeiro; que pode durar moito tempo (...*porque unha aguillada que non tèn ferrón / ni-é honra do dono, ni-é pau duradeiro, ...* 16.3).

**DURMIR** *v.i.* 1. Dormir, quedar durmido (*Detrás dos curros, no fondal da veiga, / a carballeira dórmese.* 37.2). 2. Dormir, permanecer descansando en estado de inconsciencia (*Foi tanta a pena da disgracia sua, / que ni-unha noite dende entón durmêu.* 62.7).

**DURO,-A** *adx.* Duro, difícil de romper ou de dobrar (...*roi o grau louro e duro.* 26.12).

*E conx.* E (...*erma e triste codeseira... 9.7*) (...*tél-os braciños tesos / y-os pelos dretos co frío.* 9.4).

**EI** *interx.* Eh (“*Ei marèlo para diante.*” 36.3).

**EIDO** *s.m.* Eido, terreo de cultivo (*Do eido na cabeceira... 20.1*).

**EIRA** *s.f.* Eira; espacio de terra pavimentada ou non que está próximo á casa e onde se malla (*Con seu hórreo na eira, e seu albóio.* 18.4) (*Xa tèmola anada enteira / na eira.* 21.2).

**EITO** *s.m.* Eito, cada unha das porcións en que se divide un terreo para ser traballado (*Dimpóis sobre a terra quènte / y-espelida, / -eito a eito, / como nun fecundo leite / vai caendo espaxecida a seménte... 20.10*).

**EL, ELA** *pr. pers.* El, ella (...*o pròbe fèntiño / atopou na parede un furadiño / e por él se metèu de cara a fôra.* 43.10) (*Moito cacarexas, / -dille él.- I-ela responde:.. 57.8*) (*Non hai outras coma elas, ... 55.4*).

**EMPEZAR** *v.t.* Empezar, iniciar, comezar algo (*Mèrca unha puchiña, diaño, / anque sexa coma un año, / pra empezal-a nòsa vida.* 12.8).

**EMPEZO** *s.m.* Empezo, comezo de algo (*En ti vexo o meu porvir, / o empèzo do meu vivir, ... 14.3*).

**EN** *prep.* En (*Algún tèmpo despóis / atoparon un môrto / là riba en Montemôr, ... 85.8*).

**ENCANTAR** *v.t.* Encantar, aplicar sobre algo ou alguén artes de maxia (*O monte pol-a ría está encantado, ... 40.5*).

**ENCIMA** *adv.* Encima, enriba (*Pròbe do coxo en camiño; / bótase-lle a noite encima.* 97.6).

**ENFAIXAR** *v.t.* Enfaixar, cinguir algo a modo de faixa (*Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro, / enfaixado de toxos e de pinos.* 39.4).

**enferrar** *v.t.* Ferrar, coloca-lo aguillón na aguillada (*E bèn enferrada con ferrón de aceiro, ... 16.1*).

**ENFRIAR** *v.t.* Enfriar, arrefriar, poñer algo máis frío do que estaba (...*hai grandes pilas de gran / bèn cubertiño de palla, / pra que no’o enfrie o relènte.* 22.5).

**ENGURRAR** *v.t.* e *v.p.* Engurrar(se), acovardarse (*Malia ó hòmè engurradiño.* 98.7).

**ENMEIGAR** *v.t.* Enmeigar, realizar sobre alguén un meigallo (*Eun dles é mourao, e desenmeiga / os nenos enmeigados pol-as bruxas.* 37.5).

**ensanguñar** *v.t.* e *v.p.* Ensanguentar, encher ou manchar de sangue (...*os pès ensanguñados / de trispar tanto seixo; 81.5*).

**ENTEIRO,-A** *adx.* Enteiro, completo, que non lle falta nada (*Xa tèmola anada enteira / na eira.* 21.1).

**ENTÓN** *adv.* Entón, entonces, nese momento (...*quèro unha aguillada que me sirva entón / pra medirlle as còstas a algún pillabán.* 16.7).

**entramentras** *adv.* Entrementes, mentres, entretanto (*Deixáde-me ir, amigos, / entramèntas folguexo, ... 82.12*).

**ENTRAR** *v.i.* Entrar, penetrar no interior dun lugar (*Bendita seña a trunfal / luz do sol, e a raioliña / que entra pol-o fachinal.* 74.3).

**ENTRE** *prep.* Entre, no medio de (*Cavilando coma un tolo, / entre trasgolo e trasgolo... 11.2*) (*E cando iba salindo, un sapo vèllo, / acochado entre as pèdras da parede, / a modo de consello, díxolle hinchando o fól: 44.2*).

**ENTREMEDIAS** *adv.* Entremedias, no medio de (*Entre medias das silvas dun valado... 49.1*).

**ENXUGAR** *v.t.* Enxugar; seca-la humidade ou a auga (*Cando quixen enxugal-as / xa as enxugara o vènto.* 95.12).

**ERGUETO,-A** *part.* de erguer; ergueito, erguido (*Á noite hachóuse farto, e, o rabo ergueito / e a quina ó ár, botou unha carreira.* 29.7).

**ERGUER** *v.t.* 1. Erguer, levantar algo (*e por si algún día chega unha ocasión / en que Xan labrègo pòda erguel-a man, ... 16.6*) // *v.p.* 2. Erguerse, poñerse de pé (*E aquí cai, e alí se èrgue, ... 85.3*). 3. Erguerse, sobresaír unha cousa por riba do que a rodea (*Por tras do cume do monte / erguéuse a lua a mirar.* 94.2).

**ERMO,-A** *adx.* 1. Ermo, deserto, deshabitado (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pòn medo / (...)* *Nin os camiños ermos.* 83.9) // *s.m.* 2. Ermo, terreo sen cultivar (*Xèmes triste da Folgueira / no ermo desamparado, ... 9.6*).

**esbarar** *v.i.* Esvarar, ser esvaradio (*O carreiro esbaraba, / e todo o que pasaba, ... 45.5*).

**ESBRANCUXADO,-A** *adx.* Esbrancuxado, de cor branca pálida (*Branca peneira que peneira / unha fariña esbrancuxada.* 60.2).

**escairo** *s.m.* Esqueiro; escaleira rústica e pequena nun valado ou muro (*Na veira do carreiro / en onde baixa o escairo pra o camiño... 45.2*).

**escanda** *s.f.* Especie de trigo, propia de países fríos e terreos pobres, que ten a palla dura e curta, e o gran resulta difícil de pelar (...*teu alènto, flor de escanda, / nèboa virxen, cinta branda... 26.16*).

**escarapelar** *v.t.* Escarapolar, quitarlle a casca ou carapela a algo (*No forno escocida i-escarapelada, / de freba moi limpa, dereita, sin nós.* 15.5).

**escocer** *v.t.* Cocer, preparar algo mediante o lume ou a calor (*No forno escocida i-escarapelada, / de freba moi limpa, dereita, sin nós.* 15.5).

**ESCOITAR** *v.t.* escoitar; dispoñe-lo oído para percibir algo (...*e escóitan-se nas regas os “grau-grau” barulleiros / das rás.* 35.4).

**esconsolado,-a** *adx.* Desconsolado, aflixido (*Sua nai, a esconsolada, / como non tèn que lle dar... 70.5*).

**ESCRAVO,-A** *adx. fig.* Escravo, sufrido, difícil (...*feita dun caxoto de carballo mouro / criado entre silvas nun terreo escravo.* 15.4).

**escuridá(de)** *s.f.* Escuridade, falta de luz e de claridade (*Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que aluma na escuridá.* 74.18).

**ESCURO,-A** *adx.* 1. Escuro, sen luz (*Da chouza nun escuro*

- corrullíño, vèu nacer, casualmente, un fèntiño.* 43.1). // *s.m.* 2. Escuridade, lugar escuro (...*cansado de estar sòlo / no escuro da sua casa...* 31.6). **Às escuras**, às escuras, sen luz (*Pra o que às escuras camiña / o claror dunha estrelíña.* 104.5).
- ESE,-A,-O** dem. Ese (*jesa é a aguillada que quero ter eu!*, 16.12) (*Eu casar, casar caséi; / ben ou mal, eso non digo,* ... 93.2).
- ESMAGAR** v.t. fig. Esmagar, cansar estremadamente (*Mirade, meus amigos, / mirade como veño! / Esmagado e molido...* 81.3).
- ESMOLA** s.f. Esmola, caridade, donativo que se lles dá ós pobres (*As rapazas do lugar / van-o mantendo de esmola.* 70.12).
- ESPALEXER** v.t. Esparexer, estender, derramar (...*como nun fecundo leito / vai caendo espaxada / a semènte...* 20.12).
- ESPELIR** v.t. Espelir, facer algo máis esponxoso (*Dimpòis sobre a tèrra quènte / i-espelida* ... 20.9).
- ESPELLO** s.m. Espello, obxecto no que se ve algo reflectido (*Despòis que se lavóu, vèuse a mirar / no espello azul do mar.* 61.6).
- esperguizar** v.p. 1. Espreguizar, estira-los membros para desentumece-los múscuos (...*esperguizóu-se o hòme, / estiróu bèn as zancas...* 32.2). 2. Estar, permanecer nun lugar, situación, etc. (*Dèixa-te estar ahí, que estás millor.* 48.10) (*quero estar cerca do ceio / e poder mirar ó lonxe.* 97.11).
- ESTIRAR** v.t. Estirar, estender ben algo (...*estiróu bèn as zancas,* ... 32.3).
- estortillar** v.t. Esmagar (...*estortillou-no a ròda / dun carro que pasaba!* 32.12).
- ESTOUPAR** v.i. Estoupar; rebentar algo de súpeto e con violencia (...*nflado, tan inflado / que cásque estoupaba.* 32.11).
- ESTRELA** s.f. Estrela, astro brillante (...*Soltando-as van, mèntras de frío / trèmen no azul as estrelíñas.* 60.8) (*veu que tiña tismadas as meixelas / e que se rian tolas as estrelas / da tolamia da noiva compañeira.* 62.4).
- ESTROFA** s.f. Estrofa (...*que estás marmulando estrófas / de sinxelas poesías...* 77.8).
- ESTRUME** s.m. Estrume, mato para meter na corte como leito dos animais (...*e bos estrumes pra meter na corte,* ... 17.7).
- esvaer** v.t. Esvaecer, desmellorar, perde-la cor (*Fèntiño prisioneiro, que esvaído e tristeiro,* ... 43.4).
- ETERNO,-A** adx. Eterno, sen fin (...*É a cèrna / dos seus carballos coma o ferro, eterna.* 37.3).
- EU** pr. pers. Eu (...*erma e triste codeseira / onde eu alindéi o meu gado.* 9.7).
- FACER** v.t. 1. Facer, actuar (*¿Ti cómo farás, José..?* 11.7) (*Faigo coma o carriño cantareiro / que canto máis cargado millor canta.* 92.15). 2. Facer, converter algo en certa cousa (...*hei facer dela unha vaca / coma as millores da aldea.* 13.7). 3. Facer, producir algo (*Con fariña e con forraxe / teño de facerche un traxe;* 14.10). 3. Facer, realizar algo (*Do eido na cabeceira / o labrègo está dispòsto / pra facel-a sementeira...* 20.3). (**Facer boa feira**; realizar un bo negocio (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira.* 12.16). **Facer falla**, ser necesario ("Ter vacas miñas! Canté! / pro fai falla tèn un pé. 11.6). **Facer + inf.**, perífrase modal de valor obrigativo (*A min práce-me o vèntiño / porque às follas fai cantar.* 54.2).
- fachinal** s.m. Fachinelo; ventá pequena feita na parede (*Bendita seña a trunfal / luz do sol, e a raióliña / que entra pol-o fachinal.* 74.3).
- FADO** s.m. Fado, divindade mitolóxica que presaxiaba o futuro (*Moito en segredo m'ó contóu un fado:* 40.4).
- FALA** s.f. Fala, acción de falar. **Prender na fala**, tatear (A

*mullèr de Antón de Bante / pènde un pouquiño na fala, / pèro non prènde o bastante. 98.11).*

**FALADOR,-ORA** *adx.* e *s.* Falador, indiscreto, incapaz de gardar un segredo (*¡Cántas cousas che dixèra / si nin foras falador! 65.4).*

**FALAR** *v.i.* 1. Falar; charlar, conversar (...*reloucan, e rinse, e falan / arrededor do remòl: 23.13).* 2. Falar, opinar, comentar (*Non houbo de quèn falar. 98.6).* 3. Falar, te-la capacidade de comunicarse mediante signos orais (*Cando as cousas falaban. 41).*

**FALTA** *s.f.* Falta, defecto, imperfección (*Quèro unha aguillada que seña un tesouro, / que non teña falta dende a punta ó cabo, ... 15.2).*

**FALTAR** *v.i.* Faltar; estar ausente unha persoa (*¡Pròbe! Cando a nai lle falte / tèn de quedar-se tolleito. 71.4).*

**FALLA** *s.f.* Falta, carencia (*Pra o que tèn falla de alento / unha rachiña de vento. 104.7).* **Facer falla**, ser preciso (*“Tèr vacas miñas! ¡Cantè! / Prò fai falla tèr un pè. 11.6).*

**FAME** *s.f.* 1. Fame, alimentación escasa (*Ven de pasar fame pura; 13.1).* 2. Fame, desexo de comer (*Tès sede fèra, / fame de can, ... 26.5).*

**FAMENTO,-A** *adx.* Famento, cheo de fame (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pòn medo. (...)/ nin os lobos famentos. 83.11).*

**FARELO** *s.m.* Farelo, casca exterior do gran que se separa da fariña ó moer e que se empregaba como penso dos animais (*Tocóulle pouco farèlo, / que nada di coma o pelo / se vèn de ce man pròbe o gado. 12.22).*

**FARIÑA** *s.f.* Fariña, po resultante de moe-lo gran esp. dos cereais (*Con fariña e con forraxe / teño de facerche un traxe; 14.9).*

**FARTAR** *v.t.* Fartar, encher, saciar (*Eu quèro beber, beber; / fartar-me de esa auga fría. 80.8).* **A fartar**; en abundancia, con profusión (...*tèrras onde coller, si axuda a sòrte, / o maízo a fartar, ... 17.6).*

**FARTO,-A** *adx.* Farto, cheo, saciado (*À noite hachóu-se farto, e, o rabo ergueito / e a quina ó ár, botóu unha carreira. 29.7).*

**FARTURA** *s.f.* Fartura, abundancia (*xa hai sinais de fartura: 24.6).*

**FECONDO,-A** *adx.* Fecundo, fértil (*-eito a esito, / como nun fecundo leito / vai caendo espaxada / a semènte... 20.11).*

**FEIRA** *s.f.* Feira, reunión para o intercambio e compra e venda de produtos agrícolas, gando e manufacturas (*Fun á feira do Monte, / fun que non fora: / vendín vaca cinlleira, / merquéi maronda. 99.5).* **Facer (boa) feira**, saír gañando nun negocio (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira. 12.16).*

**FEITO,-A** *adx.* Feito, ben elaborado (...*Quèro unha aguillada / das millor feitiñas que puído dar Diòs. 15.8).*

**FENDER** *v.t.* Fender, abrir ou rachar un corpo sólido sen dividilo totalmente (...*unha aguillada que non tèn ferrón / (...) / non limpa un arado nin fènde un terrón. 16.4).*

**FENTO** *s.m.* Fento, planta das criptógamas; feiço, felgo (*Da chouza nun escuro corrullíño, / vèu nacer, casualmentes, un fentiño) (...d'entón quedóu-se o fento pequiniño. 48.13).*

**FERIDO,-A** *adx.* Ferido (...*parès / un gran xigante que cauí ferido... 39.6).*

**FERIDOR,-ORA** *adx.* Feridor, que produce ferida (*E pasaba chorando horas e horas, / sufrindo as espiñadas feridoras / das silvas que medraban arredor. 49.7).*

**FERO,-A** *adx.* 1. Fero, cruel (...*estaba sèmpre espeta que te espeta / na tènra violeta / as suas fèras espiñas aguzadas. 50.14).* 2. Fero, feroz, (*Tès sede fèra, / fame de can... 26.4).*

**FERRO** *s.m.* Ferro (...*É a cèrna / dos seus carballos coma o fèro, eterna. 37.3).*

**FERRÓN** *s.m.* Ferrón, punta de ferro ou aceiro que se coloca na punta das aguilladas e na dos peóns e buxainas (...*unha aguillada que non tèn ferrón / ni-é honra do dono, ni-é pau duradeiro... 16.2).*

**fertuna** *s.f.* Fortuna, sorte favorable (*A mórte e mail-a fertuna / vèn por un mèsmo sendeiro, ... 97.1).*

**FERVER** *v.i.* Ferver, estar axitado. **Ferve-lo sangue no corpo**, estar moi excitado (*Que inda teño / unhas gotas de sangue / rebulindo e fervendo. 82.19).*

**FESTA** *s.f.* Festa, reunión para divertirse (*Hoxe hai fèsta en cas Farruco; / casou Rosa con Rosendo. 93.5).*

**FICAR** *v.i.* Ficar, permanecer, quedar nun sitio ou estado (*Hoxe unha cruz de pau / no sitio onde ficóu... 85.12).*

**FIGURA** *s.f.* Figura, forma exterior dun corpo (...*prò tèn òso e armadura / pra botar boa figura... 13.2).*

**FILLO,-A** *s.* Fillo (*Ti no aleitar has de ser / unha fote, si Dios quèr, / e òs meus fillos hei mantèr / co leiteño do teu ubre. 13.23).* (*Disque non se quèr casar / unha das fillas de Rita... 93.10).*

**FIN** *s.m.* Fin (fem.), final, remate (...*tocando aquí e alí sua tocata sin fin, / vai o cego tocando o violín. 33.5).*

**FINADO,-A** *adx.* e *s.* Finado, morto (*Diòl-o arequènte no forno e nos agros / e día gozo d'él á vivos e finados... 24.15).*

**FLOR** *s.f.* Flor, parte reproductora dunha planta (*Teu alento / polvorènto, branco e puro; teu alento, flor de escanda, ... 26.16).* (*Flores de toxo, floriñas, / pequiniñas, / amarèlas. 55.1).*

**FOGAR** *s.m.* Fogar, casa onde se nace ou vive (...*é alegría i-é contènto / i-é fartura / no fogar. 26.21).*

**FOL** *s.m.* 1. Fol, bolsa de aire coa que se fai soa-la gaita (...*¡Pròbe de min! Rompéron-me / o fól da miña gaita... 32.17).* 2. *fig.* Fol, peito (...*un sapo vèllo, / (...) / a modo de consello, / díxolle hinchando o fól: 44.4).*

**FOLGANZA** *s.f.* Folganza, preguiza, falta de ganas de traballar (*Botóu-me por folganza, / fun-me por non traballar. 94.7).*

**FOLGO** *s.m.* 1. Folgo, aire necesario para respirar (*Qèrs-me tornal-o vento, / quèrs-me tapal-o folgo. 92.2).* // *pl.* 2. Folgos, alento, vida (*Quèro seguir andando. / Quèro seguir correndo. (...) / Hastra cair sin folgos. 84.9).*

**FOLGUEXAR** *v.i.* Folguexar; ter folgos, ter alento e vida (*Deixáde-me ir, amigos, / entramèntas folguexo, / ... 82.12).*

**FOLLA** *s.f.* Folla, órgabo das plantas (...*Do ramallo / as follas verdes estalan, ... 23.9).* (*Bendita a pinga de orballo / que trème na hèrbiña verde / e na folla do ramallo. 74.15).*

**folllax**. V. **FOLLAXE**.

**FOLLAXE** *s.m.* Follaxe (fem.) (...*agrúchanse, piando, na*

- quentura dos niños, / entre o follaxe espeso das silvas e loureiros. 35.8) (...verde e espeso o follax -leito das pe-  
gares-; 37.7).*
- FONDAL** *s.m.* Fondal, parte máis baixa dun terreo en declive (*Detrás dos curros, no fondal da veiga, ... 37.1).*
- FONDO** *s.m.* 1. Fondo, extremo baixo dun terreo (...*chegóu dendes do fondo á cabeceira. 29.6).* 2. Fondo, profundo, rico (*A terra en onde estaban afincados, / por ser terra de fondo, / tiña sustanza abondo / pra viviren os dous acomodados. 48.2).* 3. Fondo, parte inferior dunha cousa oca (*A min práce-me a fontaña / porque a súa auga é un consòlo. / E a min pòrque deixa ver / todo canto tèn no fondo. 54.8).*
- FONTE** *s.f.* 1. Fonte, manantial de auga que brota da terra (*A min práce-me a fontaña / porque a súa auga é un consòlo. 54.6).* 2. Fonte, instalación para canalizar e conserva-la auga dun manantial (...*pilla o camiño da fonte, / mète os beizos na tua pia... 80.3).* 4. *fíg.* Fonte; aquilo do que flúe en abundancia un líquido (*Ti no aleitar has de ser / unha fonte, si Diòs quèr,... 13.22).*
- FÒRA** *adv.* Fòra, na parte exterior (*Pro, señor fènto, ¿pra ónde vai vostede? / Fòra darálle o frío e mail-o vento. 44.6).*
- FORNO** *s.m.* Forno; instalación para coce-lo pan (*Con leña seca de toxo / roxòu-se o forno bèn roxo. 23.2).*
- FORRAXE** *s.m.* Forraxe, palla do millo ou do cereal que se emprega como alimento do gando (*Con fariña e con forraxe / teño de facerche un traxe; ... 14.9).*
- FORTE** *adx.* 1. Forte, duro e resistente (*murchóuse o ramalhão de ameneiro / e criouse o de espiño rexo e forte. 46.4).* 2. Forte, vigoroso, seguro (...*O paso fòrte / e a sombra dunha idea na mirada, / là vai pensando sin pensar en nada. 30.1).*
- FORZA** *s.f.* Forza, ánimo (...*a ti corre i-en tialcontra / nõva forza e nõva vida. 79.22).*
- FOULAR** *v.i.* Foular, levantar po o muiño ó moer (*Roula, foulá, bule axiña, / que o teu pilo de fariña / pouco a pouco médra, médra. 27.7).*
- FRACO,-A** *adx.* Fraco, que ten poucas carnes (*E anque é hoxe unha pataca / e coma os cainzos fraca, hei facer dela unha vaca... 13.6).*
- FRAUTA** *s.f.* Frauta (...*Os sapos pìrguiceiros, / cansados baixo as pèdras de estar acochadiños, / salen a tocar a frauta às veiras dos camiños, ... 35.3).*
- FREBA** *s.f.* Freba, fibra vexetal; freba (...*de freba moi limpa, dereita, sin nõs. 15.6).*
- FRESCO,-A** *adx.* Fresco, moderadamente frío (*Vèntiño, vento lixeiro, / fresquiño e arrolador. 65.2)* (*Bendito o agurgullar / da fonte que sèmpre tèn / auguiña fresca que dar. 74.9).*
- FRESCURA** *s.f.* 1. Frescura, calidade de fresco (*si no-hai auga nas fontes / hai frescura no vento. 84.2).* 2. Frescura, limpeza, transparencia (...*amostras a quèn te mira / a claridá dos teus ollos / e a frescura da tua lingua; 77.6).*
- FRÍO,-A** *adx.* 1. Frío, a temperatura baixa (*Bebe auga fría / que si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras,... 25.5).* // *s.m.* 2. Frío, falta de calor (...*tél-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío. 9.4).*
- FURADA** *s.f.* 1. Furada, tobo onde se acocha un animal (...*mirando para fòra / na boca da furada,... 32.1).* 2. Fu-
- rada, cova (*Co-a súa risada clorada / fai rebulir a aldea enteira. / O sol que sale da furada. 59.3).*
- FURADIÑO.** V. **FURADO.**
- FURADO** *s.m.* Furado, buraco (...*o pròbe do fèntiño / atopóu na parede un furadiño... 43.9).*
- GADAÑA** *s.f.* Gadaña, ferramenta cortante para sega-la herba (*Por onde pasa o dènte do cabalo / é como si pasase unha gadaña. 29.4).*
- GADAÑEIRO,-A** *s.* Gadañeiro, gadañador, persoa que sega con gadaña (*Cravuiñaron-se as gadañas, / chamáron-se os gadañeiros. 68.6).*
- GADO** *s.m.* Gando, gado, conxunto de animais ou reses mansas (...*erma e triste codeseira / onde eu alindèi meu gado. 9.8).*
- GAITA** *s.f.* Gaita, instrumento músico de vento (*Gaitiña, gaita riseira / que vas vertendo no ár / a risa da muiñeira... 63.1).*
- GALLEIRO** *s.m.* Galleiro, colgador; aquí parece te-lo sentido de 'despensa' (*O teu sopra voandeiro, (...) será pan no meu galleiro. 27. 16).*
- GANA** *s.f.* Gana, desexo, vontade de facer algunha cousa (*Xa hai sinais de fartura:/ un recendo a cocedura / que abre as ganas de comer. 24.8).*
- GANAR** *v.i.* Ganar, obter un beneficio, unha recompensa mediante un esforzoz (*Non ganaráz quèn non se achega a nada / nin quèn moito se achega. 91.1).*
- GARIMOSO,-A** *adx.* Garimoso; doce e agradable (*Se no muiño se escoita / un garimoso roular... 70.2).*
- GASTAR** *v.t.* Gastar; usa-lo diñeiro para adquirir algo (*Bèn ditoso o labrègo (...) que tèn (...) un peso para gastar; ... 17.4).*
- GOTA** *s.f.* Gota; pinga; porción minúscula dun líquido (*Que inda teño / unhas gotas de sangue / rebulindo e fervendo. 82.18).*
- GOXO** *s.m.* Goxo, cesto (...*e cando oièu amazarar no toxo / mioqueiro rinchóu, pedindo un goxo. 30.6).*
- GOZO** *s.m.* Gozo, pracer, disfrute (*Diòl-o arrequente no forno e nos agros / e día gozo d'èl a vivos e finados... 24.15).*
- GRACIA** *s.f.* 1. Gracia; algo que agrada ou atrae na forma de dicir ou face-las cousas (...*estás marmulando estròfas / de sinxèlas poesías / co-a gracia que Diòs che deu / pra que foses graciosa; 78.1).* 2. Gracia; calidade que fai algo agradable (*Hoxe adicoche o meu canto. / Non tèn gracia; ben-o sei. 10.6).*
- GRACIOSO,-A** *adx.* Gracioso, que di ou fai as cousas con gracia (...*estás marmulando estròfas / de sinxèlas poesías / co-a gracia que Diòs che deu / pra que foses graciosa; 78.2).*
- GRAN** <sup>1</sup> *s.m.* Gran; semente e froito dos cereais e outras plantas (*Hoxe foi día de malla, / e hai grandes pilas de gran / bèn cubertiño de palla,... 22.3)* (...*roi o grao louro e duro. 26.12).*
- GRAN** <sup>2</sup> . V. **GRANDE.**
- GRANDE** *adx.* Grande, de certo tamaño ou extensión (*Non é moi grande a becerra,... 12.13)* (...*parès / un gran xigante que caíu ferido... 39.6).*



**grao.** V. GRAN<sup>1</sup>.

**grau-grau** *s.m.* Palabra onomatopéica para representalo son que producen as ras cando croan (...e escóitan-se nas regas os "grau-grau" barulleiros / das rás. 35.5).

**GRILEIRA** *s.f.* Grileira; tobo onde se acocha o grilo (*Bendita sexa a raxeira / que saca o vèrme da cama / e o griliño da grileira.* 73.6).

**GRILO** *s.m.* Grilo, insecto (*Bendita sexa a raxeira / que saca o vèrme da cama / e o griliño da grileira.* 73.6).

**GUAPÓ,-A** *adx.* Bonito, fermoso, guapo (¡*Ouh, qué guapo é o boliño / que está na boca do forno!* 24.3).

**habenza** | V. AVENZA.

**HABER** *v.t.* Haber; existir (*Si no-hai lume nas casas / ¡hai estrelas no ceño!* 84.3). **Haber + (de) + inf.** 1) perífrase que expresa futuridade (*Becerríña que remós, / ti has-me de dar puchos bos...* 13.18). 2) probabilidade, desexo (*O dono do meu querer / ha de ser tando do xeito / que seipa ulir unha flor...* 96.2). **Hóubo-che tẽr que contar**, perífrase coa que expresa ironicamente unha realidade suposta (*Por tras do cume do monte / erguéu-se a lua a mirar. / Ti viñas da romería. ¡Hóubo-che tẽr que contar!* 94.4).

**hasta** *adv.* Ata, incluso (*E logo hasta é tan mansiña... !* 13.9)

**hastra** *prep.* Ata (*hastra ver o que pòdo / hastra ver a onde chego. / Hastra cair sin folgos. / Hastra cair morrendo;* 84.7/8/9/10).

**henchar** | *v.t.* Encher, ocupar un espacio con algo (*Sólo miral-a convida / i-hẽnche de fartura a casa.* 23.6) (...*henchendo as corredoiras vèn a aveza pra à casa.* 36.2).

**HERBA** *s.f.* Herba; pequena planta faerógama non leñosa (...*E a min porque cai amòdo / sin abanar as hẽrbiñas*) (...*Dan-lle seu arume as flores, / sombra e caricias as hẽrbas.* 68.4).

**hinchar** | *v.t.* Inchar, encher unha cousa de aire (...*un sapo vèllo (...)* / *a modo de consello, / díxolle hinchando o fól:* 44.4).

**hinchẽte** *s.f.* Enchente, fartura na colleita (*Ha de ser ano de hinchẽte / que está moi cargada a espiga.* 21.5).

**HOME** *s.m.* 1. Home, individuo do sexo masculino (*Ni-unha falta triste dende a punta ò cabo; / que digan os homes: ¡a vara nacèu; /* 16.10) (*Si chego, un trunfo máis. / si morro, un home menos.* 84.14). 2. Home, esposo (*Anxela dime baixiño: / ¿Sabes en que penso homiño? / En pillar outro camiño.* 12.2). 3. Home, personificación dun animal; neste caso o sapo (...*mirando para fõra / na boca da furada, / esperguizõu-se o hõme,*... 32.2).

**HONRA** *s.f.* Honra; motivo de orgullo (...*porque unha aguillada que non tèn ferrõn / ni-é honra do dono, ni-é pau duradeiro,*... 16.3).

**HORA** *s.f.* 1. Hora, tempo oportuno para realizar unha cousa (*Era hora e ceibõuse.* 30.1). 2. Hora, período de tempo máis ou menos preciso (*Foi nas horas caídas / dunha tarde amaiada.* 31.1) (*E pasaba chorando horas e horas,* ... 49.6).

**HÓRREO** *s.m.* Hórreo; cabaceiro (*Con seu hórreo na eira, e seu albõio.* 18.4).

**HOXE** *adv.* 1. Hoxe, no tempo presente (*Hoxe adicoche o meu canto.* 10.5) (*Hoxe unha cruz de pau / no sitio onde fi-*

*cóu / amõstra òs camiñantes...* 85.11). 2. Hoxe, no día presente (*Hoxe foi día de malla, / e hai grandes pilas de gran...* 22.2).

**HUMILDE** *adx.* Humilde, modesto polo tamaño (...*e todo o que pasaba, / pra baixar ò camiño, / botaba as mans ò humilde ramalliño...* 45.8).

i. V. E.

**ideia** *s.f.* Idea; pensamento de realizar unha cousa determinada (...*O paso fõrte / e a sombra dunha ideia na mirada / là vai pensando sin pensar en nada.* 30.2).

**IDILIO** *s.m.* Idilio, relación entre namorados (*Idilio.* 57).

**ILUSIÓN** *s.f.* Ilusión; imaxe mental de algo inexistente que se toma como real (...*e unha ilusión que, xa mõrta, / resucitõu volainiña;* 79.9).

**INCERTO,-A** *adx.* Incerto, inseguro, indeciso (...*o paso incerto, a cara ergueita, a vista mõrta, / (...)* vai o cego tocando / o violín. 33.4).

**INDA** *adv.* 1. Aínda, inda (*E inda bèn non mirara a luz do día, / lèdo o fentiño aquel, medraba e ria...* ; 44, 10) (*Dèixade-me ir, amigos... que inda teño demẽtes / de chegar a onde quèro;* 82, 15). 2. Nin sequera (*Deixáde-me ir, amigos, / que inda aquí non me quedo;* 82, 8)

**INFERNO** *s.m.* Inferno (*deixáde-me ir, amigos, / que nada me põn medo. (...)* ¡*Nin o demo do infèrno!* 83.13).

**INFINITO,-A** *adx.* Infinita, inmensa, inacabable (*Deixa que corra a tua auga / (...)* / *pol-o ermo resequido / desta secura infinita.* 80.16).

**INFLAR** | *v.t.* e *v.p.* Inflar(se), fachendeir (...*soñando o que soñara, / inflado, tan inflado / que cásese estoupaba...* 32.10).

**INMENSO,-A** *adx.* Inmenso, enorme (...*xuntos en paz vivían / sua vida aldeán / -cal xigantõn inmenso e ò lado un neno- / un fentiño pequeno / e un pino grande,*... 47.7).

**inmõbre** *adx.* Inmóbil, que non se move (¿*Què fai sin xene-garse, sèmpre inmõbre?* 40.1).

**INOCENTE** *adx.* Inocente, sen malicia (...*santa, inocènte fontaña,*... 77.2).

**INTRE** *s.m.* Intre, momento breve de tempo entre dúas situacións (*E naquèl intre, disque / dixõ,* ... 32.14).

**INVERNO** *s.m.* Inverno; estación máis fría do ano (*O muiño é un neno branco / nado da auga do invèrno.* 71.2).

**IR** *v.i.* 1. Ir, dirixirse cara a un sitio (*Pro, señor fẽto, ¿pra ónde vai vostede?* 44.5). 2. Ir, marchar (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me põn medo.* 83.7). 3. Ir, ter un determinado estado (*Deixái-no, que vai tolo-* 85.1) // *v.p.* 4. Irse, marchar dun lugar (*Botõu-me por folgazana, / fun-me por non traballar.* 94.8). **Ir+ inf.** perífrase con valor de futuro inmediato (...*e os nenos, que nunca calan, / hoxe que van tẽr pan mól,* / 23.11) (...*que xa amosan as espiñas / cando a man vai a collel-as.* 55.6). **Ir+ xerundio;** perífrase aspectual de valor progresivo (...*vai caendo espaxada / a semènte.* 20.12) (*Võlta aquí e vólta alá / vai or io andando, andando.* 96.14).

**IRMÁN** *s.m.* Irmán (*Pra meus irmáns.* 37).

**ispido,-a** *adx.* 1. Espido, nu, sen protección nin cobertura (*Os pès esquerquenadiños / tèn, e os òsos ispidiños / coma as pèdras dos camiños,*... 12.18). 2. *fig.* Espido, con pouca carne, fraco (...*miña pucha, meu cariño, / a de esqueleto ispidiño / e pelo repuluxado!* 14.7).

lá. V. ALÁ.

LA *art.* Alomorfof do artigo feminino a. V. a.

LABIO *s.m.* Labio (de persoa) (*Teño os labios degresados; / teño a boca toda ardidá; 80.9*).

LABREGO,-A *adx.* 1. Labrego, labrador (*E por si algún chega unha ocasión / en que Xan labrègo pòda erguel-a man... 16.6*). // s. 2. Labrego, labrador (*Do eido na cabeceira / o labrègo está dispòsto / pra facel-a sementeira... 20.2*).

LADO *s.m.* Lado, parte lateral dun corpo. **Ó lado**, a carón, á beira (...*cal xigantón inmènso e ó lado un neno-, 47.6*).

LAIO *s.m.* Laio, lamento, xemido (...*esas nòtas cristaiñas / -às veces laios e bágoas, ... 78.9*).

LAMA *s.f.* Lama, lodo (*Cando chòve miudo todo é lama; 92.11*).

LAMBER] *v.t.* Lamber, pasa-la lingua por algo (...*e lám-ben-se duas vacas tocando as campaiñas. 36.8*).

lampariña *s.f.* Lámpada (*bendito o parpadexar / da lampariña devòta / aluma diante do altar. 75.2*).

larán-larán *s.m.* Formación expresiva (*Cantando o teu larán-larán! larpendo vas canto che dan. 26.8*).

LAREIRA *s.f.* Lareira, lar (*É unha casaña, en pèdra pedrexada; / grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipá ò rènte do remòl. 18.2*).

LARPAR] *v.t.* Larpar, comer algo de forma esaxerada (*Cantando o teu larán-larán! larpendo vas canto che dan. 26.9*).

LARPEIRO,A *adx.* Larpeiro, que lle gusta o que se indica (...*larpeiro de auga, / larpeiro de pan*).

LAVAR *v.t.* 1. Lavar (*As comadres do lugar / foron lavar todas xuntas. 98.5*). // v.p. 2. Lavarse; limpárase con auga ou outro líquido (...*lavóu-se bèn a lúa / para salir de rúa. 61.3*).

LEDO,-A *adx.* Ledo, alegre (...*E parexas de lèdos paxariños / agrúchanse, piando, na quèntura dos niños, 35.6*).

LEI *s.f.* Lei **Ter lei a alguén**, sentir simpatía por alguén (...*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei. 10.8*).

LEITE] *s.m.* Leite (...*e os meus fillos hei mantèr / co leiteño do teu ubre. 13.24*).

LEITIÑO. V. LEITE.

LEITO *s.m.* 1. Leito, lugar de descanso (*Tèn caxigos pra cestos e talégas; / verde e espeso o follax - leito das pegas-; 37.7*). 2. Sepultura (...*o leito derradeiro / do tolo de Ribóns. 85.15*).

LEMBRAR] *v.t.* e v.p. Lembrar(se) (*Ningúen dèl se lembraba. 85.5*).

LEÑA *s.f.* Leña, madeira cortada para o lume (*Con leña seca de toxo / roxóu-se o forno bèn roxo. 23.1*).

letanía *s.f.* Ladaña, enumeración de peticións breves (*Letanía aldeán. 73*).

LEVAR] *v.t.* 1. Levar, transportar algo (*Vendo que a levaba a auga / Ròsiña choróu, choróu. 94.15*). 2. Levar, guiar, dirixir (*Vèntiño, ¿si me levaras / a onde eu quixèra ir!. 66.3*). 3. Levar, arrebatarse (*Pro se un vèntiño m'as lèla / outro vèntiño m'as trai. 95.7*). ¡**Madia che lèval!**; xa o creoi!, así calquera; (*jmadia che lèva a cantar!. 67.8*).

lèxos. V. lonxe.

LIMPAR] *v.t.* 1. Limpar, quita-la suciedade de algo (*Dan-lle de comer naunca, / despòis limpan-lle as baballas. 70.16*). 2. Limpar, quita-lo que resulta inútil ou inservible (...*nin limpa un arado nin fènde un terrón. 16.4*).

LIMPEZA *s.f.* Limpeza, calidade do que está limpo (*jquèn me dèra respirar / teus arumes montesiños / na limpeza do teu ár!. 10.4*).

LIMPO,-A *adx.* Limpo, sen impurezas nin imperfeccións (...*de freba moi limpa, dereita, sin nós. 15.6*).

LINGUA *s.f.* Lingua, obxecto que presenta a forma dese órgano. Neste caso parece referirse ó chorro de auga da fonte (...*amostras a quèn te mira / a claridá dos teus òllos / e a frescura da tua lingua; 77.6*).

LIÑO *s.m.* Liño (*Tèn o liño pra coller, / tèn o trigo pra segar... 67.5*).

LIXEIRO,-A *adx.* 1. Lixeiro, suave, sen intensidade (*jQué bonito neboeiro / teu lixeiro / zarzallar! 27.2*). 2. Lixeiro, de pouco peso (*Pasa tocando os seus lixeiros / cascabèllos de cristal. 60.10*). 3. Lixeiro, delicado, suave (*Vèntiño, vènto lixeiro, / fresquiño e arrolador. 65.1*).

LO<sup>1</sup> *art.* Alomorfo de o. V. o<sup>1</sup>.

LO<sup>2</sup> Alomorfo do pr. pers. de 3ª persoa masculino o. V. o<sup>2</sup>.

LOBO *s.m.* Lobo (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pòn medo.(...) Nin os lobos famentos. 83.11*).

LOGO *adv.* Logo, despois (*E logo hasta é tan mansiña... ! 13.9*) (...*chèga-se onde a èl e bëixa-o, / logo desfái-se a chorar. 70.8*).

LOBAZO. V. LOMBO.

LOMBO] *s.m.* Lombo (*Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro, / enfaixado de toxos e de pinos. 39.3*)-

LONGO,-A *adx.* Longo, que ten lonxitude (*Vèntiño das azas longas / sèmpre a voar, a voar. 65.5*).

LONXANO,-A *adx.* Distante, afastado; que está a moita distancia (...*e unha congoxa lonxana / que anda pol-o ár perdidá; 79.7*).

LONXE *adv.* Lonxe, a distancia (*Quèn queira chegar bèn lonxe / jcantas vòltas tèn que ir dando! 96.15*). **Ó lonxe**, a distancia (...*quèro estar cerca do cèio / e poder mirar ó lonxe. 97.12*). (*¿pra onde vóu, preguntades? / -Là pra lèxos, moi lèxos... 82.10*).

LOUREIRO *s.m.* Loureiro, árbore aromática (*Xa barre o forno o basallo / de loureiro. 23.8*) (*Nos ramos do loureiro / cantaruxaba o mèrlo namorisqueiro. 57.1*).

LOURO,-A *adx.* Louro, de cor entre castaño e dourado (...*roi o grao louro e duro. 26.12*).

LÚA *s.f.* Lúa, astro nocturno satélite da Terra (...*lavóu-se bèn a lúa / para salir de rúa. 61.3*).

LUAR *s.m.* Luar, luz clara da lúa; lúa (*A auga tivo que ver / co meigallo do luar. 69.6*).

LUGAR *s.m.* Lugar, pequeno núcleo de poboación (*As rapazas do lugar / coidan dèl con moita ansia. 70.13*).

LUME *s.m.* 1. Lume, fogo (*Si no-hai lume nas casas / jhai estrelas no cèio!. 84.3*). 2. Lume, luz, resplandor (*Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que aluma na escuridá. 74.17*). 3. Lume, calor excesiva (*Era unha mañán de lume. 87.1*).

LUZ *s.f.* Luz, claridade (*E inda bèn non mirara a luz do día, / lèdo o fèntiño aquel, medraba e rúa... 44.9*) (*Bendita seña*

*a trunfal / luz do sol, e a raióliña / que entra pol-o fachinal.* 74.3).

**LLE** Forma átona do *pr. pers.* de 3ª persoa que funciona como Obxecto Indirecto (*Tocóulle pouco farêlo, / que nandía día coma o pelo / se vén de man prôbe o gado.* 12.22).

**maciñeiro** *s.m.* Maceira; árbore froiteira; maciñeira (...*Pasan zoando entre os maciñeiros / os roncós.* 35.5).

**macuqueiro,-a** *adx.* Que non ten máis que aparencia (*A miña dona rica / salêu-me macuqueira.* 99.2).

**MADIA** *interx.* Madia; úsase nas expresións ¡**Madia leva!** co significado de ‘así calquera’, ‘home claro!’ (*¡madia che leva a cantar!* 67.8).

**MAÍNZO** *s.m.* Mainzo, millo (...*Terras onde coller, si axuda a sôrte, / o maínzo a faltar, trigo e patacas;* 17.6).

**MÁIS** *adv.* Máis; denotando superioridade (*¿Ou non val Pépe d’Hermida / máis que pra tirar dun raño?* 12.5).

**MAIS** *conx.* 1. Mais, pero; con valor adversativo (*Mais ... ñas ansias de poeta / ti non-as rimas, fontíña!* 78.21). 2. Mais; con valor couplativo co reforzo de *e* (*Fôra, darálle o frío e mail-o vento.* 44.6).

**MAL**<sup>1</sup> *adv.* Mal, de forma contraria a como debe ser (*Eu casar, casar casêi; / ben ou mal eso non digo,* 93.2).

**MAL**<sup>2</sup> *adx.* Mal, apócope de *malo* (*Mal consello.* 43).

**MALIA** *interx.* Malia; expresión para indica condena, censura (*Malia ô hôme engurradiño. / Malia quén se pón a andar / e dá vólta do camiño.* 98.7).

**MALPOCADO** *interx.* Malpocado; expresa lástima, compaixón, pena (...*arrincóu a violeta -¡malpocado!- / murchiña co-a delor.* 50.4).

**MAN** *s.f.* 1. Man; extremidade do corpo (...*e todo o que pasaba, / pra baixar ô camiño, / botaba as mans ô humilde ramalliño.* ... 45.8). 2. Man, axuda (*Unha man compasiva / (... / arrincóu a violeta...* 50.1). 3. Man, propiedade, perenza (...*nadía dí coma o pelo / se vén de man prôbe o gado.* 12.24). 4. *fig.* Man, calquera obxecto material ou non que toca ou pode tocar (*O vento tèn man ruiñas: ... 98.1*) (*(fontíña) estás sèmpre acariñando / co-as tuas frescas mauñas / as paredes do silencio...* 79.12).

**MANSO** *adx.* Manso, dócil, que non ten condición brava (*E logo hasta é tan mansiña... !* 13.9).

**MANter** *v.t.* Manter, proporcionar alimento e todo o necesario para vivir (...*e os meus fillos hei manter / co leiteño do teu ubre.* 13.23).

**MAÑÁ** *s.f.* 1. Mañá, parte do día (*Mañán tépida de outono / un nôvo sol alumea.* 19.1) (*Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que alumina na escuridá.* 74. 16). // *adv.* 2. Mañá, ó día seguinte (*Hoxe un can, mañán dous cas,* ... 12.10).

**mañán.** V. **MAÑÁ.**

**MAR** *s.m.* Mar (*Despóis que se lavôu, vèuse a mirar / no espello azul do mar.* 61.1).

**MARCHAR** *v.i.* Marchar; irse dun lugar (...*botôpu-se à corredoia / e marchôu de viaxada.* 32.5).

**MARELO,-A** *adx.* 1. Marelo; amarelo, dise da vaca coa pelaxe desa cor (“*Ei marêlo pra diante*”—*un labrêgo que pasa.* 36.3). 2. Marelo; amarelo; da cor da cera, pálido (*Féntiño prisioneiro, / que esvaído e tristeiro, / e marêliño, o prôbe, coma a cera,* ... 43.5).

**marmular** *v.t.* 1. Murmurar; dicir algo en voz baixa (...*estás marmulando estrôfas de sinxelas poesías...* 77.7). 2. Murmurar; falar en voz baixa (*Deixái-no, que vai tolo- / a xènte marmulôu.* 85.2).

**marmullar** *v.t.* Murmurar; dicir algo en voz baixa (...*e no curral seus rezaso marmullan duas veciñas...* 36.5).

**marmullo** *s.m.* Murmurio; rumor xordo (...*parês / un gran xigante que caíu ferido / ou que ô marmullo se quedôu dormido / do río de Xubia, que lle bica ós pés.* 39.7).

**MARONDA** *adx. e s.f.* Maronda; estéril (...*vendín vaca cinlleira / merquêi maronda.* 99.8).

**MAS** Resultado do encontro do pronome átono de 1ª persoa *me* co de 3ª persoa *as* (*Pro se un ventíño m’as lèva / outro ventíño m’as trai.* 95.7).

**MASA** *s.f.* Masa; mestura homoxénea feita de auga e fariña (*Xa está no tendal a masa / en brandos pas repartida.* 23.3).

**MATAR** *v.t.* 1. Matar; dar morte (*Parês que quèr mata-lo ár, / zoupa que zoupa sèmpre n-él.* 59.4). 2. Matar, apagar; facer cesar un desexo (*Mais esta sede que mata, / ti non a matas, fontíña!* 80.17).

**maxestá[de]** *s.f.* Maxestade; atributo de quen ou do que inspira respecto e submisión (*Cheio de maxestá, parês / un gran xigante que caíu ferido...* 39.5).

**MAZÁ** *s.f.* Mazá; froita da maceira (*Adentéi unha mazá / por ver como sabía. / A mazá criara o vèrme; deu-me que cuspir pra un día.* 95.13).

**ME** Forma oblicua do *pr. pers.* de 1ª persoa que funciona como complemento sen preposición (...*quén me dera respirar / teus arumes montesiños...* 10.2) (*ô xardín fun por flores, / reñêu-me o xardiñeiro.* 92.6).

**MEDAR** *v.t.* Medar; facer medas cos mollos de cereal (*Xa están os trigos dourados / recolleitos e medados.* 21.4).

**MEDIO,-A** *s.m.* 1. Medio, zona ou punto que está equidistante dos extremos (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrta namoradiña.* 57.3). // *adv.* 2. Medio; a medias, non enteira (*O sol pasôu-lle un día pol-a pôrta / â triste flor aquela media môrta.* 49.9).

**MEDIR** *v.t.* Medir. **Medirle as costas a alguén;** darlle unha boa malleira (*quèro unha aguillada que me sirva entón / pra medirle as côstas a algún pillabán.* 16.8).

**MEDO** *s.m.* Medo; estado do ánimo de quen sente un perigo ou molestia (*Sin medo â espóra nin da tralla ô estalo, / pace tranquil no curro e todo o raña.* 29.1) (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pon medo.* 83.7).

**MEDRAR** *v.i.* 1. Medrar; aumentar de tamaño ou estatura un ser vivo (*¿Que é tolamia? Non é tal, / que anque seña un animal / tamén co cariño mèdra.* 13.16). 2. Medrar; facerse algo máis grande, máis numeroso, máis intenso (*Roula, foula, bule axiña, / que o teu pilo de fariña / pouco a pouco mèdra, mèdra.* 27.9).

**MEIGALLO** *s.m.* Meigallo; feitizo provocado por unha meiga ou, *por ext.*, por algo que cativa (*A auga tivo que ver / co meigallo do luar.* 69.6).

**MEIXELA** *s.f.* Meixela; cada un dos lados da caa; fazula (*Prôbe lúa rueira! / Veu que tiña tismadas as meixêlas / e que se rían tolas as estrelas...* 62.2).

**MENOS** *adv.* Menos; en menor número, grao ou intesidade (*Si chego, un trunfo máis. / Si morro, un home menos.* 84.14).

**MENTE** *s.f.* **Ter (de) mentes de**, ter intención de realizar algo (*Prò inda teño demèntes / de pasar, tarde ou cedo, / pra alá de Montemôr,...* 84.15).

**MERCAR** *v.t.* Mercar; adquirir algo mediante diñeiro; comprar (*Merca unha puchiña, díaño, / anque seña coma un año, / pra empezal-a nõsa vida.* 12.6).

**MERENDA** *s.f.* Merenda; comida campestre (*De merenda en merenda, / e de tenda en tenda,...* 33.1).

**MERLO,-A** *s.* Merlo; paxaro (*Nos ramos do loureiro / cantaruxaba o mèrlo namorisqueiro.* 57.2) (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrta namoradiña.* 57.4).

**MESMO,-A** *adx.* Mesmo; reforzo que indica que é precisamente aquilo que se nomea (*A mèsma Noite xème en seus ramallos;* 38.2). **2.** Mesmo; igual (*A mórte e mail-a fertuna / vèn por un mesmo sendeiro...* 97.2). // *s.m.* **3.** O mesmo, a mesma cousa (*Se chòve, hai un abrigo. // E se me mollo jé o mesmo!* 83.19).

**METER** *v.t.* Meter; poñer algo no interior dunha cousa ou dun lugar (...e bos estrumes pra meter na corte, 17.7) (...atopóu na parede un furadiño, / e por él se metéu de cara a fõra. 43.10).

**MEU, MIÑA** *pos.* Meu, miña (*A miña pucha.* 11) (*Doncela dos meus cariños,...* 10.1) (*Mais ... ñas ansias de poeta / ti non-as rimas, fontña!* 78.21).

**MILAGRE** *s.m.* Milagre; suceso atribuído a intervención divina (*E crido no consello do veciño, / -milagre d'El Señor! / d'entón quedóu-se o fènto pequiño.* - 48.12).

**MILLO** *s.m.* Millo; maízo (...*hei-te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha...* 14.12).

**millor** *adx.* **1.** Mellor; máis bo (...*hei facer dela unha vaca / coma as millores da aldea.* 13.8). // *adv.* **2.** Mellor; máis ben (*Déixa-te estar ahí, que estás millor.* 48.10).

**MIMOSO,-A** *adx.* Mimoso, mequeiro; amigo dos mimos (...*a pròbe flor tristeira / di-lle, toda arrumante e mimosiña, / namèntas que surri.* 50.17).

**MIN** *pr. pers.* Min; forma tónica oblicua do pronome de 1ª persoa (*jPròbe de min! Rompéron-me / o fõl da miña gaita...* 32.16).

**mioqueiro,-a** *adx.* Mioqueiro; mimoso, mequeiro (...*cando oiéu amazicar no toxo / mioqueiro rinchou, pedindo un goxo.* 30.6).

**MIRADA** *s.f.* **1.** Mirada; xeito de mirar (*Bota unha mirada ô cèio / supricante e reverènte.* 20.6). **2.** Mirada; vista (...*O paso fõrte / e a sombra dunha idea na mirada, / là vai pensando sin pensar en nada.* 30.2).

**MIRAR** *v.t.* **1.** Mirar; observar (*Sòlo miral-a convida / i-hènche de fatura a casa.* 23.6). **2.** Mirar, fixa-la vista en algo ou alguén (*E mirando pra a súa compañeira / a probe flor tristeira / di-lle:* 50.15).

**MÍUDO,-A** *adx.* **1.** Míúdo, pequeno; fino (*Ceibe a túa boca grande / branca nève miúdiña.* 27.6). // *adv.* **2.** Míúdo, con miudeza (*Cando chòve miúdo todo é lama.* 92.11).

**MO** Resultado do encontro do pronome átono de 1ª persoa me co de 3ª persoa o (*Moito en segredo m'o contou un fado:* 40.4).

**MODA** *s.f.* Modo; uso ou costume pasaxeiro (*Nin que te peines á moda, / nin que cambiel-o vestido.* 93.13).

**MODO** *s.m.* Modo; xeito de facer (...*un sapo vèllo (...)* a modo de consello, / díxolle hinchando o fõl: 44.3). **A modo;** a

modo, despacio (*E a min porque cai amòdo / sin abanar as hèrbiñas.* 53.7).

**MOITO,-A** *adx.* **1.** Moito, abundante (...*soñara moitas cousas.* 31.7). // *adv.* **2.** Moito, en cantidade (*Moito cacarexas,...* 57.7).

**MOL** *adx.* Mol, brando (...*hoxe que van tẽr pan mòl, / reloucan, e rinse, e falan...* 23.11).

**molido,-a** *adx.* Moído, cheo de cansazo e golpes (*Esmagado e molido, / suando a règo, a règo;...* 81.3).

**MOLLAR** *v.t.* Mollar, humedecer cun líquido (*E se me mollo jé o mesmo!* 83.19).

**MONTE** *s.m.* Monte; montaña (*Por tras do cume do monte / erguéuse a lua a mirar.* 94.1).

**montesiño,-a** *adx.* Montesio; propios do monte ou da natureza pura (*jquẽn me dera respirar / teus arumes montesiños / na limpeza do teu ár!* 10.3).

**MORNO,-A** *adx.* Morno; temperado, pouco quente (*jOuh, qué morno calorinho, / ouh qué calorinho morno!* 24.1).

**MORRER** *v.i.* **1.** Morrer; deixar de vivir (*Si morro, un hòme menos.* 84.14). **2.** Morrer, extinguirse; apagarse algo (...*unha ilusión que, xa mórta, / resucitòu volainiña;* 79.9).

**MORTE** *s.f.* Morte; terminación da vida (*A mórte e mail-a fertuna / vèn por un mèsmo sendeiro,...* 97.1).

**MORTO,-A** *adx.* **1.** Morto, sen vida (*Eu sei que as pradèlas mórta / òs teus beixos resucitan;* 79.17). **2.** Morto, apagado (...*o paso incèrto, a cara ergueita, a vista mórta,...* 33.4). // *s.m.* **3.** Morto; defunto (*Algún tẽmpo despòis / atoparon un mórto / là riba en Montemôr,...* 85.7).

**mourao,-á** *adx.* Negral; dise dunha especie de carballo (*E un deles é mourao, e desenmeiga / os nenos enmeigados pol-as bruxas.* 37.4).

**MOURO,-A** *adx.* **1.** Mouro, escuro (...*si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras,...* 25.7). **2.** Mouro, negral; dise dunha especie de carballo (...*feita dun caxoto dun carballo mouro...* 15.3). **3. fig.** Mouro; aciago, funesto; de influencia negativa (*A mèsma Noite xème en seus ramallos; / e nela, dioses mours de negrura, / repousan os pantasma todos xuntos,* 38.3).

**MOVER** *v.t.* Mover; poñer en movemento (...*se queda com unha pèdra, / sin moverse bèn nin mal.* 13.13).

**MUIÑEIRA** *s.f.* Muíñeira; baile (*Gaitiña, gaita riseira / que vas vertendo no ár / a risa da muíñeira...* 63.3).

**MUIÑO** *s.m.* Muíño; instalación accionada por auga para moe-lo gran (*Se no muíño se escoita / un garimoso roular / non é que roule o muíño / é que o arròla sua nai.* 70.1).

**MULA** *s.f.* Mula; animal equino (*Aloumiñei unha mula / por saber si era traidora. / Outra no-aloumiñaréi; sabendo que é mula, abonda.* 96.5).

**MULLER** *s.f.* Muller; esposa (*A mullèr de Antón de Bante / prènde un pouquiño na fala, / però non prènde o bastante.* 98-10).

**MUNDO** *s.m.* Mundo; parte do Universo habitada polos homes (...*Diòl-o arrequeñte / o pan no forno / e o Bèn pol-o mundo todo.* 24.13).

**MURCHAR** *v.t.* Murchar; perde-lo brillo e a frescura as plantas e as flores (...*murchòu-se o ramalliño de ameneiro / e criouse o de espiño rexo e forte.* 46.3) (...*que seipa ulir unha flor / sin-a murchar co alènto.* 96.4).

**MURCHO,-A]** *adx.* Murcho; dise da planta que perdeu a frescura e a viveza (*Unha man compasiva / (...) arrincóu a violeta... / murchiña co-a delor.* 50.5).

**MÚSICA** *s.f.* Música; son melodioso (*déixame pôr de ti prèto, / (...) / que quero oír os teus vèrsos, / a tua música continua;* 78.6).

**n° V. NON.**

**NACER** *v.i.* 1. Nacer; empezar a ter vida (*Da chouza nun escuro corrullíño, / vèu nacer, casualmentes, un fèntiño.* 43.2). 2. Nacer; ter orixe (...*que digan os hòmes: ja vara nacèu;* 16.10). 3. Nacer; xurdir (*O muíño é un neniño / branco, nascido da auga.* 69.2) (*O muíño é un neno branco / nado da auga no invèrno.* 71.1).

**NADA** *indef.* 1. Nada; ningunha cousa (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pón medo.* 83.7). // *adv.* 2. Nada; en ningunha cantidade, extensión ou intensidade (*Non ganará quen non se achega nada / nin quen moito se achega.* 91.1).

**nadia** *indef.* Nada (*Tocóulle pouco farèlo, / que nadia dí coma o pelo / se vèn de man pròbe o gado.* 12.23).

**NADO,-A V. NACER.**

**NAI** *s.f.* Nai; muller respecto do seu fillo (*Mèntras sua nai non-o beixa / o pequiniño non anda.* 69.3).

**naide** *indef.* Ninguén (*E a mín porque chòran, chòran, / sin que seipa nada naide.* 53.4).

**namentras** *adv.* Namentres; mentres (*di-lle, toda arumante e mimosiña, / namèntas que surri;* 59.18).

**NAMORADO,-A** *adx.* Namorado, que sente a paixón do amor (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrta namoradiña.* 57.4) (*Lúa namorada.* 60).

**NAMORISQUEIRO,-A** *adx.* Namorisqueiro; namoradizo; propenso a namorarse (*Nos ramos do loureiro / cantaruxaba o mèrto namorisqueiro.* 57.2).

**NAQUEL** Resultado do encontro da preposición *en* co demostrativo *aquel* (*E naquèl intrè, disque / díxo,* ... 32.14).

**nascido,-a V. nacer.**

**NÉBOA** *s.f.* Néboa; brètema (...*teu alènto, flor de escanda, / néboa virxen, cinta branda*... 26.17).

**NEBOEIRO** *s.m.* Neboeiro; néboa espesa (*¡Qué bonito neboeiro / teu lixeiro / zarzallar!* 27.1).

**NEGRURA** *s.f.* Negrura, escuridade; noite (*A mèsma Noite xème en seus ramallos; / e nela, dioses mouros da negrura,*... 38.3).

**NEL, NELA** Resultado do encontro da preposición *en* cos pronomes *el, ela* (*A mèsma Noite xème en seus ramallos; / e nela, dioses mouros da negrura,*... 38.3) (*Parès que quèr mal-tal-o àr / zoupa que zoupa sèmpre n-è.* 59.5).

**NENO,-A s.** 1. Neno; persoa de poucos anos (...*grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipa ò rènte do remól.* 18.3). 2. Neno, fillo (*O neno tira-lle ò pai.* 69.8). // *s.f.* 2. Nena, rapaza (*Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea.* 36.1).

**nesto** *V. NISTO.*

**NEVE** *s.f.* Néve e, *por ext.*, po branco (*Ceibe a tua boca grande / branca neve miudiña.* 27.6).

**ni V. NIN.**

**NIN** *conx.* Nin; e non; tamén non (...*sin moverse bèn nin mal.* 13.13) (...*porque unha aguillada que non tèn ferrón /*

*ni-e honra do dono, ni-é pau duradeiro, / nin limpa un arado nin fènde un terrón.* 16.3-4).

**NINGUÉN** *indef.* Ninguén; ningunha persoa (*Pro ninguén pensa que medróu bastante.* 48.5).

**NIÑO** *s.m.* Niño; acubillo das aves (...*E parexas de lèdos paxariños / agrichanse, piando, na quèntura dos niños,*... 35.7).

**NISTO** Resultado do encontro da preposición *en* co demostrativo *isto* /*esto* (*Maxinado n-isto eu, /Anxela dime bai-xiño:* 11.8) (*Eu casar, casar caséi; / ben ou mal, eso non digo, / que nesto de casamèntos / disque no-hai nada sabido.* 83.3).

**NO** Alomorfo do pronome persoal de 3ª persoa masculino *o*. *V. o°.*

**NÓ** *s.m.* Nó; parte avultada do talo das plantas (...*de freba, moi limpa, dereita, sin nós.* 15.6).

**NO(S), NA(S)** Resultado do encontro da preposición *en* e os artigos *o(s), a(s)* (...*E parexas de lèdos paxariños / agrichanse, piando, na quèntura dos niños,*... 35.7) (*Xèmes triste da Folgueira / no ermo desamparado, ...* 9.6) (*Diòl-o arrequènte no forno e nos agros...* 24.14) (*Foi nas horas caídas / dunha atrde amaiaada.* 31.1).

**no. V. NON.**

**NOBRE** *adx.* Nobre; ilustre, distinguido (*¿Quizáis se lembra dun pasado nobre?* 40.2).

**NOITE** *s.f.* Noite; parte do día sen luz do sol (*Todo despèrta do sono / tranquil da noite serea.* 19.4). **Á noite;** ó chega-la noite (*Á noite hachóuse farto,*... 29.7). **Botarse a noite encima;** collelo a un noite (*Pròbe do coxo en camião: / bótase-lle a noite encima.* 97.6).

**NOIVA** *s.f.* Noivo; namorado (*o mèrto atervóu onde / sua noiva estaba.* 57.5).

**NON** *adv.* Non (*Non tèn gracia; ben-o sei.* 10.6) (*Cántas cousas che contara / si n'as foras a contar!* 65.8) (...*que nesto de casamèntos / disque no-hai nada sabido.* 93.4).

**NOSO,-A** *pos.* Noso (*O pan noso de cada día...* 19) (*Mèrca unha puchiña, diaño, / anque seña coma un año, / pra empezal-a nosa vida.* 12.8).

**NOTA** *s.f.* Nota musical (...*eu bèn sei que ti consonas / esas nòtas cristaiñas*... 78.8).

**NOVO,-A** *adx.* 1. Novo, recén nacido (*Mañán tépida de outono / un nóvo sol alumea.* 19.2). 2. Novo, renovado (...*en tialcontra / nóva forza e nóva vida.* 79.22).

**NUN, NUNHA** Resultado do encontro da preposición *en* co indefinido *un, unha* (...*un caxoto dun carballo mouro / criado entre silvas nun terreo escravo.* 15.4) (*Puxen o amor nunhas bágoas / de profundo sentimento.* 95.9).

**NUNCA** *adv.* 1. Nunca, en ningún momento (...*e os nenos, que nunca calan,*... 23.10). 2. Nunca, en ningún tempo; xamais (*Bendite cruz xa vèlla / que, ò vènto, á auga, ò sol, / non apodrece nunca...* 85.19).

**ña. V. MIÑA**

**o° art.** 1. O (*Hoxe adicoche o meu canto.* 10.5). (...*que tél-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío.* 9.3).

**o° pr. prs.** Forma oblicua do pronome persoal de 3ª persoa masculino (...*chéga-se onda a él e béixa-o,*... 70.7) (*Dixo a teipa: eu non-o vexo.* 87.4) (*Diòl-o arrequènte...* ! 22.6) (...*jestortillóu-no a ròda / dun carro que pasaba!* 32.12).

**ó<sup>3</sup>** *contrac.* da preposición *a* e o artigo masculino *o* (...*que non teña falta dende a punta ó cabo...* 15.2) (...*que ten pra adr ós fillos unha coda*; 17.3).

**OCASIÓN** *s.f.* Ocasión; oportunidade para facer algo (*E por si algún día chega unha ocasión / en que Xan labrêgo pòda erguel-a man...* 16.5).

**OCO,-A** *adx.* Oco; que está baleiro no interior (*Tèn caxigos pra cestos e talêgas; / verde e espeso o follax -leito das pegas-; / carballos òcos -casas das curuxas-*. 37.8)

**OÍR** *v.t.* e *v.i.* Oír, percibi-los sons a través do oído (*Abríronlle pra a corte; / e cando oiêu amazar no toxo...* 30.5) (*-Moito cacarexas, / -dille él.- I-ela responde: / -Pra que me óias, aunque non me vexas.* 57.9).

**OLLO** *s.m.* Ollo; órgano da visión (*E unha luz diante os òllos / que me aluma o sendeiro.* 83.2).

**ONDE** *adv.* **1.** Onde (...*erma e triste codeseira / onde eu alimentêi meu gado.* 9.8) (*Ne veira do carreiro / en onde baixa o escairo pra o camiño...* 45.2). // *interrog.* **2.** Onde (*¿de onde veño, decides? / -Là de lèxos, moi lèxos...* 82.5). **Onde a**, onda (...*chêga-se onde a él e bêixa-o...* 70.7) (*Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea.* 36.1).

**ontes** *adv.* Onte; no día que precede a hoxe (...*á conta dos meus xornás / merquei ontas na Barqueira.* 12.12).

**ora** *conx.* Agora que (*Non é moi grande a becerra, òra que é moito por terra.* 12.14).

**ORACIÓN** *s.f.* Oración; pregaría (*Oración*: 24.9).

**ORBALLO** *s.m.* Orballo; vapor de auga condensado que cae pola noite (*Bendita a pinga de orballo / que trême na herbíña verde...* 74.13).

**ORGULLOSO,-A** *adx.* Orgulloso; vaidoso (*A roseira orgullosa / de ver-se tan pomposa / co-as suas rósas a rir...* 50.9).

**osamia** *s.f.* Osamenta; esqueleto (...*atoparon un môrto / (... / xa comêsto das aves / e co-a òsamia ô sol.* 85.10).

**ÓSO** *s.m.* Óso, peza do esqueleto (*Os pès esquerquenadiños tèn, e os òsos ispidiños...* 12.18).

**OU** *conx.* Ou (*¿Ou non val Pêpe d'Hermida / máis que pra tirar dun raño?* 12.4).

**OUH** *interx.* **1.** Ouh, expresando alegría (*¿Ouh, qué morno caloríño, / ouh qué caloríño morno!* 24.1). **2.** Ouh, expresando dolor (*¿Ouh Ankos! Cheio de maxestá, parés / un gran xigante que caíu ferido...* 39.5).

**OUTONO** *s.m.* Outono; estación do ano (*Mañán tépida de outono / un nôvo sol alumea.* 19.1).

**OUTRO,-A** *indef.* Outro (*¿Sabes en qué penso homiño? / En pillar outro camiño.* 12.3) (...*Non hai outras com elas, / que xa amosan as espiñas / cando a man vai a collel-as.* 55.4).

**OVO** *s.m.* Ovo (*bendito seña o calor / que do òvo fai salir / o pitiño piador.* 73.2).

**PACER** *v.i.* Pacer (*Sin medo á espóra nin da tralla ô estalo! pace tranquilo no curro e todo o raña.* 29.2).

**PAI** *s.m.* Pai (*O neno tíralle ô pai.* 69.8).

**PALABRA** *s.f.* Palabra (*O paspallar é poeta, / sabe sentir e soñar. / Cunha sola palabriña / canta o que quère cantar.* 68.11).

**PALLA** *s.f.* Palla, cana das plantas gramíneas (*Hoxe foi día de malla, / e hai grandes pilas de gran / bèn cubertiño de palla...* 22.4).

**PAN** *s.m.* **1.** Pan; masa de fariña e auga que se emprega como alimento des pois de cocela (*Xa queda o pan a cocer.* 24.5) (*Pra o p'robe que amosa a man / un bocadiño de pan.* 103.4). **2.** Pan; cada unhas porcións que se fan desa masa (*Xa está no tendal a masa / en brandos pas repar-tida.* 23.3).

**PANDEAR** *v.i.* Pandear; dobrar (*Cando o seu dono a acariña / pandéase, e tan quedíña / se queda coma unha pèdra.* 13.11).

**PANTASMA** *s.m.* Pantasma; fantasma (fem.) (*A mèsma Noite xème en seus ramallos; / e nela, dioses mouros da negrura, / repousan os pantasma todos xuntos...* 38.4).

**PAPADO** *s.m.* Papado; grollo de líquido que se bebe dunha vez (...*mète os beizos na túa pía / e bêbe a grandes papados, / e desque bêbe, rebrinca.* 80.5).

**PARA** *prep.* Para (*Quén esto tèn ¿para que quèr mais chòto?* 18.6) (*¿Ou non val Pède d'Hermida / máis que pra tirar dun raño?* 12.5).

**PARAR** *v.p.* Pararse, deterse (*A de atrás paróuse un pouco, / a de diante deu a volta.* 94.11).

**parcer.** **V. PARECER.**

**PARECER** *v.i.* **1.** Parecer, ter un certo aspecto (...*Cheio de maxestá, parés / un gran xigante que caíu ferido...* 39.5). // *s.m.* **2.** Parecer, xeito de pensar; opinión (...*veciños que, ô parcer, ben se querían, / xuntos en paz vivían / sua vida aldeán...* 47.3).

**PAREDE** *s.f.* **1.** Pared, muro feito de pedras (...*o próbe do fèntiño / atopôu na parede un furadiño...* 43.9). **2.** fig. Pared; muro infranqueable (...*estás sèmpre acariñando / co-as tuas frescas mauíñas / as paredes do silèncio / e os cortinaxes da brisa;* ... 79.13).

**parexa** *s.f.* Parella (*E parexas de lèdos paxariños / agrí-chanse, piando, na quèntura dos niños...* 35.6).

**parpadexar** *v.i.* Palpebrexar; pestenexar; escintilar (*Bendito o parpadexar / da lampariña devòta / que aluma diante do altar.* 75.1).

**PARRAFEAR** *v.i.* Parrafear; parolar (*Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea.* 36.1).

**PASADO** *s.m.* Pasado; tempo xa transcorrido (*¿Quizáis se lembra dun pasado nobre?* 40.2).

**PASAR** *v.i.* **1.** Pasar; cruzar por diante (...*estortillôu-no a ròda / dun carro que pasaba!* 32.13). **2.** Pasar; sobrepasar; ir máis alá (*Pro inda teño deèntes / de pasar, tarde ou cedo, / pra alá de Montemôr...* 84.16). // *v.t.* **3.** Pasar; padecer, soportar (*Vèn de pasar fame pura;* ... 13.1).

**PASO** *s.m.* Paso, maneira de andar (...*o paso incèrto, a cara ergueita, a vista môrta...* 33.4).

**PASPALLAR** *s.m.* Paspallás; ave (*O paspallar é un poeta, / o seu canto "paspallar".* 67.1).

**PATACA** *s.f.* Pataca (*Tèrras onde conller, si axuda a sòrte, / o mainzo a fartar, trigo e patacas;* 17.6).

**pau** *s.m.* Pao; anaco de madeira xeralmente cilíndrico (...*porque unha aguillada que non tèn ferrón / ni-é honra do dono, ni-é pau duradeiro...* 16.3).

**PAXARO** *s.m.* Paxaro, ave de pequeno tamaño (*E parexas de lèdos paxariños / agríchanse, piando, na quèntura dos niños...* 35.6).

**PAZ** *s.f.* Paz, convivencia harmónica (...*xuntos en paz vivían / sua vida aldeán...* 47.4).

- PÉ** *s.m.* 1. Pé, parte terminal da extremidade inferior (*Os pés esquerquenadiños / tèn, e os ósos ispidiños... 12.17*). 2. Pé; axuda, base da que partir (*"Ter vacas miñas! ¡Canté! / Prò fai falla tèn un pé. 11.6*). **Ó pé**, ó pé, a carón, ó lado de (*E prantóu a floriña ventureira / ó pé de unha roreira / do se xardín en flor. 50.7*).
- PEDIR** *v.t.* Pedir; solicitar (...e cando oiéu amazarar no toxo / mioqueiro rinchóu, pedindo un goxo. 30.6).
- PEDRA** *s.f.* Pedra, materia mineral (inferior (*Os pés esquerquenadiños / tèn, e os ósos ispidiños / coma as pedras dos camiños. 12.18*). 2. Pedra; moa do muíño (...cusiña tola, / como rebola, / na dura pèdra do brandeiro, 26.3).
- pedrexado,-a** *adx.* Feito en pedra (*É unha casiña, en pèdra pedrexada; 18.1*).
- PEGA** *s.f.* Pega; ave (*Tèn caxigos pra cestos e talegas; / verde e espeso follax -leito das pegas-; 37.7*).
- peñar(se)** *v.p.* Peitar(se) (*Nin que te peines à moda, / nin que cambiel-o vestido. 93.13*).
- PEITO** *s.m.fig.* Peito, interior dunha persoa; corazón (*É unha risa na alma. / É unha esperanza no peito. 83.1*).
- PELAXE** *s.f.* Pelaxe; revestimento de pelo dos animais (*hei-te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha... 14.11*).
- PELO** *s.m.* 1. Pelo, filamento dérmico (...que tel-os braciños tesos / i-os pelos dretos co frío. 9.4)). 2. Pelo; pelaxe (...que nadia dí coma o pelo / se vèn de man pròbe o gado. 12.23).
- perla** *s.f.* Perla (*As frescas pèlras do resío. 60.9*).
- PENA** *s.f.* 1. Pena; aflicción (*Foi tanta a pena da disgracia sua, / que ni-unha noite dende entón durméu. 62.6*). 2. Pena, dor, angustia (*Din miñas penas ó vènto / pra que as afòue no mar. 95.5*).
- PENEIRA** *s.f.* Peneira (*Branca peneira que peneira / unha fariña esbrancuxada. 60.1*).
- PENEIRAR** *v.t.* Peneirar; pasar algo pola peneira (*O peneireiro a peneirar. 59.6*).
- PENEIREIRO,-A** *adx.* 1. Peneireiro; que peneira (*A branca lua peneireira. 60.3*). // *s.m.* 2. Peneireiro; o que traballa coa peneira (*O peneireiro a peneirar. 59.6*).
- PENSAR** *v.t.* 1. Pensar; cavilar; ter un pensamento (*Cavilando coma un tolo / entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sólo / como pôrme en gado meu. 11.3*). 2. Pensar; crer; considerar (*Pro ninguén pensa que medróu bastante. 48.5*). // *s.m.* 3. Pensar; pensamento (*O pensar da volainiña / é moi bonito pensar: 96.9*).
- PEQUENO,-A** *adx.* 1. Pequeno; de pouco tamaño (...xuntos en paz vivían / (... / un fentiño pequeno / e un pino grande... 47.7). // *s.m.* 2. Pequeno, neno (*Mèntras sua nai non-o beixa / o pequiniño non anda. 69.4*).
- PERDER** *v.p.* 1. Perderse; desaparecer (*Coma o teu repinicar / aquela axul avesiña / foise perdendo no ár... 64.3*). 2. Perderse; extraviarse (...e unha congoxa lonxana / que anda polo ár perdida; 79.8).
- pergamino** *s.m.* Pergamiño (*Coma un señor nos vèllos pergamino / tèn na vèlla Libunca o seu tesouro. 39.1*).
- PERNA** *s.f.* Perna; extremidade inferior (...o vestido rasgado, / e as pèrniñas tremendo... 82.2).
- PERO** *conx.* Pero (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei. 10.7*) (*Bèn-o sei, bèn-o sei -lle dixo o fènto- / jpero daràme o sol... ! 44.8*).
- PERRA** *s.f.* Perra; antiga moeda de cinco céntimos (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira. 12.15*).
- PESADO,-A** *adx.* Pesado; que produce sufrimento (...o meu calvario / subindo voou co-a miña cruz pesada. 92.14).
- PESO** *s.m.* Peso; moeda, con valor xenérico (...que tèn pra dar ós fillos unha coda, / un peso pra gastar;... 17.4).
- PESTENEXAR** *v.i.* Pestenexar; escintilar (...as luces que pestenexan / e as sombras que se esperguizan; 79.5).
- PÍA** *s.f.* Pía, recipiente grande para a auga (...mète os beizos na tua pía / e bèbe a grandes papados... 80.4).
- PIADOR,-ORA** *adx.* Piador (*bendito seña o calor / que do òvo fai salir / o pitíño piador. 73.3*).
- PIAR** *v.i.* 1. Piar, emitir sons as aves (*E parexas de lèdos paxariños / agrúchanse, piando, na quèntura dos niños... 35.6*). // *s.m.* 2. Piar; son que producen as aves (...co piar dos paxariños; 78.13).
- PICAR** *v.i.* Picar; quantar moito o sol (...que o traballador sedènto, cando o sol, aceso, pica... 79.20).
- PICO** *s.m.* Pico, monte alto, rematado en punta (*Quèro vivir là no pico, / no pico de penamoure; 97.9*).
- PILA** *s.f.* Morea (*Hoxe foi día de malla, / e hai grandes pilas de gran... 22.3*).
- PILO** *s.m.* Morea (...o teu pilo de fariña / pouco a pouco mèdra, mèdra. 27.8).
- PILLABÁN,-ANA** *s.* Pillabán; bribón (...quèro unha aguillada que me sirva entón / pra medirlle as còstas a algún pillabán. 16.8).
- PILLAR** *v.t.* Pillar; coller, tomar (...pilla o camiño da fonte, / mète os beizos na tua pía... 80.3).
- PINGA** *s.f.* Pinga; gota; pequena porción de líquido (*bendita a pinga de orballo / que trème na hèrbiña verde... 74.13*).
- PINGOTA** *s.f.* Pingota; pinga grande (*Pingótas. 87*).
- PINO** *s.m.* Pino; piñeiro (*Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro, / enfaixado de toxos e de pinos. 39.4*).
- pirguiceiro,-a** *adx.* Prguiceiro; nugalán (*Vai o sol na furada. Os sapos priguiceiros... 35.1*).
- PITO** *s.m.* Pito, polo (*Bendito seña o calor / que do òvo fai salir / o pitíño piador. 73.3*).
- PODER** *v.t.* e *v.i.* Poder; te-la capacidade física ou mental para algo (*Quèro seguir correndo. / Hastra ver o que pòdo. 84.7*).
- POESÍA** *s.f.* Poesía (...estás marmulando estrofas / de sinxelas poesías / co-a gracia que Diòs che deu... 77.8).
- POETA** *s.m.* Poeta (*O paspallar é poeta, / o seu canto "paspallar". 67.1*).
- POETISA** *s.f.* Poetisa (...dèixa-me pôr de ti prèto, / miña santa poetisa, / que quèro oír os teus vèrsos... 78.4).
- POLO, POLA** Resultado do encontro da preposición *por* cos artigos *o(s), a(s)* (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei. 10.8*) (...e desenmeiga / os nenos enmeigados *pol-as* bruxas. 37.5) (*O monte pol-a ría está encantado .... 40.2*).
- polvorento,-a** *adx.* Poirento; cheo de po (*Teu alènto / polvorènto, / branco e puro; 26.14*).
- POMPOSO,-A** *adx.* Pomposo (*A roseira orgulloso / de ver-se tan pomposa / co-as suas rósas a rir... 50.10*).
- POR** *prep.* Por (*ó xardín fun por flores; / reñèu-me o xardiñero. 92.6*).

- PÓR** v.t. 1. Pór; poñer, colocar (*Déixame pôr á tua veira...* 78.19). 2. Poñer; transformar (...*hei-te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha...* 14.11). 3. Poñer; producir (*Deixáde-me ir, amigos, / que nada me pón medo.* 83.7). // v.p. 4. Poñerse, aplicarse (*Malia quèn se pón a andar / e dá vòlta do camiño.* 98.8). **Pórse colorado**; ruborizarse (*Píxeches-te colorada / ó pasar por onde a mín.* 98.13).
- PORQUE** conx. Porque (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei.* 10.8).
- PORTA** s.f. Porta (*Chegôu á porta. Aabrironlle pra a corte;*... 30.4). **De porta en porta**, mendigando (...*de tenda en tenda / e de pôrta en pôrta, / o paso incërto,*... 33.3). **Pasar algo pola porta**; ter sorte, ter unha oportunidade (*O sol pasaou-lle un día pola pôrta / á triste flor aquela media mórta.* 49.9).
- PORVIR** s.m. Porvir, futuro (*En ti vexo o meu porvir, / o empèzo do meu vivir,*... 14.2).
- POUCO,-A** indef. 1. Pouco, en cantidade escasa (*Tocóu-lle pouco farèlo,*... 12.22). // s.m. 2. Pouco, breve período de tempo (*A de atrás paróuse un pouco,* ... 94.11). 3. Pouco, pouca cantidade (*A mullèr de Antón de Bante / prende un pouquiño na fala,*... 98.11).
- POZO** s.m. Pozo (*hei-che facer unha sella / para vir á auga ó pozo.* 95.2).
- pra. V. PARA.**
- PRACER** v.i. 1. Pracer, agradar (*A mín prácen-me as folliañas / porque lles dan bèn ós arbres.* 53.1). // s.m. 2. Pracer, agrado (*¡con qué pracer te aloumiño, / miña pucha, meu cariño,*...14.5).
- PRADELA** s.f. Pradela; prado pequeno (*Tèn o niño na pradèla;* 68.2).
- PRADO** s.m. Prado (*Bendita a auga do río / que fai verdegar o prado/ e fai andar o muiño.* 74.5).
- prantar** v.t. Plantar; introducir na terra un vexetal para que medre (*E prantóu a floriña ventureira / ó pè de unha roseira*... 50.6).
- PREGUNTAR** v.t. Preguntar (*Mirando un día pra o señor xigante / así pregunta, cobizoso, o fènto:* 48.7)
- PRENDER** v.i. Prender; tropezar. **Prender na fala**; tatear (*A mullèr de Antón de Bante / prènde un pouquiño na fala; / pèro non prende o bastante.* 98.11).
- PRETO DE** loc. prep. preto de, xunto a (...*déixame pôr de ti prèto, / miña santa poetisa,*... 78.3).
- PRIMEIRO** adv. Primeiro, en primeiro lugar (...*as duas corre que corre / a ver cal chega primeiro.* 97.4).
- PRISIONEIRO,-A** adx. Prisioneiro; preso (*Fèntiño prisioneiro, / que esvaído e tristeiro,*... 43.3).
- pro V. PERO.**
- probe** adx. e s. 1. Pobre; que carece do necesario para vivir (*Por ti de pròbe hei salir.* 14.1). 2. Pobre, mísero, desgraciado (*Fèntiño prisioneiro, / que esvaído e tristeiro; / e marèliño, o pròbe, coma a cera,*... 43.5). 3. Pobre; de escaso tamaño ou calidade (...*vivía unha violeta -¡malpocado!- / tan pròbe e cativèira.*... 49.4).
- PROFUNDO,-A** adx. fig. Profundo, intenso (...*agruchadas entre espiñas / coma as flores, xa murchiñas, / das miñas profundas døres.*... 56.4).
- PROMESA** s.f. Promesa (...*eu bèn sei que ti consonas / esas nòtas cristiáñas / (...)-co-as promesas das espigas,*... 78.12).
- PUCHO,-A** s. Pucho, xato, becerro (*Becerríña que remós, / ti has-me dar puchos bos,*... 13.18) (*Miña becerríña teixa, / meu cariño, miña pucha!* 14.16).
- PULIDO,-A** adx. Pulido, alisado (*Pulida e xeitosa. Quèro unha aguillada*... 15.7).
- PUNTA** s.f. Punta, extremo máis aguzado (...*que non teña falta dende a punta ó cabo,*... 15.2).
- PURO,-A** adx. 1. Puro, limpo, sen mestura (*Teu alènto / polovorènto / branco e puro...* 26.15). 2. Puro, simple (*Vèn de pasar fame pura;* 13.1).
- QUE<sup>1</sup>** pr. rel. 1. Que (*Codeseira de codesos / que recèdes a bravío;* 9.2)// pr. inter. 2. Que (*Sabes en qué penso homiño?* 12.2).
- QUE<sup>2</sup>** conx. Que (*Vendo que a levaba a auga / Ròsiña choróu, choróu.* 94.16).
- QUEDAR** v.i. 1. Quedar, permanecer nun sitio ou nun estado (*Xa queda o pan a cocer.* 24.5). //v.p. 2. Quedarse; permanecer nun sitio (*Deixáde-me ir, amigos, / que inda aquí non me quedo.* 82.8). 3. Quedarse; permanecer nun estado (...*d'entón quedóu-se o fènto pequiniño.* 48.13).
- QUEDO,-A** adx. Quedo, quieto, tranquilo (*Cando seu dono a acariña / pandéase, e tan quedaña / se queda coma unha pèdra,*... 13.11).
- QUEIXA** s.f. Queixa, motivo de protesta (*O que é se Diòs te me deixa / de teu dono n'has tèr queixa.* 14.14).
- QUEN** pr. rel. 1. Quen (*Quèn esto tèn ¿para que quèr máis chò?* 18.6). // pr. inter. 2. Quen (*¡quèn me dera respirar / teus arumes montesiños*... 10.2).
- QUENTE** adx. Quente, coa temperatura elevada (*Dimpóis sobre a terra quènte / i-espelida.* 20.8).
- QUENTURA** s.f. Quentura; calor (*E parexas de lèdos paxariños / agrúchanse, piando, na quèntura dos niños,*... 35.7).
- QUERER** v.t. 1. Querer; desexar algo (*Quèro unha aguillada que seña un tesouro,*...15.1). 2. Querer; ter intención de (*Qèrs-me tornal-o vènto; / quèrs-me tapal-o figo.* 92.1) // v.p. 3. Quererse; terse afecto (...*veciños que, ó parcer, bèn se querían, xuntos en paz vivían*... 47.3).
- quina** s.f. Crina, pelo longo e áspero do pescozo e rabo dos cabalos e outros animais (*Á noite hachóu-se farto, e, o rabo ergueito / e a quina ó ár, botóu unha carreira.* 29.8).
- QUIZAI** adv. Quizais; quizás (*¿Quizais se lembra dun pasado nobre?* 40.2).
- RA** s.f. Ra, animal batracio (...*E escóitan-se nas regas os "grau-grau" barulleiros / das rás.* 35.5).
- RABO** s.m. Rabo; apéndice final da columna vertebral dalgúns animais (*á noite hachóu-se farto, e, o rabo ergueito/ e a quina ó ár, botóu unha carreira.* 29.7).
- RACHA** s.f. Racha; ráfaga; racheira (*Pra quèn tèn falla de alènto / unha rachiña de vènto.* 104.8).
- RACHIÑA. V. RACHA.**
- RAIAR** v.t. Raiar; facer ou marcar raías (*Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro,*... 39.3).
- RAIOLA** s.f. Raiola; raio de luz do sol (*Pra o que aterece de frío / dunha raiola o desfío.* 104.4) (*Bendita seña a trunfal / luz do sol, e a raióliña / que entra pol-o fachinal.* 74.2).
- RAMALLO** s.m. 1. Ramallo; póla pequena e frondosa dunha árbore (*A mesma Noite xème en seus ramallos;* 38.2). 2. Ramallo; póla arrincada dunha árbore (*Do ramallo / as fo-*



llas verdes estalan,... 23.8).

**RAMO** *s.m.* Ramo; póla pequena ou secundaria dunha árbore (Nos ramos do loureiro / cantaruxaba o mèrlo namoriseiro. 57.1).

**RAÑAR** *v.t.* Rañar; pacer sen deixar nada (...pace tranquil no curro e todo o raña. 29.2).

**RAÑO** *s.m.* Raño; sachó (*¿Ou non val Pèpe d'Hermida / máis que pra tirar dun raño?* 12.5).

**rapás** *s.m.* Rapaz; mozo (*Unha nena onde á fonte c-un raás parrafeá.* 36.1).

**RAPAZA** *s.f.* Rapaza; moza (*As rapazas do lugar / van-o mantendo de esmòla.* 70.11).

**rasguñar** *v.t.* Rabuñar; rascar ou arañar con algo (...e rasguñado o coiro / e de chagas cubèrto... 82.3).

**RAXEIRA** *s.f.* Raxeira; período de tempo soleado (*Bendita seña a raxeira / que saca o vèrme da cama / e o griliño da grilleira.*)

**REBOLAR** *v.t.* Rebolar; arrebolar; rasar; quita-lo que reborda dunha medida (...cousiña tola, / como rebola / na dura pèdra do brandoeiro.- 26.2).

**REBRINCAR** *v.i.* Rebrincar; brincar, xogar (...bèbe a grandes papados, / e desque bèbe, rebrinca. 80.6).

**REBULIR** *v.i.* 1. Rebulir; animarse, cobrar vida (*Co-a sua risada colorada / fai rebulir a aldeá enteira.* 59.2). 2. Rebulir, axitarse (...*Que inda teño / unhas gotas de sangue / rebulindo e fervendo.* 82.19).

**RECENDER** *v.i.* Recender; desprender bo olor unha cousa (*Bendito o arume das flores / que recènde pol-o chan.* 74.12).

**RECENDO** *s.m.* Recendo; arrecendo (*Xa hai siñales de furtura: / un recendo a cocedura / que abre as ganas de comer.* 24.7).

**RECOLLEITO,-A** *part.* de recoller. Recolleito (*Xa están os trigos dourados / recolleitos e medados.* 21.4).

**RECOLLER** *v.t.* Recoller; face-la colleita (...o labrègo está disposto / pra facel-a sementeira / do que ha de recoller no agosto. 20.4).

**REFRESCAR** *v.t.* Refrescar; diminuí-la calor dunha cousa (*A mín pr'ce-me a ròsada / porque refresca a campia.* 53.6).

**REGA** *s.f.* Rega, lugar con árbores á beira dun regato (...e escóitan-se nas regas os "grau-grau" barulleiros das rás. 35.4).

**regado** *s.m.* Regada; pasteiro; prado de herba pequena (...e bos regados pra mantel-as vacas. 17.8).

**REGO** *s.m.* Rego. **Suar a rego**; suar a fío, copiosamente (*Mirade, meus amigos, / mirade como veño! / Esmgado e molido, / suando a régo, a régo; 81.4).*

**REGUEIRO** *s.m.* Regueiro; regato (*A auga lèda dos regueiros.* 60.12).

**REI** *s.m.* Rei; o máis notable dun grupo (...e un pino grande, grande, o rei do chan. 47.8).

**RELENTE** *s.m.* Relente; relento, humidade da noite (...hai grandes pilas de gran / bèn cubèrtiño de palla, / pra que no'o enfrie o relènte. 22.5).

**RELOUCAR** *v.* Reloucar; tolear de gusto ou de pracer (...e os nenos, que nunca calan, / hoxe que van tēr pan mól, / reloucan, e rínse, e falan / arrededor do remól. 23.12).

**REMOER** *v.t.* Remoer; mastigar novamente o alimento (*Be-*

*cerriña que remós, / ti has-me de dar puchos bos,... 13.17).*

**REMOL** *s.m.* Remol; rescaldo; borrala que queda con brasa miúda (...grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipa ô rènte do remól. 18.3).

**RENTE, A** *loc. prep.* A rente de, a carón de (...grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipa ô rènte do remól. 18.3).

**REÑER** *v.i.* Reñer; reprender (*Ó xardín fun por flores, / reñeu-me o xardiñeiro.* 92.6).

**REPARTIR** *v.t.* Repartir; distribuir en partes (*Xa está no tendal a masa / en brandos pas repartida.* 23.4).

**repiegar** *v.i.* Empegar; deixar de moverse o rodicio do muiño por quedar totalmente cuberto de auga (*O muiño non moi con pouca auga / pro co-a moita repiega.* 91.4).

**repincar** *s.m.* Repenique; repenicar; toque vivo e redobrado dun instrumento musical (*Coma o teu repincar / aquela azul avesiña / foise perdendo no ár... 64.1).*

**REPOUSAR** *v.i.* Repousar; descansar (...e nela, dioses mouros da negrura, / repousan os pantasma todos xuntos. 38.4).

**repuluxado,-a** *adx.* Teso, rispèto; espenuxado (o pelo) (...o pelo repuluxado / coma os dentes dun restrelo. 12.20).

**resequido,-a** *adx.* Reseco; moi seco (*Deixa que corra a tua auga / (...) / pol-o ermo resequido / desta segura infinita... 80.15).*

**RESGAR** *v.t.* Resgar; rachar (...o vestido resgado, / e as pèrniñas tremendo, / e rasguñado o coiro,... 82.1).

**RESÍO** *s.m.* Resío; fresco da noite (*As frescas pelras do resío.* 60.9).

**RESPIRAR** *v.t.* Respirar; absorber e exhalar aire (*¿quèn me dera respirar / teus arumes montesiños... 10.2).*

**RESPONDER** *v.t.* Responder; contestar; dicir algo como resposta (*Moito cacarexas, /-dille él. - /-ela responde respònde: / Pra que óias, anque non me vexas.* 57.8).

**RESUCITAR** *v.i.* Resucitar; volver a vivir (...e unha ilusión que, xa mórta, / resucitáu volainiña; 79.10).

**REVERENTE** *adx.* Reverente, que amosa reverencia ou respecto (*Bota unha mirada ô cèio / supricante e reverènte.* 20.7).

**REXO,-A** *adx.* Rexo, robusto (*murchouse o ramaliño de ameneiro / e criouse o de espino rexo e forte.* 46.4).

**REZAR** *v.t.* Rezar; pronunciar pregarías (...E surriu, e rezóu. 84.20).

**REZO** *s.m.* Rezo; oración; pregaría (*E no curral seus rezos marmullan duas veciñas... 36.5).*

**RÍA** *s.f.* Ría (*O monte pol-a ría está encantado, ... 40.5).*

**RIBA** *adv.* Arriba (*Algún tempo despòis / atoparon un mórto / là riba en Montemór,... 85.8).*

**RIBEIRO** *s.m.* Ribeiro, viño (*Bebe auga fría / que si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras,... 25.7).*

**RICO,-A** *adx.* Rico; que posúe moitos bens (*A miña dona rica / saéu-me macuqueira.* 99.1).

**RIMAR** *v.t.* Rimar; facer que rime un verso con outro (*Mais... ñas ansias de poeta / ti non-as rimas, fontiañal 78.22).*

**RINCHAR** *v.i.* Rinchar; emitilo sue son propio o cabalo (...e cando oièu amazicar no toxo / mioqueiro rinchá, pedindo un goxo. 30.6).

**RÍO** *s.m.* Río (*Bendita a auga do río / que fai verdegar o prado... 74.4*).

**RIR** *v.i.* 1. Rir; exterioriza-la alegría por medio do riso (*Vèntiño que vas tan lèdo, / corre, corre, ri que ri. 66.6*). // *v.p.* 2. Rirse, brularse algo ou de alguén (*Veu que tiña tisnadas as meixelas e que se rían tolas as estrelas / da tolamia da noiva compañeira. 62.3*).

**RISA** *s.f.* Risa, acción de rir (*¡Qué bonita a risa branca / na túa cara de pedra! . 27.10*).

**RISADA** *s.f.* Risada; gargallada (*Co-a sua risada colorada / fai rebulir a aldea enteira. 59.1*).

**RISEIRO,-A** *adx.* Riseiro; que ri facilmente (*Tua risa casabeleira, / gaitiña, gaita riseira, / dá-me ganas de chorar. 63.6*) (*Non quero compañeiro riseiriño / que non seipa reñer anque lle reñan. 92.9*).

**RODA** *s.f.* 1. Roda (a do carro) (*¡estortillou-no a ròda / dun carro que pasaba! . 32.12*). 2. Roda; moa do muíño (*Dalle à ròda, dalle ô torno. 27.12*).

**ROER** *v.t.* Roer; moer (*...roi o grao louro e duro. 26.12*).

**ROLADA** *s.f.* Rolada, conxunto de fillos (*...grande a lareira, para que a rolada / de nenos queipa ô rète do remòl. 18.2*).

**ROMÁNTICO,-A** *adx.* Romántico; sentimental (*O sapo máis romántico / dos sapos da comarca . . . 31.3*).

**ROMAXE** *s.f.* Romaxe; romaría; peregrinación a un santuario (*Fun a San Andrés de lonxe, / fixen a miña romaxe. 97.14*).

**romería** *s.f.* Romaría; festa (*Ti viñas da romería. 94.3*).

**ROMPER** *v.t.* Romper; partir (*Rompéron-me / o fòl da miña gaita... 32.16*).

**RONCÓN** *s.m.* Ronco; verme, gusano (*Pasan zoando por entre os maciñeiros / os roncós. 35.6*).

**ROSA** *s.f.* Rosa; flor (*A roseira orgullosa / de ver-se tan pomposa / co-as suas rósas a rir, ... 50.11*).

**ROSADA** *s.f.* Rosada; resío; orballo (*A mín práce-me a ròsada / porque refresca a campía. 53.4*).

**ROSEIRA** *s.f.* Roseira, planta das rosáceas (*A roseira orgullosa / de ver-se tan pomposa / co-as suas rósas a rir, ... 50.9*).

**ROULAR** *v.i.* Roular; dar voltas a roda do muíño (*Se no muíño se escoita / un garimoso roular / non é que roule o muíño, / é que o arròla sua nai. 70.3*).

**ROXAR** *v.t.* Roxar, quenta-lo forno a temperatura elevada (*Con leña seca de toxo / roxóu-se o forno bèn roxo. 23.2*).

**RÚA** *s.f.* Rúa. **Saír de rúa**, andar de paseo (*...lavóu-se bèn a lúa / para salir de rúa. 61.4*).

**RUEIRO,-A** *adx.* Amigo de pasear e lucirse (*Pròbe lúa rueira! 62.1*).

**RUÍN**, **ruíña** *adx.* Ruín; perverso (*o vènto tèn mans ruínas: / acariña as follas verdes / e as secas arremuiña-as. 98.1*).

**RUÍNA** *s.f.* Ruína. // *pl.* Ruínas, restos (*¿pensará nas ruínas de Libunca?. 40.3*).

**RUXE-RUXE** *s.m.* Ruxe-ruxe; rumor (*...que eu bèn sei que ti consonas / esas nótas cristaiñas (...) / co ruxe-ruxe das follas, 78.11*).

**sabandixa** *s.f.* Pintega (*...co cantar das sabandixas. 78.14*).

**SABER** *v.t.* 1. Saber; coñecer (*¿Sabes en qué penso homiño?. 12.2*). 2. Saber; ter unha determinada instrucción (*Non quero compañeiro riseiriño / que non seipa reñer anque lle*

*reñan. 92.10*). 3. Saber; ter sabor (*Adentéi unha mazá / por saber como sabía. 95.2*).

**SACAR** *v.t.* Sacar; quitar algo ou a alguén do interior dun sitio (*Bendita seña a raxeira / que saca o vèrme da cama... 73.5*).

**saír** *v.i.* 1. Saír; pasar de dentro a fóra (*E cando iba salindo, un sapo vèllo / acochado entre as pedras da parede, ... 44.1*). 2. Saír; aparecer, manifestarse (*O sol que sale da furada. 59.3*). 3. Saír; resultar (*A miña dona rica / saléu-me macuqueira. 99.2*).

**SAN,-(?)** *adx.* San; saudable (*Bendito o vèntiño san. 74.10*).

**SANGUE** *s.m.* Sangue (*Que inda teño / unhas gotas de sangue / rebulindo e fervendo. 82.18*).

**SANTO,-A** *adx.* 1. Santo; con valor enfático (*E indo de camião / co-a sua santa calma, ... 32.7*). 2. Santo, aplicado por extensión, a seres que carecen dese atributo, como elemento ponderativo (*Fontiña serea e clara, / santa, inocènte fontaña... 79.2*). 3. Santo, aplicado por extensión a seres supostamente divinizados (*Nin a Santa Estadea. 83.12*). // *adx.* e *s.* 4. Santo; persoa canonizada pola Igrexa (*Fun a San Andrés de Lonxe, / fixen a miña romaxe. / Agora, santo bendito, / cando queirèdes, levai-me. 97.15*). // **Miña santa**, fórmula de tratamento (*...teño sede, miña santa; / teño sede, miña amiga. 80.11*).

**SAPO** *s.m.* Sapo; batracio (*O sapo máis romántico / dos sapos da comarca, / cansado de estar sòlo... 31.3*).

**SE<sup>1</sup>** *conx.* Se (*...que nadia di coma o pelo / se vèn de man pròbe o gado. 12.24*) (*...si Dios quèr, ... 13.22*) (*Si no-atòpo compaña, / lèvo a dos meus segredos. 83.20*).

**SE<sup>2</sup>** *pr. ref.* Se; forma átona do pronome de terceira persoa (*Cando o seu dono a acariña / pandéase, e tan quedaña / se queda... 13.11*) (*Ninguén dél se lembraba. 85.5*).

**SECO,-A** *adx.* Seco; referido a vexetais sen a humidade que proporciona a saíba (*Con leña seca de toxo / roxóu-se o forno bèn roxo. 23.1*).

**SECURA** *s.f.* Secura; sensación de sede (*Pra o que morre de secura / unha sede de auga pura. 104.1*).

**SEDE** *s.f.* Sede; necesidade e desexo de beber (*Mais esta sede que mata / ti non-a matas, fontaña! 80.17*).

**SEDENTO,-A** *adx.* Sedento; que ten sede (*...o traballador sedènto, / cando o sol, aceso, pica, / a ti corre i-en tialcontra / nõva forza e nõva vida. 79.19*).

**SEGREDO** *s.m.* Segredo (*Si no-atòpo compaña, / lèvo a dos meus segredos. 83.21*). // **En segredo**, secretamente (*Moito en segredo m'o contóu un fado: 40.4*).

**segredo,-a** *adx.* Secreto; oculto (*A forza segreda. 81*).

**SEGUIR** *v.t.* Seguir; continuar (*Seguir camiño quèro. 83.15*).

**SEIXO** *s.m.* Seixo; pedra (*...os pès ensanguinados / de trispar tanto seixo; 81.6*).

**SELLA** *s.f.* Sella; recipiente para a auga (*Hei-che facer unha sella / para vir à auga ô pozo. 95.1*).

**SEMENTE** *s.f.* Semente (*...vai caendo espaxada a semente...)*.

**SEMENTEIRA** *s.f.* Sementeira; labores para sementar (*...o labrègo está disòsto / pra facel-a sementeira... 20.3*).

**SEMPRE** *adv.* Sempre (*¿ué fai sin xenegarse, sèmpre inmoibre? 40.1*) (*Parès que quèr matal-o àr, / zoupa que zoupa sèmpre n-él. 59.5*).

- SENDEIRO** *s.m.* Sendeiro; carreiro (*E unha luz diante os ollos / que me aluma o sendeiro.* 83.3).
- SENTIMENTO** *s.m.* Sentimento (*Puxen o amor nunhas bágoas / de profundo sentimento.* 95.10).
- SENTIR** *v.t.* Sentir; ter sentimentos (*O paspallar é poeta / sabe sentir e soñar.* 68.10).
- señardá[de]** *s.f.* Señardade; saudade (*Señardá.* 63).
- SEÑOR,-ORA** *adx. e s.* 1. Señor; persoa de condición elevada (*Coma un señor nos vèllos pergaminos / tèn na vèlla Libunca o seu tesouro.* 39.1). 2. Señor, fórmula de tratamento (*Pro, señor fnto, ¿pra onde vai vostede?.* 44.5). 3. Con maiúscula, tratamento específico dirixido a Deus, á Virxe, ... (*Deu-lle El Señor o seu lumiño / seu branco lume aludador.* 60.4) (*Bendita Nösa Señora.* 75.5).
- SER[iv]** 1. Ser, ocorrer (*Pro no-é pol-o bèn que canto; / é porque che teño lei.* 10.8). 2. Ser, formar parte dun grupo (*...que anque seña un animal / tamén co cariño mèdra.* 13.15 9).
- SEREO,-A** *adx.* Sereno; tranquilo apracible (*Todo despèrta do sono / tranquil da noite serea.* 19.4).
- SERVIR** *v.i.* Servir; valer, ser útil (*...quèro unha aguillada que me sirva entón / pra medirlle as còstas a algún pillabán.* 16.7).
- SEU, SÚA** *pos.* Seu, súa (*Cando seu dono a acariña...* 13.10) (*...cansado de estar sòlo / no escuro da sua casa...* 31.6) (*E no curral seus rezos marmullan duas veciñas...* 36.5) (*...co-as suas ròsas a rir...* 50.11).
- si* V. **SE**<sup>1</sup>.
- SILENCIO** *s.m.* Silencio, ausencia de son (*...estás sèmpre acariñando / co-as tuas frescas maiúñas / as paredes do silencio...* 79.13).
- SILVA** *s.f.* Silva, planta rosácea que medra espontaneamente (*E no medio das silvas, agachadiña, / cacarexaba a mèrla namoradiña.* 57.3).
- sin** *prep.* Sen (*...se queda coma unha pèdra, / sin moverse bèn nin mal.* 13.13).
- SINXELEZA** *s.f.* Naturalidade; espontaneidade (*Sinxelezas.* 53).
- SINXELO,-A** *adx.* Sinxelo; natural, sen complicación (*...estás marmulando estròfas / de sinxèlas poesías...* 77.8).
- siñal** *s.f.* Sinal, signo perceptible que manifesta algo (*Xa hai siñales de fartura:* 24.6).
- SITIO** *s.m.* Sitio, lugar, punto (*Hoxe unha cruz de pau / no sitio onde ficóu...* 85.12).
- SOBRE** *prep.* Sobre (*Dimpóis sobre a tèrra quènte / i-espelida.* 20.8).
- SOL** *s.m.* Sol (*O sol ardía no cèio.* 87.2) (*Bendita seña a trunfal / luz do sol, e a raióliña / que entra pol-o fachinal.* 74.2).
- solo,-a** *indef.* 1. Só, sen compañía (*...entre tarsgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sòlo...* 11.3). 2. Só; único (*Cunha sola palabriña / canta o que quère cantar.* 68.11). // *adv.* 3. Só, soamente (*Sòlo miral-a convida /i-hènche de fartura a casa.* 23.5).
- SOLTAR** *v.t.* Soltar, desprender (*Soltándo-as van, mèntras de frío / trèmen no azul as estreliñas.* 60.7).
- SOMBRA** *s.f.* 1. Sombra; espacio sen luz (*...deitados baixo a sombra dos carballos.* 38.5). 2. *fig.* Sombra; preocupación (*O paso fòrte / e a sombra dunha idea na mirada...* 30.2).
- SONO** *s.m.* Sono, acción de durmir (*Todo despèrta do sono / tranquil da noite serea.* 19.3).
- SOÑAR** *v.t.* Soñar; fantasear (*...mirando o que non vira, / soñando o que soñara...* 32.9).
- SOPRO** *s.m.* Sopros; acción de soprar (*O teu sopro voandei-ro...* 27.13).
- SORTE** *s.f.* 1. Sorte; fortuna (*Tèrras onde coller, si axuda a sorte...* 17.5). 2. Sorte, destino (*E foi así moi diferènte a sorte / dos ramallos da veira do carreiro:* 46.1).
- SUAR** *v.i.* Suar, transpirar (*Esmagado e molido, / suando a règo, a règo;* 81.4).
- SUBIR** *v.t.* Subir, levar algo desde abaixo arriba (*...o meu calvario / subindo vou co-a miña cruz pesada.* 92.14).
- SUFRIR** *v.t.* Sufrir, padecer, soportar (*E pasaba chorando horas e horas / sufrindo as espiñadas feridoras / das silvas...* 49.7).
- supricante** *adx.* Suplicante (*Bota unha mirada ô cèio / supricante e reverènte.* 20.7).
- surrir** *v.i.* Sorrir (*E surriu, e rezóu.* 84.20).
- SUSPIRO** *s.m.* Suspiro (*...e cos suspiros das nenaz;* 78.17).
- sustanza** *s.f.* Sustancia; elementos nutritivos (*...por ser terra de fondo, / tiña sustanza abondo...* 48.3).
- TAL** *indef.* Tal (*¿Qué é tolamia? Non é tal...* 13.14).
- TALEGA** *s.f.* Talega, bozo que se lles pon ás vacas (*Tèn caxigos pra cestos e talègas;* 37.6).
- TAMÉN** *adv.* 1. Tamén; igualmente (*...que anque seña un animal / tamén co cariño mèdra.* 13.16). 2. Tamén, ademais (*Tamén tí...? 49).*
- TAN** *adv.* Tan (*E logo hasta é tan mansiña...* 13.9).
- TANTO,-A** *indef.* Tanto (*...Foi tanta a pena da disgracia sua;* 62.6).
- TAPAR** *v.t.* Tapar, obstaculizar (*Quèrs-me tornal-o vènto, / quèrs-me tapal-o folgo.* 92.2).
- TARDE** *s.f.* 1. Tarde, última parte do día (*Pacendo toda a tarde, bèn afeito...* 29.5). // *adv.* 2. Tarde; despois do tempo conveniente (*Pro inda teño demèntes / de pasar, tarde ou cedo, / pra alé de Montemôr...* 84.16).
- TE** *pr. pers.* Forma átona do pronome persoal de segunda persoa (*¿Con qué pracer te aloumiño, / miña pucha, meu cariño...* 14.6) (*...hei-te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha.* 14.12).
- TEIPA** *s.f.* Teipa; toupa (*Dixo a teipa: Eu non-o vexo.* 87.4).
- TEIXO,-A** *adx.* Teixido, de cor parda escura (*¿Miña becერიña teixa...* 14.15).
- TEMPO** *s.m.* 1. Tempo; duración das cousas ou acontecementos (*Algún tèmpo despóis...* 85.6). 2. Tempo, época (*Unha noite de choiva, / nos seus tèmpos de noiva...* 61.2).
- TENDA** *s.f.* Tenda, establecemento comercial (*De merenda en merenda, / e de tenda en tenda...* 33.2).
- TENDAL** *s.m.* Tendal; táboa na que se pon o pan antes de metelo no forno (*Xa está no tendal a masa / en brandos pas repartida.* 23.3).
- TENRO,-A** *adx.* Tenro, delicado (*...estaba sèmpre espeta que te espeta / na tèrra violeta / as suas fèras espiñas aguza-das.* 50.13).

**tépido,-a** *adx.* Tépedo, tibio, moderado (*Mañán tépida de outono... 19.1*).

**TER** *v.t.* Ter, posuír (*Ter vacas miñas! ¡Canté! 11.5*). // **Ter de + inf.** perífrase modal con valor obrigativo (*Con fariña e con forraxe /teño de facerche un traxe; 14.10*). **Ter que + inf.** perífrase modal con valor obrigativo (*meu amo botóu-me fóra / non tivémos que berrar. 94.6*).

**TERRA** *s.f.* **1.** Terra; parte sólida do planeta (*Non che abon-dóu con me deixares cêgo / e inda me queres botar terra nos ollos, 92.4*). **2.** Terra, comarca na que se vive (*A terra en onde estaban afincados, / por ser terra de fondo,... 48.1*). // *pl.* **3.** Terras, conxunto de terreos que posúe unha persoa (*Terras onde coller, si axuda a sorte, / o mainzo a fartar, trigo e patacas, 17.5*).

**TERREO** *s.m.* Terreo, terra (...*feita dun caxoto de carballo mouro / criado entre silvas nun terreo escravo. 15.4*).

**TERRÓN** *s.m.* Terrón, masa de terra compacta e pequena (...*porque unha aguillada que non tén ferrón / (... ) nin limpa un arado nin fênde un terrón. 16.4*).

**TESO,-A** *adx.* Teso, duro, ríxido (...*tél-os braciños tesos / i-os pelos dreitos co frío. 9.3*).

**TESOURO** *s.m.* Tesouro, aquilo que ten moito valor para un (*Quêro unha aguillada que seña un tesouro, ... 15.1*).

**TEU,TÚA** *pos.* Teu, túa (*¡quên me dera respirar / teus aru-mes montesiños / na limpeza do teu ár!..10.3/4*) (*cinta branda / d'arredor dad tua cintura, ... 26.15*) (...*co-as tuas frescas mauiñas... 79.12*).

**TI** *pr. pers.* Forma tónica do pronome persoal en función de suxeito (*¡Ti cómo farás, José... 11.7*).

**TIRAR** *v.t.* **1.** Tirar, facer forza para mover algo (*¿ou non val Pépe d'Hermida / máis que pra tirar dun raño?. 12.5*). **2.** Tirar; lanzar, arroxar (*Ó pasar veira do río / Rôsa unha rôsa tirôu. 94.14*). // *vi.* **3.** Tirar; parecerse a alguén (*o neno tirallo ô pai. 69.8*).

**TISNAR** *v.t.* Tisnar, enfeluxar (*Prôbe lúa rueira! / Veu que tiña tismadas as meixélas... 62.2*).

**TOCAR** *v.t.* **1.** Tocar; corresponderlle algo a alguén (*Tocóu-lle pouco farêlo, ... 12.22*). **2.** Tocar; facer soar un instrumento musical (...*tocando aquí e alí sua tocata sin fin, / vai o cego tocando /o violín. 33.5*). **3.** Tocar, entrar en contacto con algo (*E a min porque as acariña / cáseque sin lles tocar. 54.4*).

**TOCATA** *s.f.* Tocata, peza musical (...*tocando aquí e alí sua tocata sin fin, / vai o cego tocando /o violín. 33.5*).

**TODO,-A** *indef.* **1.** Todo, enteiro (*Todo despêta do sono / tranquil da noite serea. 19.3*). // *adv.* **2.** Todo, enteiramente (...*a prôbe flor tristeira / di-lle, toda arumante e mimo-siña, ... 50.17*).

**tolamia** *s.f.* Tolemia; loucura; acto propio dun tolo (...*e que se rian tolas as estrelas / da tolamia da noiva compañeira. 62.4*) (*Qué é tolamia? Non é tal, ... 13.14*).

**TOLEIRÓN,-ONA** *adx.* Toleirón; toleirán; atolado (*Debecido, borrachón, / que das vóltas nun pé sôlo / coma un tolo. / ¡Toleirón!. 25.4*).

**TOLO,-A** *adx.* **1.** Tolo, que perdeu o xuízo (*Como non tén que lle dar / a prôbe vólvese tola. 70.10*). **2.** Tolo, ofuscado (*Cavilando coma un tolo, / entre trasgolo e trasgolo / pen-saba na cama eu sôlo... 11.1*). **3.** Tolo, incontrolado (...*cousiña tola, como rebola / na dura pèdra do bran-*

*doeiro. 26.1*). **4.** Tolo, necio, insensato (*Veu que tiña tismadas as meixélas / e que se rian tolas as estrelas / da tolamia da noiva compañeira. 62.4*).

**TOLLEITO,-A** *adx.* Tolleito; impedido (*¡Prôbe! Cando a nai lle falte / tén de quedar-se tolleito. 71.4*).

**TORNAR** *v.t.* Tornar; apartar, separar (*Quêrs-me tornal-o vènto, / quêrs-me tapal-o folgo. 92.1*).

**TORNO** *s.m.* Torno; elemento xiratorio (*Dalle á rôda, dalle ô torno. 27.12*).

**TOXO** *s.m.* Toxo; planta espiñenta (*Con leña seca de toxo / roxóu-se o forno bèn roxo. 23.1*).

**TRABALLADOR,-ORA** *s.* Traballador (...*o traballador sedênto, / cando o sol, aceso, pica, / a ti corre... 79.191*).

**TRABALLAR** *v.i.* Traballar; realizar un traballo (*Bèn ditoso é o labrego que se pôda / valer en sí, sin traballar no alleu; 17.2*).

**TRAER** *v.t.* Traer, conducir algo a onde está un (*A que trás, como é tan grande, / lêva dunha vez abondo. 95.3*).

**TRAIADOR,-ORA** *adx.* Traidor, falso (*aloumiñei unha mula / por saber si era traidora. 96.6*).

**TRALLA** *s.f.* Tralla; vara curta cunha correa na punta (*Sin medo â espóra nin da tralla ô estalo, ... 29.1*).

**tranquil[o],-a** *adx.* **1.** Tranquilo, calmo, sosegado (*To despêta do sono / tranquil da noite serea. 19.4*). **2.** Tranquilo; sen inquietude (...*pace tranquil no curro e todo o raña. 29.2*).

**TRAS** *prep.* **1.** Tras, por detrás de (*Por tras do cume do monte / erguéuse a lua a mirar. 94.1*). **2.** Tras, despois de (*Eu vin ir duas volainas / voa, voa, unha tras d-outra. 94.10*).

**trasgolo** *s.m.* Sono sobresaltado (*Cavilando coma un tolo, / entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sôlo... 11.2*).

**TRAXE** *s.m.* Traxe; vestido, aspecto exterior (*Con fariña e con forraxe / teño de facerche un traxe; ... 14.10*).

**TREBÓN** *s.m.* Trebón, troada (*Cando chôve miudo todo é lama; / a auga de trebón limpa a vereda. 92.12*).

**TREMER** *v.i.* Tremer; axitarse (*Soltando-as van, mêntras de frío / trêmen no azul as estreliñas. 60.8*).

**TRIGO** *s.m.* **1.** Trigo (*Terras onde coller, si axuda a sorte, / o mainzo a fartar, trigo e patacas; 17.6*). // *pl.* **2.** Trigo, espiga (*Xa están os trigos dourados / recolleitos e medados. 21.3*).

**TRINTA** *num.* Trinta (*Non me baixóu unha perra / dos trinta, e fixen boa feira. 12.16*).

**trispár** *v.t.* Tripar; pisar (...*os pès ensanguinados / de tris-par tanto seixo; 81.6*).

**TRISTE** *adx.* **1.** Triste; cheo de tristeza (*Xêmes triste da Fol-gueira / no ermo desamparado, / erma e triste codeseira... 9.5*). **2.** Triste; mínimo, insignificante (*Ni-unha falta triste dende a punta ô cabo; ... 16.9*).

**TRISTEIRO,-A** *adx.* Tristeiro; triste (*Fêntiño prisioneiro, / que esvaído e tristeiro, ... 43.4*).

**TRISTURA** *s.f.* Tristura; tristeza (*¿E de noite? ¡qué medo! ¡qué tristura!. 38.1*).

**trunfal** *adx.* Triunfal (*bendita seña a trunfal / luz do sol, ... 74.1*).

**trunfo** *s.m.* Triunfo; éxito (*Si chego, un trunfo máis. / si morro, un home menos. 84.13*).

- UBRE** *s.m.* Ubre (...*os meus fillos hei mantêr / co leiteño do teu ubre*. 13.24).
- UCHA** *s.f.* Hucha; arca grande para garda-lo gran e outras cousas (...*hei-te pôr de boa pelaxe / co millo da miña ucha*... 14.12).
- ULIR** *v.t.* Ulir; percibi-lo cheiro de algo (*O dono do meu querer / ha de ser tanto do xeito / que seipa ulir unha flor / sin-a murchar co alênto*. 96.3).
- UN,UNHA** *indef.* Un, unha (*Cavilando coma un tolo*,... 11.1) (*Mérca unha puchiña, diaño, / anque seña coma un año*,... 12.6) (*Que inda teño / unhas gotas de sangue*... 82.18).
- VACA** *s.f.* Vaca (...*hei facer dela unha vaca / coma as millores da aldeia*. 13.7).
- VAGALUME** *s.m.* Vagalume (*Bendita a luz da mañá / e o lume do vagalume / que alumina na escuridá*. 74.17).
- VALADO** *s.m.* Valado, muro; valo (*Entre medias das silvas dun valado / (...)/ vivía unha violeta*... 49.1).
- VALER** *v.i.* 1. Valer, servir para (*¿Ou non val Pèpe d'Hermida / mais que pra tirar dun raño?*. 12.5). // *v.p.* 2. Valerse, ser autosuficiente (*Bèn ditoso do labregó que se pôda / valer en sí, sin traballar no allêu*; 17.2).
- VARA** *s.f.* Vara; pao delgado (...*que digan os homes: ja vara nacêr*; ... 16.10).
- VECIÑO,-A** *s.* Veciño, que viven xuntos (*E crido no consello do veciño*,... 48.11) (*No medio dun campeiro / ... veciños que, ô parcer, ben se querían*,... 47.3) (*È no curral seus rezos marmullan duas veciñas*... 36.5).
- VEIGA** *s.f.* Veiga; terreo á beira dun río (*Detrás dos curros, no fondal da veiga, / a carballeira dôrmese*. 37.1).
- veira** *s.f.* 1. Beira, parte lateral dun camiño, río, etc. (*salen tocar as frautas ás veiras dos camiños*; 35.3). // *prep.* 2. A carón de, pola beira de (*Ô pasar veira do río / Rôsa unha rôsa tirôu*; 94.13). **Á túa veira**; á túa beira, ó teu lado, ó teu carón (*Déixa-me pôr á tua veira / miña santa poetisa*... 78.19).
- VELLO,-A** *adx.* 1. Vello; antigo (*Coma un señor nos vèllos pergaminos*... 39.1). 2. Vello, de idade avanzada (*E cando iba salindo, un sapo vèllo*,... 44.1). 3. Vello, gastado polo tempo (*Bendita cruz xa vèlla / que, ô vento, á auga, ô sol*,... 85.17).
- VENDER]***v.t.* Vender (...*vendín vaca cinlleira, / merquéi maronda*. 99.7).
- VENTÁ** *s.f.* Ventá (*Ventás de cara ô sol*... 18.5).
- VENTO** *s.m.* 1. Vento; aire en movemento (*Vèntiño, vènto lixeiro, / fresquiño e arrolador*. 65.1). 2. Vento, aire que se respira (*Quêrs-me tornal-o vènto, / quêrs-me tapal-o folgo*. 92.1).
- VENTUREIRO,-A** *adx.* Ventureiro, espontáneo (*E prantóu a floríña ventureira / ô pé de unha roseira / do seu xardín en flor*. 50.6).
- VER** *v.t.* 1. Ver; percibir co sentido da vista (*Unha man compasiva /vendo-a vivir tan próbe e tan cativa*-59.2). 2. Ver, comprobar (*Hastra ver o que pódo. / Hastra ver a onde chego*. 84.8). // *v.p.* 3. Verse; observarse (*A roseira orgullosa / de ver-se tan pomposa*... 50.10).
- VERDE** *adx.* 1. Verde, desa cor (*Tèn caxigos pra cestos e talêgas /verde e espeso o follax*... 37.7). 2. Verde; que non está seco ou maduro (*O vènto tèn mans ruiñas / acariña as follas verdes / e as secas arremuiña-as*. 98.2).
- VERDEGAR** *v.i.* Verdegar; verdear; poñerse de cor verde (*Bendita a auga do río / que fai verdegar o prado / e fai andar o muíño*. 74.5).
- vereda** *s.f.* Vereia; carreiro (*Cando chòve miudo todo é lama; / a auga de trebón limpa a vereda*. 92.12).
- VERME** *s.m.* Verme; animal invertebrado (*A mazá criara o vèrme*;... 95.15).
- VERSO** *s.m.* Verso (...*déixa-me pôr de ti prèto, / miña santa poetisa, / que quèro oir os teus vèrsos*,... 78.5).
- VERTER]** *v.t.* Verter; ciscar (*Gaitiña, gaita riseira / que vas vertendo no âr / a risa da muiñeira*... 63.2).
- VESTIDO** *s.m.* Vestido; roupa (...*o vestido resgado, / e as pèrniñas tremendo*... 82.1).
- VEZ** *s.f.* Vez. **Dunha vez**; de cada vez (*A que trás, como é tan grande, / lèva dunha vez abondo*. 95.3). **Às veces**, por veces (...*ti consonas / esas nôtas cristiãinas /-às veces laios e bágoas, / às veces beixos e risas*-78.9).
- VIAXADA** *s.f.* Viaxe (...*botóu-se á corredoira / e marchou de viaxada*. 32.5).
- VIDA** *s.f.* 1. Vida, espacio de tempo que se vive (*Mérca unha puchiña, diaño, / anque seña coma un año, / pra empezal-a nôsa vida*. 12.8). 2. Vida, estado ou actividade dun ser vivo (*Bednita a Vida e o Amor*. 75.4). 3. Vida, vitalidade (*Deixa que corra a tua auga / pol-a pradèla sin vida*,... 80.14).
- VIÉIRO** *s.m.* Vieiro, vereia, carreiro (*Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro*,... 39.3).
- VIOLETA** *s.f.* Violeta; flor (*Entre medias das silvas dun valado / -floriña ventureira- / vivía unha violeta*... 49.3).
- VIOLÍN** *s.m.* Violín, instrumento músico (...*tocando aquí e alí sua tocata sin fin, / vai o cego tocando / o violín*. 33.7).
- VIR** *v.i.* 1. Vir, proceder (...*nadia di coma o pelo / se vèn de man próbe o gado*. 12.24). 2. Vir, dirixirse a onde está o que fala (*Henchendo as corredeiras vèn a avenza pra á casa*. 36.2). 3. Vir, chegar (*O sol desque vèn o invèrno / sèmpre está descolorido*. 93.15). **Vir+ inf.** perífrase aspectual (*Da chouza nun escuro corruilliño, / vèu nacer, casualmentes, un fèntiño*. 43.2).
- viravoltas** *s.m.* Viravoltas; viraventos (*O teu sopro voandeiro, / viravóltas argalleiro*,... 27.14).
- virxen** *adx.* Virxe, en estado puro, non tocado (...*nèboa virxen*,... 26.17).
- VIVIR** *v.i.* 1. Vivir, existir (*Cansado de vivir chòra que chòra*,... 43.7). 2. Vivir, morar, habitar (*Entre medias das silvas dun valado / (...)/ vivía unha violeta*... 49.3). // *v.t.* 3. Vivir, levar un certo tipo de vida (...*xuntos en paz vivían / sua vida aldeán*... 47.4). // *s.m.* 4. Vivir, vida (*En ti vexo o meu porvir, / o empèzo do meu vivir*,... 14.3).
- VIVO,-A** *adx.* Vivo, que ten vida (*Diòl-o arrequète no forno e nos agros / e día gozo d'èl a vivos e finados*... 24.15).
- VOANDEIRO,-A** *adx.* Voandeiro; que non está fixo (*O teu sopro voandeiro, viravóltas argalleiro*,... 27.13).
- VOAR** *v.i.* Voar, sosterse ou desprazarse polo aire (*Eu vin dúas volainas / voa, voa, unha tras d-outra*. 94.10).
- volaina** *s.f.* Volvoretta (*Eu vin ir dúas volainas / voa, voa, unha tras d-outra*. 94.9) (*O pensar da volainiña / é moi bonito pensar; /hastra que atópa unha flor / nunca se quèr apousar*. 96.9).
- VOLTA** *s.f.* 1. Volta, xiro (*Debecido, borrachón, / que das*

- vóltas nun pé sólo...* 25.2). **2.** Volta, regreso (*A de atrás paróuse un pouco, / a de diante deu a volta.* 94.12). **3.** Volta, rodeo (*Qên queira chegar bèn lonxe / ¡cántas vóltas tèn que ir dando!* 96.16). **4.** Volta, curva dun río (*Vólta aquí e vólta alá / vai o río andando, andando.* 96.13).
- VOLTAR** v.i. Voltar; retornar (*¡Fóron-che festas, gaitiña, / que non terán de voltar!* 64.5).
- VOLVER** v.p. Volverse, converterse en (*Como non tèn que lle dar / a pròbe vólvese tola.* 70.10).
- VÓS** Forma tónica do pronome persoal de 2ª persoa plural (*¡Sodes vós as flores miñas!* 56.6).
- VOSTEDE** Forma tónica do pronome persoal de 2ª persoa de uso respectuoso (*Pro, señor fênto, ¿pra ónde vai vostede?* 44.5).
- vrân** s.m. Verán (*Na eira arrecènde a vrân.* 22.1).
- XA** adv. *Xa* (*Xa témol-a anada enteira/ na eira.* 21.1).
- XACER** v.i. Xacer; quedar postrado (*Bebe uga fría / que si beberas / mouro ribeiro / cèrto xaceras...* 25.8).
- XARDÍN** s.m. Xardín (*Ó xardín fun por flores, / reñeu-me o xardineiro.* 92.5).
- XARDINEIRO,-A** s. Xardineiro (*Ó xardín fun por flores, / reñeu-me o xardineiro.* 92.6).
- XEITO** s.m. Xeito; modo; maneira de ser (*O dono do meu querer / ha de ser tanto do xeito / que seipa ulir unha flor...* 96.2).
- XEITOSO,-A** adx. Xeitoso, apropiado, axeitado (*Pulida e xeitosa. Quèro unha aguillada...* 15.7).
- XEMER** v.i. Xemer; manifestar pena ou dor (*Xémes triste da Folgueira / no ermo desamparado...* 9.5) (*A mèsma Noite xème en seus ramallos;* 38.2).
- XENEGAR** v.p. Xenegar; mover, sacudir (*¡Qué fai sin xenegarse, sèmpre inmobre?* 40.1).
- XENTE** s.f. Xente; conxunto de persoas (*Deixái-no, que vai tolo- / a xente marmulóu.* 85.2).
- XIGANTE** s.m. Xigante (*...parés / un gran xigante que caíu ferido...* 39.6) (*-cal xigantón inmènso e ó lado un neno-* 47.6).
- XIGANTÓN.** V. **XIGANTE.**
- XORNAL** s.m. Xornal, salario (*...á conta dos meus xornás / merquéi òntes na Barqueira.* 12.12).
- XUNTO,-A** adx. Xunto, reunido (*...repousan os pantasma todos xuntos.* 38.4) (*As comadres do lugar / foron lavar todas xuntas.* 98.5).
- ZANCA** s.f. Zanca; perna longa do home ou dun animal (*...esperguizóu-se o hòme, / estiróu bèn as zancas...* 32.3).
- ZARZALLAR** v.i. Zarzallar; chuviañar (*¡Qué bonito neboeiro / teu lixeiro / zarzallar!* 27.3).
- ZOAR** v.i. Zoar; zuni-las abellas ou outros insectos (*Pasan zoando por entre os maciñeiros / os roncos.* 35.5).
- ZOUPAR** v.t. Zoupar; bater, dar golpes (*Parés que quèr matal-o àr / zoupa que zoupa sèmpre n-él.* 59.5).